



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 17 de novembro de 2023 (1573/1102)

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día dezasete de novembro de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A concelleira Sra. Aguiar Castro incorpórase no punto 7 da orde do día e a Sra. Caride Estévez no punto 20.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(929).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbbase a acta da sesión acta das sesións extraordinarias e urxentes do 7 e 10 de de novembro e ordinaria do 10 de novembro de 2023 . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(930).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓN XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDEMENTOS. EXPTE. 16349/111.

Dáse conta do informe-proposta de data 14/11/2023, asinado pola titular de asesoría xurídica municipal e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

A) RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE XURISDICCIONAL CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA

1.- Contencioso

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación presunta de reclamación (Bombeiros). Atrasos por horas extras e dano moral por anulación do Decreto de 06/02/2019

Contía: Indeterminada

Ref. Asesoría Xurídica	Núm. Recurso Apelación	Núm. Sentenza	Data Sentenza	Procedemento de orixe (XC-A nº 1 Vigo)
15416/111	136/2023	723	10/10/2023	PO nº 190/2020
16002/111	308/2023	728	10/10/2023	PO nº 208/2020

Estas sentenzas, que non son firmes pero contra as que só é posible interpoñer recurso de casación, inadmiten os recursos por razón da contía, conforme á alegación que se fixo valer pola representación do Concello.

Trátase do segundo recurso de apelación promovido polo demandante, funcionario do SPEIS, contra a sentenza do XCA 1 de Vigo, e que forma parte dunha relación de máis de medio cento de recursos conexos, resoltos polo XCA 1 e 2 de Vigo.

A Sala do TSXG considera, con respecto á contía, que a condena non superaría os 30.000 euros, en concepto de diferencias de cantidade con relación ao abono das gratificacións por servizos extraordinarios, atendendo ao resultado estimatorio parcial da sentenza que apelou (STS 8/6/2020).

Canto á reclamación de responsabilidade patrimonial, por importe de 25.000 euros, a Sala resolveu que ao non declararse a inadmisibilidade do recurso contencioso nese aspecto na resolución de instancia, entende que o recurso de apelación é igualmente inadmisibile, ao non exceder a reclamación por dano moral de 30.000 euros.

A Área de Recursos Humanos e a de Seguridade, xunto coa Xefatura do SPEIS, deben coñecer do resolto.

2.- Contencioso. Expediente nº 15442/111

Sentenza nº 66 do 26 de maio de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 345/2022

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Acordo da XGL do 23/09/2022 que aproba a RPT correspondente ao ano 2022

Expte(s): 1690/110, 40642/220 e 39998/220



Concello de Vigo

Contía: Indeterminada

A sentenza, non firme, desestima o recurso ao considerar que o posto de traballo recollido na RPT como licenciado en dereito adscrito á área de benestar social se corresponde coa categoría profesional recoñecida ao demandante na xurisdición social como persoal laboral indefinido, sen que se recolla ningunha outra especialidade e sen que poida equiparase co posto de funcionario de asesor xurídico.

Fronte a dita sentenza o recorrente interpuxo recurso de apelación perante o TSXG.

Debe coñecer o resolto o departamento de RRHH.

3.- Contencioso. Expediente nº 15555/111

Sentenza nº 215 do 14 de setembro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 50/2023

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Acordo da XGL do 16/12/2022 polo que se rexeita ofrecemento do chamamento como TAX con carácter temporal.

Expte(s): 40843 /220

A sentenza desestima o recurso presentado por unha funcionaria de carreira (C2) contra a resolución da concelleira delegada de Persoal do 12.12.2022 consonte non procede o ofrecemento do chamamento como técnico de administración xeral nin a declaración de excedencia, declarando acorde co ordenamento xurídico a resolución recorrida.

A sentenza no FX 3º remítese a motivación da resolución recorrida considerando que os Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola XGL -nos que sustenta a decisión recorrida- son conformes tanto coa regulación existente en materia de situacións administrativas como na normativa en materia de función pública que regula o recurso ao persoal interino. Cita asemade a sentenza 153/2023 do XCA2 que tamén se pronunciou sobre ditos criterios.

A sentenza, que non efectúa expresa imposición de custas procesuais, atópase impugnada en apelación.

Debe coñecer o resolto a Área de RRHH e Formación en relación co expediente 40843-220.

4.- Contencioso. Expediente nº 15008/111

Sentenza nº 222 do 18 de setembro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 242/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Acordos da XGL de datas 2 e 23 de xuño de 2022 desestimatorios dos recursos formulados contra a declaración definitiva como non apta na proba de aptitude física no proceso selectivo correspondente a prazas de policía local.

Expte(s): 39161/220 e 40087/220

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso interposto pola demandante e impón as custas do procedemento. Impugnada en apelación.

A sentenza lembra o réxime xurídico dos procesos selectivos e considera que neste caso a proba cuestionada -de salto- no proceso selectivo -Policía Local- se realizou de modo correcto. Non se separou das bases o órgano de selección nin tampouco se pode considerar que a demandante tivese un trato desigual con respecto a outros aspirantes.

A proba videográfica acredita que non cumpriu co requisito establecido nas bases da convocatoria para considerala apta, polo que procedía a súa exclusión do procedemento por tratarse dunha proba eliminatoria.

A Área de RRHH e formación debe coñecer do resolto.

5.- Contencioso. Expediente nº 15743/111

Sentenza nº 648 do 20 de setembro de 2023

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 242/2023

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Desestimación por silencio do recurso de reposición formulado o 27/08/2021 fronte á desestimación da solicitude de recoñecemento do dereito a percibir os complementos de festividade e nocturnidade durante os períodos de vacacións, incapacidade temporal, asuntos propios e demais permisos retribuídos, así como o abono dos atrasos correspondentes, así como fronte á desestimación por silencio de solicitude relativo ao sistema retributivo de horas extraordinarias

Expte(s): 35363/220 e 41386/220

Contía: Indeterminada

Sentenza non firme do TSXG, pola que se desestima o recurso de apelación interposto polo Concello de Vigo contra a sentenza do xulgado contencioso administrativo núm. 2 de Vigo. A sentenza do TSXG confirma a de instancia que establecía: (1) o recoñecemento do dereito do actor (funcionario do Corpo da Policía Local) a percibir os pluses de festividade e nocturnidade durante os períodos de vacacións, situacións de incapacidade temporal, días de libre disposición e demais permisos retribuídos; (2) a fórmula de cálculo das horas extraordinarias debe utilizar como base de cálculo os días efectivamente traballados cada mes e non trinta; (3) o prazo de prescrición do período que comprenden as cantidades reclamadas é de 5 anos, e non de 4, ao abeiro do Decreto Lexislativo 1/1999. Impón ao apelante a cantidade de 1.000 euros en concepto de custas. Contra esta sentenza cabe recurso de casación.

Debe coñecer esta resolución o Servizo municipal e Concellería de RRHH.

Procedemento de orixe:

RC-A nº 353/2022 PA XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 80 de 30/03/2023, estimatoria

6.- Contencioso. Expediente nº 15444/111

Sentenza nº 649 do 20 de setembro de 2023

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 137/2023

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo



Concello de Vigo

Obxecto: Resolución da Concelleira-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, do 27/07/2022, desestimatoria da solicitude de declaración de excedencia por incompatibilidade por prestación de servizos no sector público

Expte(s): 39821/220 e 40145/220

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, resolta en segunda instancia polo TSXG, desestima o recurso interposto polo Concello de Vigo contra a sentenza de instancia, e a confirma.

Ademais de resolver por remisión ao mesmo Tribunal, como fixera a sentenza de instancia, entende que procedía que se declarase en situación de excedencia por prestación de servizos no sector público ao demandante por parte do Concello de Vigo.

Entende que a interpretación correcta da Lei de incompatibilidades estatal e da Lei de emprego público de Galicia é esa, xa que conforme ao criterio municipal, se solicitaría polo funcionario dúas veces a declaración de excedencia.

A Área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto e executar a sentenza, firme xa.

Procedemento de orixe:

RC-A nº 282/2022 PA XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 1 de 11/01/2023, estimatoria, comunicada na sesión da XGL do 23/02/2023

7.- Contencioso. Expediente nº 14079/111

Sentenza nº 238 do 25 de setembro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 335/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución de declaración de xubilación como consecuencia automática da resolución do INSS, de recoñecemento de prestación de incapacidade permanente en grado de total

Expte(s): 38240/220

Esta sentenza que se comunica, firme, estima en parte o recurso, anulando unicamente o contido da resolución que declaraba que o demandante non tiña reserva de posto de traballo.

A resolución impugnada declarou a xubilación do demandante, por mor dunha resolución do INSS de incapacidade permanente en grao total, sen reserva de posto de traballo en caso de que desapareza a causa de incapacidade e solicite a rehabilitación da condición de funcionario.

A sentenza declara que a xubilación se produce por ministerio da lei, conforme á normativa de función pública, polo que os alegatos de que o Concello tiña que tramitar un pase á segunda actividade, carecen de sustento.

Unicamente estima a demanda no aspecto relativo á reserva do posto de traballo, ao transcribir o contido do art. 69.1 da Lei 2/2015 autonómica que establece, que se no prazo de dous anos a persoa declarada xubilada por incapacidade permanente solicita a súa rehabili-

tación como funcionaria pública, dentro do prazo deses dous anos se reincorporará ao último posto de traballo ocupado con carácter definitivo.

A Área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.

8.- Contencioso. Expediente nº 15669/111
Sentenza nº 669 do 27 de setembro de 2023
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Recurso de apelación: 252/2023
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo
Obxecto: Acordo da XGL do 14 de xullo de 2022, que aprobou o plan de formación dos empregados/as municipais para o ano 2022.
Expte(s): 39402/220
Contía: (Indeterminada) 18.000,00 €

Esta sentenza, ditada pola Sala do TSXG no recurso de apelación, resulta firme, posto que versa fundamentalmente sobre a interpretación dun artigo do convenio colectivo/acordo regulador, e non hai posibilidade de posteriores recursos contra a mesma.

A sentenza desbota os motivos de recurso alegados pola representación municipal e impón as custas do procedemento, ratificando a sentenza de instancia, que anulou a resolución de aprobación do plan de formación do ano 2022.

A sentenza do TSXG considera que non se respectou o contido do art. 42 do CC/AR, por canto a iniciativa e participación debe ser da comisión paritaria de formación, e no canto diso, esa iniciativa partiu dun grupo de traballo, e só despois se convocou a comisión paritaria.

Recoñece que se procedeu á votación do plan de formación e se aprobou por maioría, pero a elaboración a considera como unilateral por parte dos grupos técnicos municipais. O funcionamento da comisión paritaria non se pode substituír por un proceso de enquisas previo e as achegas das organizacións sindicais, que é o que considera que aconteceu, recollido mesmo no certificado do acordo da mesa de negociación do 14/7/2022.

Tamén se pronuncia sobre a circunstancia de que a Lei de emprego de Galicia establece, xunto co TREBEP que só serán obxecto de negociación os criterios xerais dos plans e fondos de formación, valorando que neste caso non existiu tal negociación previa posto que foron os grupos técnicos os que tomaron a iniciativa e elaboraron todo o contido do plan de formación.

Finalmente considera que non se respectou o principio da boa fe comercial nese procedemento.

A Área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.

Procedemento de orixe:
RC-A nº 273/2022 PA XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 61 de 09/03/2023 , estimatoria, comunicada na sesión da XGL do 01/06/2023



Concello de Vigo

9.- Contencioso. Expediente nº 15963/111
Sentenza nº 194 do 1 de setembro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 178/2023
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, da reclamación de RPA polos danos sufridos cando circulaba no seu patinete eléctrico pola rúa Ronda de Don Bosco
Expte(s): 6914/243

A sentenza estima parcialmente o recurso contra unha desestimación presunta de reclamación de responsabilidade patrimonial por un accidente nun patinete pola existencia dun bache na calzada.

Considera que está acreditada a relación de causalidade se ben atribúese a empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento y saneamento de agua, Aqualia, por ser a que executou a obra de e tiña pendente de realizar os traballos de reposición do asfaltado de la vía e isto provocou a aparición de baches.

Ademais apreciase unha concorrencia de culpas ao intervir tamén na produción do accidente a culpa da vítima ao non conducir coa debida atención e en base a isto a compártese a responsabilidade ao 50%.

En consecuencia condénase a concesionaria a abonar 700,81 € (50% da cantidade fixada como indemnización) mailos xuros.

Debe coñecer o resolto o departamento de Patrimonio-Responsabilidade patrimonial e executar a sentenza, posto que é firme.

10.- Contencioso. Expediente nº 15023/111
Sentenza nº 218 do 18 de setembro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 261/2022
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, da reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos sufridos por mor dun golpe cun contenedor soterrado sito na rúa Cruz Blanca nº 2
Expte(s): 6561/243
Contía: 9.787,36 €

A sentenza, que é firme, estima parcialmente o recurso no relativo á petición de que a concesionaria é responsable do abono dos intereses legais da suma indemnizatoria recoñecida dende a data da reclamación administrativa (30/09/2021) ata o completo pago.

Polo demais, a sentenza considera axustada a decisión administrativa de apreciar concorrencia de culpas ao 50 por cento entre a recorrente e a concesionaria na produción do dano (FX 2º) e asemade considera axustada ao ordenamento xurídico a suma indemnizatoria recoñecida na resolución administrativa (FX 3º).

A sentenza non contén pronunciamento sobre as custas ao tratarse dunha estimación parcial; e non é susceptible de recurso.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Patrimonio en relación co expte 6561-243.

11.- Contencioso. Expediente nº 15103/111
Sentenza nº 225 do 18 de setembro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 285/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta por silencio administrativo da reclamación polos danos causados ao vehículo pola caída dunha árbore, cando se atopaba estacionado na rúa Marqués de Alcedo

Expte(s): 6432/243

Contía: 6.122,87 €

A sentenza, firme, desestima o recurso por canto considera que a resolución administrativa de estimación parcial de responsabilidade patrimonial é axustada a dereito en canto a contía a indemnizar (valor de mercado do vehículo incrementado nun 40% como valor de afección) e sen que se cuestione a declaración de responsabilidade da contratista encargada do servizo de conservación e reposición do parque O Castro ao derivarse os danos da caída dunha póla dunha árbore.

Debe coñecer o resolto o departamento de Patrimonio-Responsabilidade patrimonial.

12.- Contencioso. Expediente nº 16053/111
Auto nº 74 do 21 de setembro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 171/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, da reclamación de RPA polos danos causados ao vehículo por un socavón sito na rúa Primeira Travesía de Barreiro nº 37

Expte(s): 6799/243

Contía: 411,32 €

Auto firme polo que se declara terminado o procedemento por satisfacción extraprocesual, por canto a cantidade reclamada pola demandante, polos danos padecidos no seu vehículo, por importe 411,32 euros, como consecuencia do mal estado no que se atopaba a tapa de rexistro de saneamento, foi aboada por Aqualia SA finalmente por importe total de 339,93 euros, como responsable do mantemento da tapa de rexistro do saneamento municipal que provocou o dano, segundo manifestou a demandante.

Darase traslado desta resolución ao servizo de Patrimonio para o seu coñecemento.

13.- Contencioso. Expediente nº 13502/111
Sentenza nº 224 do 18 de setembro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Ordinario: 95/2021

Demandante/Recorrente: Empresa



Concello de Vigo

Obxecto: Acordo da XGL de 29/01/2021, sobre liquidación do lote 2 do contrato para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade.

Expte(s): 6370/241

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme (recorrida en apelación), resolve o recurso presentado pola representación de Cocheras Olívicas de Puentes SAU en liquidación contra a resolución da XGL do 29/1/2021, que resolveu a liquidación do contrato (lote 2 do contrato de concesión de servizo público de aparcadoiros soterrados).

A sentenza ten en conta a particular situación da parte demandante: empresa contratista en situación de insolvencia declarada en concurso e xa en fase de liquidación. A partires disto considera que o importe das obras executadas para a construción dos aparcamentos é practicamente coincidente entre a indicada pola parte actora e a que figura en informes incorporados aos expedientes municipais.

Se ben ten en conta non se iniciou a construción do aparcamento de Rosalía de Castro I e o de Rosalía de Castro II comezada pero volveuse a aterrar, valorando en 15.579.394,76 euros o prezo das obras que pasarán a propiedade municipal. A esta cantidade resta o importe informado e ratificado por peritos contratados en atención ao estado das instalacións e das variacións sobre os proxectos aprobados.

Canto á data a considerar para a amortización, a sentenza considera que debe considerarse a data de resolución do contrato, no canto da do Auto do Xulgado do Mercantil que acordou o cese da actividade, que foi a tomada polo Concello.

Hai determinados conceptos, deducidos do importe inicial por parte do Concello, que considera esta sentenza que non procede minorar, como o beneficio industrial ou os gastos xerais, porque considera que a STS alegada non é de aplicación a este caso. Outro tanto sucede coa cantidade determinada tendo en conta que a resolución anticipada do contrato comportou a tramitación dun novo procedemento de licitación, recollendo a sentenza que esta cantidade a modo de danos e prexuízos non se contempla na normativa que regula este contrato.

Canto aos xuros, considera que son de aplicación os legais, e non procede engadir dous puntos a ese tipo como se pretendía.

O Servizo de Transportes, o de Contratación, e a Tesouraría deben coñecer do resolto.

14.- Contencioso. Expediente nº 15321/111

Sentenza nº 236 do 22 de setembro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 350/2022

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Resolución da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo do 18/11/2022, ditada no expediente administrativo nº 43577/212 sobre interposición de penalidades en relación coa prestación do subministro en réxime de arrendamento de vehículos para a Policía Local

Expte(s): 43577/212

A sentenza, firme, estima parcialmente o recurso en canto á imposición da penalidade por mora no cumprimento da obriga contractual de someter os vehículos da Policía Local da súa propiedade cedidos en réxime de renting ao Concello ao considerar que é aplicable o recollido nos pregos e ao tratarse dunha "infracción" leve produciuse a prescrición.

Desestimase o recurso no relativo ao reintegro de 800 euros dos 1.600,00 euros abonados polo Concello de Vigo á Xefatura Provincial de Tráfico polas 8 sancións impostas por non pasar a ITV periódica en prazo ao considerar que era unha obriga da contratista e que no era precisa ningunha comunicación por parte do Concello.

Deben coñecer o resolto os departamentos de Seguridade e de Contratación.

15.- Contencioso. Expediente nº 15962/111
Sentenza nº 191 do 1 de setembro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 151/2023
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución do Concello de Vigo do 15/02/2023, desestimatoria do recurso de reposición formulado contra expediente sancionador.
Expte(s): 305223/280

A sentenza, firme, desestima o recurso ao considerar que a imposición da multa é conforme a dereito ao tratarse dun estacionamento nun carril o parte de vía reservada exclusivamente para o servizo de determinados usuarios, neste caso nunha zona reservada para unha obra delimitada polas correspondentes sinais de tráfico e quedando acreditada a comisión da infracción polo boletín de denuncia así como polas fotografías incorporadas a mesma.

Debe coñecer o resolto o departamento de Tráfico e Seguridade.

16.- Contencioso. Expediente nº 16133/111
Sentenza nº 252 do 6 de outubro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 232/2023
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución da Concelleira-delegada da Área de Seguridade do 26/04/2023, desestimatoria do recurso de alzada interposto contra a sanción imposta no expediente sancionador nº 2022/68759
Expte(s): 306992/280
Contía: 338,26 €

A sentenza desestima o recurso contencioso interposto contra a resolución da concelleira que desestimou o recurso de reposición contra outra resolución previa que impuxo unha sanción de 300 euros e a retirada de 2 puntos da autorización para conducir, pola comisión da infracción de tráfico consistente en circular excedendo en máis de 20km/h ata 30km/h o límite de velocidade.

No recurso pretendíase a nulidade/anulabilidade da resolución invocando que as notificacións non foron realizadas nun "domicilio idóneo".



Concello de Vigo

A sentenza declara axustada a dereito a resolución por considerar que o expediente sancionador en materia de tráfico tramitouse perfectamente axustado a dereito seguindo o establecido na normativa específica reguladora.

A sentenza, que é firme, non efectúa expresa imposición de custas polas dúbidas que xeraba a controversia.

17.- Contencioso. Expediente nº 16196/111
Decreto nº 19 do 21 de setembro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 236/2023
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: resolución sancionadora
Expte(s): 2022/65228

Esta resolución acorda o arquivo do procedemento, por desistencia da parte demandante.

O servizo de Seguridade debe coñecer do resolto.

18.- Contencioso. Expediente nº 16051/111
Sentenza nº 212 do 2 de outubro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 207/2023
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución da Concelleira-delegada da Área de Seguridade do 26/04/2023, desestimatoria do recurso de reposición formulado contra o expediente sancionador nº 2022/55069
Expte(s): 306455/280
Contía: 300,00 €

Sentenza firme do XCA núm 2 de Vigo pola que se desestima o recurso contencioso administrativo interposto pola actora contra a resolución municipal do procedemento sancionador polo que se lle impuxo unha sanción de 300 euros e detracción de 2 puntos por exceso de velocidade. Solicita na súa demanda que a resolución se declare non axustada a dereito por canto (i) non se lle deu traslado do expediente sancionador, o que lle produciu indefensión, (ii) por omisión total e absoluta do procedemento. Recolle o Xulgador que o argumento non é atendible xa que a conformidade a Dereito da actuación municipal é plena, sen que exista ningún vicio de nulidade radical e que (ii) a falta de acceso ao expediente non se alegou na vía administrativa pero que, neste caso é nimia xa que foi solicitado con carácter posterior á presentación do recurso de reposición; (iii) que non houbo impedimento ou negativa municipal ao acceso. Con imposición de custas por importe de 100 euros (sen impostos).

Darase traslado desta resolución ao servizo municipal de Seguridade para o seu coñecemento.

19.- Contencioso. Expediente nº 16062/111
Sentenza nº 253 do 6 de outubro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 207/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do 26/04/2023 desestimatoria do recurso de reposición formulado contra outra ditada no expediente sancionador nº 2022/54787

Expte(s): 306437/280

Contía: 300,00 €

Sentenza firme pola que se desestima o recurso contencioso administrativo interposto pola actora contra a imposición de sanción de tráfico de 200 euros e retirada de dous puntos, por exceso de velocidade na Avda. Clara Campoamor. Solicita a nulidade da resolución impugnada, e a cuestión debatida reside en que (i) no lugar no que se practicaron as notificacións no procedemento sancionador que lle impediu acceder ás mesmas, (ii) que transcorreron mais de 6 meses sen recibir actos no procedemento, polo que entende prescrita a infracción, e que (iii) que non tivo acceso ao expediente o que lle produciu indefensión. Entende a xuíza que a demandante non solicitou o acceso ao expediente, sendo este o proceso adecuado para o acceso aos expedientes nas AAPP, polo que non se produciu a indefensión alegada; no relativo á prescrición e en relación á nulidade pretendida di que resolución municipal do recurso de reposición deu debida e razoada resposta. Imponlle á demandante custas de 100 euros máis impostos.

Darase traslado desta resolución ao servizo municipal de Seguridade para o seu coñecemento.

20.- Contencioso. Expediente nº 15343/111

Sentenza nº 448 do 15 de setembro de 2023

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 4

Recurso de apelación: 15007/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do TE-A do Concello de Vigo do 16-12-2021. Reclamación contra requirimento de pagamento (do art. 177.1. LXT) do IBI 2018-2021

Expte(s): 5424/550, 111051/700

Contía: 5.057,61 €

A sentenza desestima o recurso interposto polo demandante contra a sentenza de instancia, que inadmitira o recurso contra unha resolución do TEA do Concello de Vigo. Non é firme, pero só cabe recurso de casación contra a mesma.

A sentenza de instancia inadmitiu o recurso por extemporáneo, e a Sala do TSXG considera que se axusta a dereito. A proba que se fixo valer polo demandante -informe médico sobre imposibilidade de abrir notificacións oficiais- o valora como feito "ao ditado" e non lle outorga valor probatorio como para invalidar as notificacións practicadas.

Canto ao fondo, considera que a actuación municipal foi axustada a dereito e malia que procedería a inadmisión, resolve desestimando o recurso, sen impoñer as custas.

O TEA debe coñecer do resolto.



Concello de Vigo

Procedemento de orixe:

RC-A nº 225/2022 PA XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 271 de 15/11/2022, inadmisión, comunicada na sesión da XGL do 16/12/2022

21.- Contencioso. Expediente nº 15432/111
Sentenza nº 233 do 20 de setembro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 2/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación do recurso de reposición formulado en materia de liquidación do imposto sobre Bens Inmóveis de Natureza Urbana.

Expte(s): 177624/700 e 5588/550

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, con imposición de custas, validando a inadmisión por extemporaneidade da reclamación económico-administrativa por canto só as entregas de documentos a través do operador ao que se encomenda a prestación do servizo postal universal poden ser consideradas aos efectos de cómputo de prazos de presentación de escritos, reclamacións e recursos.

A Recadación Executiva e o Tribunal Económico-Administrativo deben coñecer o resolto.

22.- Contencioso. Expediente nº 15559/111
Decreto nº 15 do 13 de setembro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 49/2023

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Resolucións desestimatorias do 10/10/2022, ditadas sobre devolución de ingresos indebidos por IIVTNU.

Expte(s): 5634/550 e 5639/550

Este Decreto acepta a desistencia da demandante, xa que tras as Sentenzas do Tribunal Supremo n.º 949/2023, do 10 de xullo (recurso 5181/2022) e a Sentenza n.º 978/2023, do 12 de xullo (recurso 4701/2022), ratifícase a postura municipal relativa á imposibilidade de revisión de situacións xurídicas consolidadas a efectos do IIVTNU anteriores á STC do 26/10/2021 non cuestionadas con anterioridade a dita data.

Os servizos tributarios-IIVTNU e o Tribunal Económico-Administrativo deben coñecer o resolto.

23.- Contencioso. Expediente nº 15571/111
Decreto nº 16 do 18 de setembro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 55/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do TE-A do Concello de Vigo de data 15/12/2022, desestimatoria de solicitude de rectificación de autoliquidacións do IIVTNU

Expte(s): 5627/550 e 65104/514

Este Decreto acepta a desistencia da demandante, xa que tras as Sentenzas do Tribunal Supremo n.º 949/2023, do 10 de xullo (recurso 5181/2022) e a Sentenza n.º 978/2023, do 12 de xullo (recurso 4701/2022), ratifícase a postura municipal relativa á imposibilidade de revisión de situacións xurídicas consolidadas a efectos do IIVTNU anteriores á STC do 26/10/2021 non cuestionadas con anterioridade a dita data.

Os servizos tributarios-IIVTNU e o Tribunal Económico-Administrativo deben coñecer o resolto.

24.- Contencioso. Expediente nº 15563/111
Decreto nº 20 do 20 de setembro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Ordinario: 54/2023
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: Resolución do TE-A de 30/12/2022, desestimatoria de reclamación económico-administrativa formulada contra desestimación presunta de solicitude de rectificación das auto-liquidacións con devolución de ingresos indebidos polo IIVTNU
Expte(s): 5660/550 e 51829/514
Contía: 58.727,39 €

Este Decreto acepta a desistencia da demandante, xa que tras as Sentenzas do Tribunal Supremo n.º 949/2023, do 10 de xullo (recurso 5181/2022) e a Sentenza n.º 978/2023, do 12 de xullo (recurso 4701/2022), ratifícase a postura municipal relativa á imposibilidade de revisión de situacións xurídicas consolidadas a efectos do IIVTNU anteriores á STC do 26/10/2021 non cuestionadas con anterioridade a dita data.

Os servizos tributarios-IIVTNU e o Tribunal Económico-Administrativo deben coñecer o resolto.

25.- Contencioso. Expediente nº 15151/111
Sentenza nº 476 do 19 de setembro de 2023
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 4
Recurso de apelación: 15004/2023
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación presunta. Solicitude de rectificación de autoliquidación do IIVTNU ("parte de mellora")
Expte(s): 63474/514
Contía: 2.133,73 €

Sentenza do TSXG pola que (i) se estima o recurso de apelación en relación á inadmisión de instancia e (ii) se desestima o recurso de apelación en relación ao fondo do asunto. Entende o TSXG que o xulgador de instancia non debeu inadmitir a demanda e desestima a pretensión do recorrente por canto a súa liquidación do IIVTNU era unha situación consolidada que non podía ser obxecto de revisión consonte o establecido por sentenza do TC o 26 de outubro de 2021 que declarou inconstitucional o método de cálculo. Cabe recurso de casación.

Darase traslado desta sentenza ao servizo municipal de ingresos e á correspondente concellería.



Concello de Vigo

Procedemento de orixe:

RC-A nº 112/2022 PA XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 254 de 13/10/2022, inadmisión, comunicada na sesión da XGL do 01/12/2022

26.- Contencioso. Expediente nº 15420/111

Sentenza nº 247 do 29 de setembro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Ordinario: 4/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do 1512/2022 ditada polo TEA do Concello de Vigo, desestimatoria da reclamación de solicitude de rectificación de autoliquidacións e devolución de ingresos indebidos, polo Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana.

Expte(s): 5636/550 e 55977/514

Contía: 31.653,09 €

Esta sentenza desestima o recurso, validando a actuación municipal, ao tratarse de situacións xurídicas consolidadas non susceptibles de revisión en relación co IIVTNU, validando a actuación municipal. Non é firme.

Os servizos tributarios-IIVTNU e o Tribunal Económico-Administrativo deben coñecer o resolto.

27.- Contencioso. Expediente nº 16055/111

Sentenza nº 246 do 29 de setembro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 194/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución de 21/03/2023, desestimatoria de reclamación económico-administrativa (rectificación de autoliquidación e devolución de ingreso indebido IIVTNU, referencia PB.100.21.2)

Expte(s): 5758/550 e 67834/514

Contía: 4.039,55 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, validando a actuación municipal, ao tratarse de situacións xurídicas consolidadas non susceptibles de revisión en relación co IIVTNU, validando a actuación municipal.

Os servizos tributarios- IIVTNU e o Tribunal Económico-Administrativo deben coñecer o resolto.

28.- Contencioso. Expediente nº 16068/111

Sentenza nº 245 do 29 de setembro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 201/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do TE-A do 26/04/2023 desestimatoria de recurso formulado contra a desestimación da impugnación da liquidación PV 2698/21, do IIVTNU e da solicitude de ingresos indebidos

Expte(s): 5785/550 e 57716/514
Contía: 946,82 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso e valida a actuación municipal, ao tratarse dunha situación xurídica consolidada a efectos o IIVTNU non revisable.

Os servizos tributarios-IIVTNU e o Tribunal Económico-Administrativo deben coñecer o resolto.

29.- Contencioso. Expediente nº 14995/111
Sentenza nº 102 do 24 de marzo de 2023
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3
Recurso de apelación: 7135/2022
Demandante/Recorrente: Empresa e Concello de Vigo
Obxecto: Desestimación presunta da solicitude do 28-7-2020 e acordos da XGL do 19-2-2021 e 18-5-2021.
Expte(s): 615/441
Contía: Indeterminada

Sentenza firme ditada polo TSXG pola que se desestiman os recurso de apelación formulados pola demandante e polo Concello de Vigo contra a sentenza do Xulgado do Contencioso-administrativo núm. 2 de Vigo núm. 201 do 1 de setembro de 2022 (PO 56/2021), pola que se estimaba parcialmente o recurso interposto polo RC Celta de Vigo SAD e se declaraba disconforme a dereito, se anulaban e revogaban os acordos da XGL do 19 de febreiro e 18 de maio de 2021, e se ordenaba a retroacción das actuacións ao instante anterior ao seu ditado, co fin de que se tramite e resolva a solicitude de subvención conforme a dereito. Na sentenza non se comparten os postulados contidos na demanda pero tampouco se respalda plenamente a actuación do Concello (entendendo que a súa resolución adolece dun vicio de anulabilidade por carecer de fundamento), de aí que se estime a pretensión da segunda demanda consistente na anulación do acordo do 18 de maio de 2021 por razóns puramente formais mais que materiais ou de fondo. Sen custas.

Darase traslado de ámbalas dúas sentenzas ao servizo de Fomento para o seu coñecemento e cumprimento.

Procedemento de orixe:
RC-A nº 56/2021 PO XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 201 de 01/09/2022, estimatoria parcial, comunicada na sesión da XGL do 14/10/2022

30.- Contencioso. Expediente nº 15015/111
Sentenza nº 153 do 31 de xullo de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 272/2022
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Reclamación da nulidade da acta de inspección nº 08735 emitida por FCC AQUA-LIA, por derivación do caudal e liquidación correspondente por importe de 5.095,80 €.

A sentenza, firme, desestima o recurso ao considerar que a liquidación practicada por fraude no servizo de abastecemento de auga, por derivación de caudal mediante conexión directa a



Concello de Vigo

acometida sen pasar por contador é incuestionable e a consecuencia xurídica aplicada deriva do Regulamento do servizo municipal de abastecemento e saneamento de Vigo e da correspondente ordenanza fiscal e sen que na tramitación do procedemento existise vulneración do dereito de defensa.

Deben coñecer o resolto os departamentos de Fomento/Servizos Xerais e de Dirección de Ingresos.

31.- Contencioso. Expediente nº 13030/111

Sentenza nº 239 do 25 de setembro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Ordinario: 236/2020

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: Acordo da XGL de 03/07/2020 polo que se inadmite a solicitude de declaración de nulidade de pleno dereito sobre "Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e a humanización e transformación peonil da actual rede viaria e do servizo de mantemento das instalacións"

Expte(s): 393/441

Contía: Indeterminada superior a 30.000,00 €

A sentenza, non firme, desestima o recurso no que se pretendía a declaración de nulidade do proxecto de obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol ao considerar que xa na resolución administrativa recorrida foron exhaustivamente examinadas e desbotadas as causas de nulidade alegadas polos recorrentes e que o Xulgador confirma en todos os extremos. Con imposición de custas aos demandantes.

Debe coñecer o resolto a Área de Fomento.

32.- Contencioso. Expediente nº 16215/111

Auto do 27 de setembro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Peza separada de medidas cautelares (Abreviado: 266/2023)

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Acordo da XGL do 30/06/2023 polo que se aprobaron as listas definitivas de adxudicación, reserva e denegación da convocatoria do Programa Municipal de Inmersión da Lingua Inglesa "Vigo en Inglés 2023"

Expte(s): 44937/332

Contía: Indeterminada

O Auto desestima a medida cautelar solicitada pola recorrente e que consistía en que se incorporase á súa filla ao plan de viaxe do alumnado do seu centro educativo do programa "Vigo en Inglés 2023", o motivo da súa non inclusión na lista definitiva fora non aceptar e realizar o pagamento en prazo.

Así, o devandito Auto sintetiza os requisitos de adopción das medidas cautelares: un positivo, que a execución do acto fixese perder a finalidade lexítima do recurso e outro negativo e excepcional, que a medida cautelar non orixine perturbación grave aos intereses xerais ou de terceiro.

De maneira que, atendendo ao caso concreto considera que non se acredita a concorrencia destes requisitos: (i) non se acredita a aparencia de bo dereito (fumus boni iuris) dentro dos estreitos marxes establecidos pola xurisprudencia para o xuízo cautelar, sen prexuízo de que os motivos da recorrente serán analizados na sentenza do fondo; (ii) non se acreditan os prexuízos de imposible ou difícil reparación que se lle causan á recorrente e pretende unha medida cautelar positiva que suporía o recoñecemento do dereito e podería prexudicar ao dereito dunha terceira persoa en concorrencia; e, (iii) non é dable predicar un interese superior da parte actora fronte ao interese público que representa a Administración municipal.

33.- Contencioso. Expediente nº 13471/111

Providencia do 4 de outubro de 2023

Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de casación: 6252/2022

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Resolución do Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, 2ª liquidación 2020-Centros de Día (Teis, Coia, e Valadares).

Contía: Indeterminada

Esta resolución ditada pola Sección de admisións do Tribunal Supremo inadmite o recurso de casación 6252/2022 que promovera a representación do Concello de Vigo contra a STS-XG que resolveu a impugnación da resolución do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar de liquidación polo cofinanciamento dos centros de día.

A Sección considera que malia o argumentado, se trata dun recurso promovido relativo á interpretación dun precepto de dereito autonómico, para o que o recurso de casación non opera.

A Providencia indica que se trata de servizos de carácter local, asumida a súa xestión polo Consorcio, e que o Concello non manifestara a súa vontade de manter o réxime xurídico de cofinanciamento anterior á Lei 2/2017 -autonómica-.

A área de Benestar Social debe coñecer do resolto.

Procedemento de orixe:

RC-A nº 71/2021 PO TSXG, Sala do C-A, Sección 1ª, Sentenza nº 480 de 01/06/2022, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 07/07/2022

B) RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE XURISDICCIONAL SOCIAL

1.- Social. Expediente nº 15112/111

Sentenza nº 320 do 18 de setembro de 2023

Xulgado do Social nº 7 de Vigo

Ordinario: 566/2022

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: En materia de recoñecemento de dereitos e contías, reclamación de cantidades adebedadas por horas extraordinarias.



Concello de Vigo

Esta sentenza é firme por razón da contía -inferior a 3.000 €-, e desestima o recurso, apreciando a prescrición da acción.

O actor, empregado público municipal, reclamaba as cantidades correspondentes a horas extraordinarias realizadas no ano 2020.

Pola defensa municipal alegouse prescrición ao amparo do art. 59.2 ET porque o demandante desistira noutro procedemento con idéntico obxecto (PO 822/2021) e o prazo legalmente establecido se superou en exceso.

A área de RRHH e formación debe coñecer do resolto.

2.- Social. Expediente nº 14846/111

Sentenza nº 4050 do 21 de setembro de 2023

TSX Galicia, Sala do Social

Recurso de suplicación: 5928/2022

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Resolución do INSS do 16-6-2021 (EVI 8-6-2021) Determinación de continxencia da I.T. do 28-9-2018 e 14-12-2019

Contía: Indeterminada

Esta sentenza non é firme pero contra a mesma só é posible interpoñer un recurso de casación para unificación de doutrina, e estima o recurso de suplicación interposto polo demandante contra a sentenza de instancia.

O actor foi Policía Local declarado xubilado por incapacidade, quen impugnou esa declaración e que confirmou o TSXG, inadmitindo o TS o recurso contra a sentenza do TSXG. Polo tanto, na data na que se dita esta sentenza do TSXG da Sala do Social non se atopa en situación de servizo activo.

Esta sentenza revoga a de instancia, ditada nun proceso de determinación de continxencia, e considera que as situacións de IT tratadas (entre o ano 2018 e 2020) derivan de continxencia profesional, xa que as doenzas diagnosticadas son fundamentalmente de carácter psíquico, e valora a existencia dos numerosos antecedentes deste demandante: períodos anteriores de IT, procedementos contencioso-administrativos, reclamacións, informes médicos, etc.

A Área de RRHH e Formación e a Policía Local deben coñecer do resolto.

Procedemento de orixe:

Seguridade Social nº 855/2021 Xulgado do Social nº 7 Vigo, Sentenza nº 244 de 31/05/2022, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 07/07/2022

3.- Social. Expediente nº 15329/111

Sentenza nº 347 do 27 de setembro de 2023

Xulgado do Social nº 6 de Vigo

Ordinario: 731/2022

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Recoñecemento de dereito e cantidades correspondente ao incentivo á xubilación anticipada

Expte(s): 39501/220

Contía: 3.600,00 €

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso con argumentos semellantes aos xa expresados nas sentenzas desestimatorias ditadas con relación ao mesmo obxecto. Trátase da pretensión de percibir o incentivo/premio de xubilación por parte do persoal empregado público local. A sentenza reitera a primacía da lei sobre o convenio colectivo e desestima o recurso.

A Área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.

4.- Social. Expediente nº 15257/111

Sentenza nº 344 do 5 de outubro de 2023

Xulgado do Social nº 7 de Vigo

Ordinario: 750/2022

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Recoñecemento de dereito e cantidades.

Contía: 219,48 €

Esta sentenza, firme, estima o recurso e condena ao Concello ao abono en concepto de cantidades pendentes de 219, 48 €.

O demandante, persoal laboral do Concello de Vigo (servizo de Deportes) presta servizos por quendas preestablecidas, que inclúen horas nocturnas e festivos, e tamén fins de semana. Reclamaba o dereito a percibir os denominados pluses de nocturnidade e festividade dun período no que estivo en situación de incapacidade temporal.

A sentenza resolve estimando a demanda, como xa resolveron en supostos idénticos outros Xulgados do Social de Vigo con respecto a persoal laboral municipal. Ao tratarse dunha mellora voluntaria do convenio colectivo, o empresario debe abonar o pactado -retribucións fixas e periódicas, entre as que se inclúen estes pluses-. Cita a sentenza unha STSXG ditada con relación ao Concello de Vigo nun suposto moi semellante.

O criterio municipal de non abonar estas cantidades cando se producen supostos de incapacidade temporal ou de vacacións, permisos, etc, no persoal que traballa por quendas xa se atopa superado e refutado por sentenzas firmes ditadas polos Xulgados do Social, sen que nos expedientes cando se formula reclamación previa conste informe xurídico cunha motivación en contra do resolto.

O servizo de Deportes e a área de RRHH e Formación deben coñecer do resolto e executar a sentenza, firme por contía.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do



Concello de Vigo

proceso e na execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(931).- PROPOSTA PARA DECLARAR DESERTO O PROCEDIMIENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "REPARACIÓN ESTRUCTURAL DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BOUZAS". EXPTE. 1732/441.

Dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada do 09/11/2023, que di o seguinte:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos (procedementos abertos)b) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Reparación estrutural da cuberta do Pavillón Polideportivo de Bouzas" (1732-441)

A secretaria comunica que segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral non se presentou ningunha proposición a esta licitación dentro do prazo de presentación que remataba o 6 de novembro.

En base ao anterior, a Mesa acorda, por unanimidade, formular a seguinte proposta ao órgano de contratación:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación das obras de "Reparación estrutural da cuberta do Pavillón Polideportivo de Bouzas" (1732-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 6 de outubro de 2023 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto para a contratación das obras de "Reparación estrutural da cuberta do Pavillón Polideportivo de Bouzas" (1732-441)

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 10 de outubro de 2023, rematando o prazo de presentación de ofertas o 6 de novembro.

Terceiro.- Segundo consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 8 de novembro de 2023, non se presentou ningunha proposición para esta licitación.



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1.g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non se presentou ningunha proposición neste procedemento, tal e como consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 8 de novembro de 2023, cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación das obras de "Reparación estrutural da cuberta do Pavillón Polideportivo de Bouzas" (1732-441) por non terse presentado ningunha proposición".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(932).- MODIFICACIÓN DO COMITÉ DE EXPERTOS DESIGNADO NO PROCEDEMENTO ABERTO DO SERVIZO DE REDACCIÓN DE PROXECTO PARA A MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS. 1641/441.

Dáse conta da proposta de data 13/11/2023, asinada pola técnica de Admón. Xeral, e conformado pola concelleira da Área de Goberno, a titular de Asesoría Xurídica e polo interventor xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de redacción de proxecto para a mellora da piscina municipal de Teis (1.641-441) (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na sesión do 11 de agosto de 2023 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente de contratación, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares e a apertura do procedemento de licitación para a contratación do servizo de redacción de proxecto para a mellora da piscina municipal de Teis (1.641-441).

Segundo.- Con data do 10 de outubro de 2023 a Mesa de Contratación, logo da apertura dos sobres A e B deste procedemento, acordou solicitar informe ao comité de expertos previsto no apartado 7.C da FEC do PCAP en relación coas proposicións avaliadas mediante xuízo de valor.

Terceiro.- Con data do 13 de novembro de 2023 emítase informe asinado pola técnica de Xestión e xefa do Servizo Administrativo e do Control Orzamentario (Resolución da Concellería de Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 31.08.2023) e o xefe do Servizo de Deportes, coa conformidade do concelleiro de Área de Goberno de Fomento e Servizos, no que xustifican a necesidade de modificar a composición do comité de expertos que figura no apartado 7.C das FEC do PCAP, mediante a substitución do enxeñeiro de Camiños Canles e Portos, D. Jerónimo Centrón Castaños, polo enxeñeiro de Camiños Canais e Portos, D. Xacobe Paz Salgado, por atoparse o primeiro de baixa por enfermidade.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017

-II-

Do comité de expertos

A regulación do comité de expertos recóllese na LCSP e no RD 817/2009, no que non se opoña á LCSP.

Segundo o artigo 146.2.a) da LCSP *“Nos procedementos de adxudicación, aberto ou restrinxido, celebrados polos órganos das Administracións Públicas, a valoración dos criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor corresponderá, nos casos nos que proceda por ter atribuída unha ponderación maior que a correspondente aos criterios avaliados de forma automática, a un comité formado por expertos con cualificación apropiada, que conte cun mínimo de tres membros, que poderán pertencer aos servizos dependentes do órgano de contratación, pero en ningún caso poderán estar adscritos ao órgano proponente do contrato, ao que corresponderá realizar a avaliación das ofertas; ou encomendar esta a un organismo técnico especializado, debidamente identificado nos pregos”.*



Concello de Vigo

Para as entidades locais, a disposición adicional segunda da LCSP establece que o comité de expertos poderá estar integrado por calquera persoal funcionario de carreira ou traballo fixo coa titulación adecuada que non participaron na redacción da documentación técnica do contrato de que se trate. En calquera caso, este persoal deberá incluír un técnico xurista especializado en contratación pública.

-III-

Do procedemento para a designación do comité de expertos

Prevé o artigo 29 do RD 817/2009 que a designación dos membros do comité de expertos poderá facerse directamente no prego de cláusulas administrativas particulares ou ben establecer nel o procedemento para efectuala.

A designación deberá facerse e publicarse no perfil de contratante con carácter previo á apertura da documentación relativa aos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor. Engade o artigo 63.5 da LCSP *“non permitíndose alusións xenéricas ou indeterminadas ou que se refiran unicamente á Administración, organismo ou entidade á que representen ou na que prestasen os seus servizos”*.

No procedemento que nos ocupa, a designación dos membros do comité de expertos realizouse a través do prego de cláusulas administrativa particulares, cuxo anexo I -FEC- prevé no seu apartado 7C:

“COMITÉ DE EXPERTOS (en caso afirmativo, COMPOSICIÓN): si, formado por:

- *Cristina Tapias Bouso, enxeñeira industrial*
- *Jerónimo Centrón Castaños, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos*
- *Francisco Javier González Yebra-Pimentel, xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais”*

-IV-

Competencia

A competencia para a modificación do comité de expertos, designado no prego de cláusulas administrativas particulares que rexe este procedemento, correspóndelle ao órgano de contratación, a Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), por ser o órgano competente para a aprobación dos pregos (disposición adicional 2ª.4 da LCSP).

-V-

Proposta de acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Nomear ao enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Xacobe Paz Salgado, como membro do comité de expertos designado no procedemento aberto do servizo de redacción de proxecto para a mellora da piscina municipal de Teis (1.641-441), en substitución do enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Jerónimo Centrón Castaños, por atoparse este de baixa por enfermidade, quedando a composición do comité de expertos prevista no apartado 7C do Anexo I -FEC- do PCAP que rexe esta contratación como segue:

“COMITÉ DE EXPERTOS (en caso afirmativo, COMPOSICIÓN): si, formado por:

- Cristina Tapias Bouso, enxeñeira industrial*
- Xacobe Paz Salgado, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos*
- Francisco Javier González Yebra-Pimentel, xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais”*

2º.- Publicar este acordo no perfil de contratante”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(933).- SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE REAL FEDERACIÓN GALLEGA DE FÚTBOL EN RELACIÓN COA ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO COPA VIGO DE FÚTBOL 2023. EXPTE. 22464/333.

Visto o informe xurídico do 27/10/2023 e o informe de fiscalización do 8/11/2023, dáse conta do informe-proposta de data 05/10/2023, asinado polox efe do Servizo de Deportes e conformado polo concelleiro-delegado, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para a cidade impulsar proxectos deportivos do máis alto nivel competitivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ó desenvolvemento dos



Concello de Vigo

grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a toda a cidadanía.

Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 27.12.2019 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”. Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover o apoio ó desenvolvemento de proxectos deportivos.

Neste ámbito e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións de organismos nacionais ou internacionais cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións.

O crédito necesario consta nominativamente na aplicación orzamentaria 3410.480.00.012 “SUBV. COPA VIGO DE FÚTBOL” a favor da Real Federación Galega de Fútbol, no orzamento da Concellería de deportes do ano 2023 aprobado polo Pleno do Concello de Vigo con carácter definitivo o 23 de decembro de 2022 (https://hoxe.vigo.org/oconcello/economica23_subvencions.php?lang=cas#/).

Con data 25.01.2023 o Concelleiro-delegado de deportes deu instrución para o inicio dun expediente de subvención por importe de 5.00,00€ a favor da entidade Real Federación Galega de Fútbol pola organización do evento Copa Vigo 2023 con data de celebración entre os meses de setembro e novembro de 2023.

En relación co que vai dito, a entidade Real Federación Galega de Fútbol solicitou ó Concello de Vigo con datas 8 e 27.06.2023 unha subvención en relación á proposta de celebración na cidade de Vigo, do evento Copa Vigo de Fútbol.

A entidade acredita documentalmente que o seu proxecto fundamenta o interese xeral que supón para a cidade de Vigo, xa que contará con gran interese e nivel deportivo e unha ampla difusión en medios de comunicación. Xunto coa solicitude de subvención a entidade presentou a seguinte documentación:

Documento	Data	Trámite xestión exptes.
Anexos solicitude de subvención e orzamento definitivo	08.06.23	12
Memoria-proxecto definitivo	25.10.23	38
Certificados de ausencia de débedas con AEAT, ATRIGA, S.S.	26.06.23	16
Certificado de ausencia de débedas co Concello de Vigo	05/10/23	23

CIF	26.06.23	16
DNI representante legal	26.06.23	16
Documento acreditativo composición Xunta directiva	26.06.23	16
Certificación conta bancaria	26.06.23	16

O gasto global derivado do proxecto deportivo segundo o presuposto presentado pola entidade organizadora ascenden a un total de 5.000,00€, conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollidos como Anexos da documentación presentada pola entidade.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na busca da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
- Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación do deporte.
- O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
- Dinamizar propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.

Este proxecto de colaboración fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con eventos deportivos visibles que potencien a práctica deportiva.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”

A Copa Vigo de Fútbol é unha das competicións futbolísticas mais senlleiras e con arraigo do fútbol aficionado en Galicia, pois xa leva 88 edicións dende o ano 1933, data do seu nacemento. Neste torneo participan 24 clubs de fútbol da cidade de Vigo, tanto femininos, como masculinos, cun total de 650 xogadoras e xogadores do eido aficionado, en 22 partidos. Trátase pois dun torneo con grande atención social e que supón unha data de importancia no calendario deportivo da cidade e do deporte.

O evento contará cunha cifra aproximada de 3000 espectadores e impacto social tanto en prensa escrita e radio.

O evento deportivo reúne, no seu conxunto, a un relevante número de clubs e deportistas da cidade durante a súa celebración xerando un alto grado de expectación ao redor, para un evento de acceso gratuíto, e que supón un espectáculo deportivo de enorme nivel competitivo e espectacularidade, e cunha importante repercusión nos medios de comunicación.

Súmase a isto, o compoñente social e o valor promocional do deporte deste nivel. Considérase que a organización de este evento permite reforzar o compromiso coa sociedade e dar a coñecer o público das posibilidades de organización destes eventos deportivos, e tendo a oportunidade



Concello de Vigo

de incrementar o número de afeccionados e deportistas, coa repercusión mediática nos medios de comunicación, enlaces web, redes sociais, etc.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeiro.- A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *"Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.."* e que *"...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre"*.

Ante estes aspectos, considérase fundamentada a necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos de interese para a cidade de Vigo, e que motiva a proposta de tramitación dunha dunha subvención orientada, entre outras cuestións, a favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para esta proposta, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *"Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos"*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social, e se atopa detallada no orzamento da Concellería de deportes do ano 2023 aprobado polo Pleno do Concello de forma definitiva o 23 de decembro de 2022, o que xustifica que se conceda directamente. A súa concesión canalízase a través dunha proposta de resolución cuxo texto se somete a aprobación.

A tramitación do pago da subvención realizarase unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira desta entidade deportiva sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, a proposta exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Segundo.- A competencia para a resolución deste expediente corresponde á Xunta de Goberno Local (Art. 127.1.g da LBRL).

3.- PROPOSTA DE ACORDO:

En virtude do exposto, fórmase a seguinte proposta de acordo, para a súa remisión á Xunta de Goberno Local, previo informe xurídico e fiscalización pola intervención do Concello de Vigo.

PRIMEIRO: Aprobar a proposta de resolución de concesión dunha subvención a favor da Real Federación Galega de Fútbol CIF: G15055890 pola organización na cidade de Vigo do evento deportivo Copa Vigo de Fútbol de acordo coas condicións e compromisos que se detallan como anexo no presente expediente.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 5.000,00€. a favor da entidade Real Federación Galega de Fútbol co CIF: G15055890 e enderezo social na Rúa Manuel de Castro, 40, en Vigo, segundo resulta da documentación presentada e vinculada co expediente do expediente núm. 22464-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.480.00.12 do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO: CONDICIÓN E COMPROMISOS VINCULADOS COA PROPOSTA DE SUBVENCIÓN A FAVOR DA REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO COPA VIGO DE FÚTBOL 2023 (Expte. 22464-333).

I.-O obxecto da proposta é colaborar no desenvolvemento na cidade de Vigo, organizados pola Real Federación Galega de Fútbol.

A entidade organizadora plantexou a celebración na cidade de Vigo da Copa Vigo de Fútbol 2023, un importante proxecto deportivo que converte á cidade de Vigo, durante a súa celebración, nun importante centro de atención da modalidade.



Concello de Vigo

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como que contén coa participación dun amplo porcentaxe de clubs da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

A Copa Vigo de Fútbol é unha das competicións futbolísticas mais senlleiras e con arraigo do fútbol aficionado en Galicia, pois xa leva 88 edicións dende o ano 1933, data do seu nacemento. Neste torneo participan 24 clubs de fútbol da cidade de Vigo, tanto femininos, como masculinos, cun total de 650 xogadoras e xogadores do eido aficionado, en 22 partidos. Trátase pois dun torneo con grande atención social e que supón unha data de importancia no calendario deportivo da cidade e do deporte.

O evento contará cunha cifra aproximada de 3000 espectadores e impacto social tanto en prensa escrita (Faro de Vigo, Atlántico Diario, La Voz Galicia, Radio Marca, Especial Campeones – Vigo Deportivo), radio, coma en revistas especializadas do deporte e redes sociais. A promoción e publicidade do Concello de Vigo, mediante diversos medios e soportes, asóciase ao torneo e fai constar o patrocinio e o compromiso da administración municipal cos valores do fútbol e do deporte afeccionado.

O evento deportivo reúne, no seu conxunto, a un relevante número de clubs e deportistas da cidade durante a súa celebración xerando un alto grado de expectación ao redor, para un evento de acceso gratuíto, e que supón un espectáculo deportivo de enorme nivel competitivo e espectacularidade, e cunha importante repercusión nos medios de comunicación.

Súmase a isto, o compoñente social e o valor promocional do deporte deste nivel. Considérase que a organización de este evento permite reforzar o compromiso coa sociedade e dar a coñecer o público das posibilidades de organización destes eventos deportivos, e tendo a oportunidade de incrementar o número de afeccionados e deportistas, coa repercusión mediática nos medios de comunicación, enlaces web, redes sociais, etc.

II.-A entidade Real Federación Galega de Fútbol, organiza a Copa Vigo de Fútbol que supón un valor moi importante para a promoción deportiva da cidade de Vigo, o que lle confire un valor único e de carácter excepcional, tendo ademais unha importante repercusión mediática e social de enorme valor.

III.-A Real Federación Galega de Fútbol non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 22464-333.

COMPROMISOS:

Primeiro.- A Real Federación Galega de Fútbol colabora coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Organiza a Copa Vigo de Fútbol 2023, obxecto da subvención, asumindo a responsabilidade única no mesmo e garantindo os medios materiais e humanos necesarios para tal fin, cumprindo cos obxectivos e actividades detalladas no proxecto.

2º.- Debe asumir todos os gastos derivados da organización do evento deportivo.

3º.- Debe garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto contando coas homologacións e permisos necesarios.

4º.- Debe obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

5º.- Debe publicitar de xeito adecuado as actividades recollidas na programación. En todos os casos figura a imaxe institucional do Concello de Vigo, como colaborador do evento deportivo.

6º.- Responsabilízase fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do evento deportivo, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento.

7º.- Debe asegurarse de que en todas as comunicacións, informacións, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización do evento deportivo, aparece a imaxe institucional do Concello de Vigo.

8º.- Debe invitar ó Concello de Vigo a participar de forma activa na entrega dos premios principais do evento deportivo e á presentación, clausura e demais actos institucionais vinculados co mesmo.

9º.- Debe garantir que en todas as actividades que se desenvolvan vinculadas co evento deportivo, con independencia dos patrocinios, figura nun lugar visible a imaxe institucional do Concello de Vigo, e concretamente:

- Nos actos de presentación, clausura e demais actos públicos.
- Nas zonas centrais e de máxima visibilidade na zona de xogo, espazo deportivo ou nos arcos de saída ou chegada se os houbera.
- Na páxina principal da WEB da entidade e do evento deportivo, así como en todas as comunicacións oficiais, documentación, entradas (se as houbera), lonas de publicidade ou carteis promocionais.

10º.- Debe realizar unha memoria do evento deportivo, con resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc...

11º.- Debe, en xeral, cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

12º.- Debe atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.



Concello de Vigo

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder directamente á Real Federación Galega de Fútbol unha subvención por importe de 5.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.012 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas ca organización da Copa Vigo de Fútbol 2023. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á celebración do evento deportivo.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto da subvención, na cartelería, web e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- Atendendo a que as finais do evento celebraranse, tal como se acredita no proxecto, o día 6 de decembro, a beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local e o 15 de decembro de 2023 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos probativos polo importe total do orzamento do evento. Se poderá substituír a presentación destes documentos polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto da subvención cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán aquelas facturas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado na proposta de subvención.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen para a organización da Copa Vigo de Fútbol 2023.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe da subvención.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo



Concello de Vigo

tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire esta proposta de subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia da proposta abarca o período comprendido entre a aprobación do expediente en Xunta de Goberno Local e ata o 15 de decembro de 2023 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación da mesma.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto da presente proposta rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas condicións e compromisos que se conteñen nesta proposta; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexerese polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución desta proposta establécese en base as memorias e informes que presente a entidade solicitante e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan plantexar.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire esta proposta e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

6(934).- DAR CONTA DE 8 RENUNCIAS VOLUNTARIAS DE BENEFICIARIOS/AS DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA ESTADÍAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO, ANO 2023. EXPTE. 45025/332.

Dáse conta do informe-proposta de data 03/11/2023, asinado polo técnico medio de actividades culturais e educativas e a xefa do Servizo de Educación e conformado pola concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 30 de xuño de 2023, acordou aprobar a resolución da convocatoria e a axudicación das 70 bolsas Concello de Vigo para estadías lingüísticas 2023 no estranxeiro para alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), desglosadas nos idiomas de inglés (14 bolsas coa asignación económica individual de 1.700.-€) , francés (9 bolsas coa asignación económica individual de 2.000.-€) , alemán (8 bolsas coa asignación económica individual de 1.700.-€) , italiano (17 bolsas coa asignación económica individual de 1.700.-€) , portugués (3 bolsas coa asignación económica individual de 1.600.-€) , xaponés (9 bolsas coa asignación económica individual de 2.000.-€) e xaponés (10 bolsas coa asignación económica individual de 1.700.-€) .

Logo deste acordo adoitado polo órgano competente, o Servizo Municipal de Educación segundo o recollido na base décimo segunda das bases reguladoras desta convocatoria (aprobadas en Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 31/03/2023 e publicadas no BOPPO nº 78 do luns 24/04/2023), mediante nota informativa publicada na web institucional do Concello e na web da EOIV, comunica o proceso específico para a



Concello de Vigo

aceptación ou renuncia da bolsa, a todo o alumnado beneficiario destas axudas municipais en forma de bolsas de estudo individuais, que contribuirán a mellorar a competencia e capacitación en linguas estranxeiras do alumnado da EOIV, fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional.

En consecuencia todo o alumnado que resultou beneficiario tivo que tramitar vía telemática nun enlace web a aceptación ou renuncia expresa da bolsa no prazo habilitado ao efecto contado dende o martes 4 ao venres 7 de xullo, tendo en conta que a ausencia de tramitación no prazo habilitado ao efecto, implica a renuncia voluntaria á praza adxudicada.

Ao longo do periodo habilitado ao efecto se teñen presentado e acreditado documentalmente a aceptación de praza de 61 beneficiarios/as e igualmente a renuncia expresa á bolsa de 9 beneficiarios/as por razóns de índole persoal, que figuran arquivadas nas dependencias do Servizo Municipal de Educación como órgano xestor desta estadía lingüística obxecto da subvención municipal.

Continuando co proceso e segundo o recollido na base décimo terceira das bases reguladoras desta convocatoria, que indica que no caso de que unha vez adxudicadas as prazas, existan prazas vacantes por renuncia, éstas serán ofertadas ao alumnado en lista de agarda por chamamento directo, de conformidade coa orde establecida polo resultado da aplicación dos criterios de baremación; resulta que non existe lista de agarda en ningún idioma para poder cubrir estas vacantes xeradas polas renuncias presentadas.

Consonte ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 15 de setembro de 2023 adoptou o acordo de dar conta de 9 renuncias voluntarias de beneficiarios/as das bolsas "Concello de Vigo" para estadías lingüísticas no estranxeiro para alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), ano 2023, Expte. 45025-332.

A base décimo cuarta "xustificación e pagamento" das bases reguladoras desta convocatoria, indica que aos efectos de xustificar a realización do obxecto da subvención, os beneficiarios/as deberán presentar ao remate da súa estadía de inmersión lingüística facturas orixinais ou outros documentos de valor probatorio equivalente dos gastos realizados, que virán acompañados obrigatoriamente da certificación da EOIV na que conste que a actividade realizada se corresponde íntegramente co programa aprobado pola EOIV. En calquera caso, a xustificación completa do importe concedido coa bolsa dos distintos idiomas, realizarase obrigatoriamente polo beneficiario/a antes do remate do mes de outubro de 2023.

Rematado o prazo obrigatorio para poder xustificar a subvención outorgada, dos 70 beneficiarios/as destas bolsas municipais para estadías lingüísticas, teñen xustificando diante do Concello de Vigo en prazo e forma, 53 destes beneficiarios/as dos que se ten tramitado dende o servizo municipal de educación o oportuno expte administrativo conducente á realización do pagamento.

Outros 9 beneficiarios/as presentaron no seu intre a renuncia expresa á bolsa, da cal se deu conta á Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 15 de setembro de 2023.

E finalmente os 8 beneficiarios/as restantes, teñen presentado a súa renuncia expresa á bolsa por razóns de índole persoal, cuxa acreditación documental figura arquivada nas dependencias deste servizo municipal de educación como órgano xestor destas estadías lingüísticas obxecto da subvención municipal.

En consecuencia e consonte ao anteriormente exposto, é obxecto do presente informe, dar conta ao órgano competente, de oito novas renuncias voluntarias e ningunha alta que se teñen producido nos beneficiarios/as das bolsas “Concello de Vigo” para alumnado da EOIV ano 2023; as cales non implican modificación do compromiso económico adoitado polo órgano competente.

Por elo, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Dar conta das oito renuncias ao desfrute da Bolsa “Concello de Vigo” para alumnado da EOIV ano 2023 dos beneficiarios/as recollidos na seguinte táboa.

2º.- Aprobar a anulación dos documentos contables recollidos na seguinte táboa por importe total de 14.500.-€ destinados ao pago destas bolsas municipais a favor dos oito beneficiarios/as que teñen presentado a súa renuncia.

IDIOMA	APELIDOS ALUMNO/A	NOME ALUMNO/A	NIF	DOC CONTABLE	IMPORTE
Xaponés	Aguiar Araujo	Jorge	***9061**	202300144927	2.000.-€
Italiano	Grande Yañez	Elvira	***1915**	202300144914	1.700.-€
Xaponés	Abalde Fernández	Carlos	***7208**	202300144938	1.700.-€
Alemán	Calleja García	María Elena	***8467**	202300144895	1.700.-€
Francés	Ricoy Martínez	Iriana Thanai	***5838**	202300144891	2.000.-€
Inglés	Castro Gómez	Alfonso	***1661**	202300144872	1.700.-€
Inglés	Sierra Pérez	Alvaro	***5682**	202300144862	1.700.-€
Francés	Rodríguez González	Darío	***8783**	202300144884	2.000.-€

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe, quedando informada das oito renuncias.

7(935).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS A FAMILIAS CON FILLOS E FILLAS EN ENSINO OBRIGATORIO, CURSO 2023-2024. EXPTE. 62759/332.

Visto o informe de fiscalización do 10/11/2023, dáse conta do informe-proposta do 3/11/2023, asinado pola xefa do Servizo de Educación e conformado pola concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. Obxecto e finalidade:

O Concello de Vigo no ámbito das súas competencias convoca o programa de “AXUDAS MUNICIPAIS A FAMILIAS CON FILLOS E FILLAS EN ENSINO OBRIGATORIO CURSO 2023/2024” co obxecto de servir de apoio ás familias do alumnado de centros docentes públicos e privados concertados, de educación primaria, educación secundaria obrigatoria,



Concello de Vigo

formación profesional básica e de educación especial, sitos no termo municipal de Vigo, ou alumnado empadroado en Vigo e matriculado nas mesmas etapas educativas en centros sostidos con fondos públicos sitos noutros municipios. A finalidade das axudas é paliar o impacto sobre a capacidade de compra das familias con menores a cargo producida pola subida xeneralizada de prezos, co fin de que poidan facer fronte ao desembolso extraordinario que supoñen os gastos necesarios para a volta á escola deste alumnado.

II. Competencia:

A Constitución Española de 1978 recolle dentro dos principios reitores da política social e económica, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

O artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Pola súa parte, a Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, no artigo 8. 2 b) recoñece aos municipios competencias na execución de programas e proxectos destinados á atención á familia.

O Concello de Vigo pretende axudar ás familias nun momento en que a subida xeneralizada dos prezos está empobrecendo ás familias e afectando a súa capacidade de compra. Neste contexto socioeconómico, a protección económica das familias debe constituír unha prioridade para os poderes públicos.

III. Beneficiario/as:

Poderán beneficiarse destas axudas os pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria, formación profesional básica e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos sitos no termo municipal de Vigo ou doutros municipios sempre que, neste caso, os nenos e nenas estean empadroados en Vigo.

IV. Procedemento de concesión da subvención:

A convocatoria realízase, ao amparo do disposto no parágrafo segundo do artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), en réxime de concorrencia competitiva sen establecer comparación entre as solicitudes e sen fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos nas bases.

V. Contido:

As bases reflicten o contido mínimo esixido nos artigos 17 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e 14 da LSG, en canto ao obxecto, requisitos das persoas beneficiarias, procedemento de concesión, criterios obxectivos de outorgamento, contías, crédito orzamentario, compatibilidade con outras subvencións, procedemento de concesión así coma órganos competentes. E atenden aos principios reguladores das subvencións establecidos nos artigos 8.3 LXS e 5.2 LSG.

VI. Normativa de aplicación:

De acordo co disposto no artigo 17.2 da LXS as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións, ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

A este respecto, conforme ao disposto nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo do 2023 e, sen prexuízo da desexable ordenanza municipal reguladora das subvencións que se aprobe a tal efecto, o procedemento de concesión destas axudas rexerá polas súas propias Bases, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

VII. Contía total e crédito orzamentario:

A contía das axudas será de 205,00 (douscentos cinco) euros por cada fillo/a escolarizado/a que reúna os requisitos establecidos na base cuarta.

O financiamento da concesión destas axudas farase con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0002 “Plan extr. axudas familias fillos escolarizados” dotada con 5.842.500,00 euros.

Non se poderán outorgar subvencións por contía superior á que se determina na presente convocatoria. Non entanto, para o suposto de que o crédito sinalado non fose suficiente para atender a tódalas solicitudes que cumpran os requisitos esixidos nas presentes bases prevese a posibilidade de tramitar un incremento de crédito nos termos previsto no artigo 31.2 da LSG. O incremento do crédito publicarase nos mesmos medios que a convocatoria sen que implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.

Ao tratarse dun suposto de tramitación anticipada, previsto no artigo 56 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións (RLXS), a concesión das subvencións queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución da concesión.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local das bases reguladoras, remitirase o expediente para informe da Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión da subvención.

VIII. Publicidade:

A. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.

As presentes Bases reguladoras e a convocatoria publicaranse conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da LXS, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Publicaranse, unha vez aprobadas:

- As Bases reguladoras no BOPPO, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

- A Convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes, conforme ao art. 14.1 da LSG.

Estas bases reguladoras e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na páxina web www.vigo.org.

B. Publicidade das subvencións concedidas.



Concello de Vigo

Todas as axudas que se concedan serán publicadas na páxina web www.vigo.org, no Taboleiro de Editos e no portal de transparencia do Concello de Vigo, surtindo esta publicación os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).

As subvencións concedidas remitiranse á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención.

A tal efecto, tense procedido a elaborar unha convocatoria, así como as bases reguladoras e un extracto da mesma en galego e castelán.

IX. Recursos:

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que as ditou no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ao das respectivas publicacións oficiais.

X. Órgano competente:

O artigo 74 da LSG establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co artigo 127.g) da LRBRL, correspóndelle á Xunta de Goberno Local o desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal.

De conformidade co anteriormente exposto, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal, e coa conformidade da concelleira delegada de Educación e dos concelleiros das Áreas de Goberno de de Educación e de Orzamentos e Facenda, nos termos das delegacións competenciais efectuadas nas datas 20/06/2023 e 28/06/2023, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o gasto por importe total de 5.842.500,00 (cinco millóns oitocentos corenta e dous mil cincocentos) euros, que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0002 "Plan extr. axudas familias fillos escolarizados" dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2023.

SEGUNDO: Aprobar a Convocatoria, o Extracto da mesma e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, que se achegan ao expediente.

TERCEIRO: Publicar, unha vez aprobadas, a Convocatoria e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, nos seguintes termos:

- As Bases reguladoras no BOPPO, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

- A Convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do

extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes.

- Os modelos de formularios normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na páxina web www.vigo.org.

Contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS A FAMILIAS CON FILLOS E FILLAS EN ENSINO OBRIGATORIO CURSO 2023/24

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución Española de 1978 recolle, dentro dos principios reitores da política social e económica, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia. No mesmo sentido pronúnciase a Lei de apoio ás familias e á convivencia de Galicia, que recoñece aos municipios competencias na execución de programas e proxectos destinados á atención da familia.

O artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

A conxuntura económica actual está marcada polo proceso inflacionista que arranca na segunda metade de 2021 e que se vén agravando a partir de febreiro de 2022 debido á crise nos mercados enerxéticos derivada das consecuencias da guerra entre Rusia e Ucraína.

Segundo os últimos datos publicados polo INE, para xullo de 2023, o índice xeral do IPC alcanzou un 2,3%, e a inflación subxacente un 6,2%. É importante salientar que estes datos indican que os prezos actuais ao consumo son agora un 2,3% superiores aos xa extremadamente elevados de xullo de 2022. Ademais, as proxeccións macroeconómicas do BCE apuntan a unha inflación media do 3,2% para 2023, o cal implicaría incrementos adicionais de prezos nos vindeiros meses. Pola súa banda, a subida salarial media pactada en convenio en 2023 alcanzou un 3,34% ata xullo, apenas suficiente para compensar a inflación do 2023, pero non para revertir o forte impacto sobre a capacidade adquisitiva que as familias sufriron en 2022.

Esta presión continuada sobre o poder de compra afecta de modo desigual á cidadanía. En efecto, as necesidades básicas representan unha maior proporción do gasto no caso de unidades familiares con persoas maiores, dependentes e/ou menores a cargo, polo que son estas familias as que sofren con maior intensidade o fenómeno da subida dos prezos, e espe-



Concello de Vigo

cialmente no caso dos prezos dos alimentos, e o incremento dos tipos de xuros que afecta aos créditos hipotecarios e aos créditos ao consumo.

Esta situación persistente de elevados niveis de prezos e incremento do custo financeiro das familias debilita igualmente a capacidade destas de facer fronte a desembolsos extraordinarios inherentes á crianza das/os menores, como é o caso dos gastos necesarios para afrontar o curso escolar das/os alumnas/os integradas/os nos distintos niveis de ensinanza obrigatoria, especial e Formación Profesional básica.

As familias teñen que afrontar o inicio do novo curso escolar cun importante encarecemento dos prezos do material e equipamento que os seus fillos precisan para acudir ao colexio, este desembolso incide negativamente nas economías familiares, é por elo que dende a Concellería de Educación propónse establecer un procedemento para a concesión de axudas ás familias dos alumnos e alumnas de centros docentes sostidos con fondos públicos matriculados/as no ensino obrigatorio, FP básica e educación especial coa finalidade de que o inicio do novo curso escolar resulte menos gravoso para as economías familiares.

Trátase dun gasto extraordinario que responde a unha situación excepcional motivada polo actual contexto económico polo que non estaba previsto no orzamento vixente.

Neste contexto socioeconómico, a protección económica das familias debe constituír unha prioridade para os poderes públicos. A fórmula dunha axuda as familias fixa por cada alumna/o matriculada/o nas etapas referidas en centros de ensino sostidos con fondos públicos, considérase a máis oportuna. O carácter de subvención universal xustifícase en base aos seguintes argumentos:

- En primeiro lugar, a acción proposta fundaméntase no principio de protección económica á familia, entendida, a efectos do presente expediente, como unidade de convivencia con alumnas/os a cargo. Téñase en conta que as políticas dirixidas á atención de finalidades de interese xeral teñen habitualmente alcance universal e incondicional, como é o caso da sanidade pública ou da propia educación pública, así como, no que respecta a medidas introducidas como resposta á conxuntura económica descrita, a gratuidade das viaxes en tren de cercanías ou media distancia, ou a redución do IVE para determinadas categorías de bens.
- O segundo argumento atende aos principios de economía, eficiencia e eficacia na xestión (artigo 3.1 da Lei 40/2015). En efecto, a adopción de calquera outra condicionalidade significativa que discriminase ás familias con alumnas/os a cargo aos efectos desta axuda, non só a desviaría da súa finalidade principal, senón que, ademais, os procedementos administrativos necesarios para a comprobación de tales condicións implicarían un custo que resultaría antieconómico.

BASES

PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade.

As presentes bases regulan o procedemento para a concesión de axudas ás familias con nenos e nenas matriculados/as en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e Educación Especial, en centros docentes públicos e privados concertados sitos en Vigo, ou que estean empadroados/as en Vigo e matriculados/as nas mesmas etapas educativas en centros sostidos con fondos públicos sitos noutros municipios. Estas axudas buscan paliar o impacto sobre a capacidade de compra das familias con menores a cargo producida pola subida xeneralizada de prezos,

coa fin de que poidan facer fronte ao desembolso extraordinario que supoñen os gastos necesarios para a volta á escola do alumnado das referidas etapas educativas.

SEGUNDA.- Réxime de Concesión.

A concesión destas axudas realizarase en réxime de concorrencia competitiva sen establecer comparación entre as solicitudes e sen fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos nestas bases.

TERCEIRA.- Contía da subvención e aplicación orzamentaria.

A contía das axudas será de 205,00 (douscentos cinco) euros por cada fillo/a escolarizado/a que reúna os requisitos establecidos na base quinta.

O financiamento da concesión destas axudas farase con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0002 "Plan extr. axudas familias fillos escolarizados, dotada con 5.842.500,00 euros.

Non se poderán outorgar subvencións por contía superior á que se determina na presente convocatoria. Non entanto, para o suposto de que o crédito sinalado non fose suficiente para atender a todas as solicitudes que cumpran os requisitos esixidos nas presentes bases prevese a posibilidade de tramitar un incremento de crédito nos termos previsto no artigo 31.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG). O incremento do crédito publicarase nos mesmos medios que a convocatoria sen que implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.

Ao tratarse dun suposto de tramitación anticipada, previsto no artigo 56 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS), a concesión das subvencións queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución da concesión.

CUARTA.- Beneficiarios/as.

Poderán beneficiarse destas axudas os pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria, formación profesional básica e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos sitos no termo municipal de Vigo ou doutros municipios sempre que, neste caso, os nenos e nenas estean empadroados en Vigo.

QUINTA.- Requisitos.

a) Que o alumnado para o que se solicite a axuda estea matriculado en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica ou Educación Especial en centros públicos ou concertados situados no termo municipal de Vigo, ou ben, que os nenos e nenas estean empadroados en Vigo e matriculados/as nas mesmas etapas educativas en centros sostidos con fondos públicos doutros municipios.

b) Que o/a solicitante conviva cos/coas alumnos/as para os/as que se solicite a axuda. A convivencia habitual acreditarase mediante informe dos datos do padrón de habitantes (Para os solicitantes empadroados en Vigo a comprobación realizarase polo Concello de Vigo).

c) Ter presentado a solicitude e a documentación necesaria nos prazos estipulados.

d) Que os titulares das axudas se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria



Concello de Vigo

de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e coa Seguridade Social, e deben cumprir os requisitos do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).

Para a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias referidas establece o réxime simplificado de conformidade co disposto no artigo 31.7 e) da LSG, e artigo 24.4 do RLXS.

e) Situación de acollemento: acreditarase por resolución xudicial ou administrativa.

f) Situación de tutela: acreditarase por resolución xudicial ou administrativa.

SEXTA.- Obrigas.

Serán obrigas das persoas beneficiarias da subvención, ademais das previstas nestas bases reguladoras e das sinaladas nos artigos 14 da LXS e 11 da LSG, as que seguen:

- Facilitar toda a información que fose requirida polo Concello de Vigo no proceso de xestión e aboamento destas axudas.
- Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegada.
- Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo polo Servizo de Educación a quen corresponderá a comprobación destas subvencións, e facilitar a este e a Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control das subvencións.

SÉTIMA.- Compatibilidade e tratamento fiscal.

A subvención que se outorgue será compatible con outras axudas ou subvencións doutros organismos públicos ou privados para a mesma finalidade.

O tratamento fiscal das axudas previstas nestas bases será o que determine en cada caso a Administración Tributaria competente.

A estes efectos:

- As axudas están destinadas a familias con alumnado de estudos regrados de centros docentes sostidos con fondos públicos de educación primaria, educación secundaria obrigatoria, formación profesional básica e educación especial.
- A concesión das axudas axústase aos principios de xeneralidade, non discriminación nas condicións de acceso e publicidade na convocatoria.

OITAVA.- Solicitude e documentación.

O procedemento de concesión das axudas será en réxime de concorrencia competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19.2 da LSG, non sendo necesario fixar unha orde de prelación, nin realizar comparación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos nestas bases, por canto a finalidade é axudar a todas as familias con nenos/as en educación obrigatoria e educación especial, atendendo aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

Poderán presentar solicitudes os pais, nais, titores/as ou representantes legais dos/das alumnos/as matriculados/as en centros docentes públicos e concertados, en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e Educación Especial, utilizando o modelo oficial que figura como Anexo nestas bases.

So se aceptará unha solicitude por unidade de convivencia. No caso de que se presenten máis acumularanse, tramitándose a primeira presentada no Rexistro.

1) Con carácter xeral, xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

- a) DNI, NIE ou pasaporte da persoa solicitante (só para solicitude presencial).

- b) Libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar, coas súas datas de nacemento.
- c) Volante de empadramento familiar só para os solicitantes non empadroados en Vigo.
- d) Certificado de matrícula do centro escolar acreditativo de que o alumnado para o que se solicita a axuda está matriculado no curso 2023-2024 en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica ou Educación Especial.
- e) Documento acreditativo do IBAN da conta bancaria da persoa solicitante da axuda.
- f) De ser o caso, outro documento xustificativo da convivencia co menor.
- g) Declaración responsable do cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social de conformidade co artigo 24.4 do RLXS (Esta declaración consta incluída no formulario de solicitude).

2) Solicitantes que presentaron a documentación para as axudas concedidas no curso 2022-2023: De conformidade co artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, os/as solicitantes aos/ás que lles tivese sido concedida a axuda a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio para o curso 2022/2023, non estarán obrigados/as a presentar a documentación que xa presentaron e que pode ser consultada pola Administración. Os solicitantes que se atopen neste caso deberán asinar Declaración Responsable na que afirman: que cumpren cos requisitos recollidos nas bases para a obtención da axuda (que os/as alumnos/as para os/as que solicitan a axuda están matriculados/as nas etapas educativas requiridas nun centro público ou concertado; que conviven cos/coas alumnos/as para os/as que solicitan a axuda e que ostentan a súa custodia/tutela) e que dispoñen da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos, que será posta á disposición da Administración no caso de que esta lles sexa requirida (esta declaración consta incluída no formulario de solicitude).

Se a conta bancaria indicada na solicitude non coincide coa sinalada na solicitude do curso 2022/23 deberán achegar o documento acreditativo do IBAN da conta bancaria da persoa solicitante da axuda.

O alumnado nacido con anterioridade ao ano 2008 deberá presentar certificado de matrícula do centro escolar acreditativo de que o alumno/a está matriculado no curso 2023/2024 en Educación Secundaria Obrigatoria ou Formación Profesional Básica (esta acreditación non será necesaria no caso dos alumnos matriculados en Educación Especial que foron beneficiarios da axuda no curso 2022/23).

NOVENA.- Presentación de solicitudes.

As solicitudes cumprimentaranse mediante o formulario de solicitude (Anexo I) de uso obrigatorio para os interesados.

- **Solicitude telemática (vía preferente):** Poderá presentarse a solicitude por medios electrónicos na sede electrónica do Concello de Vigo a través da URL: <https://www.vigo.org/axudas-ensino> (premendo no botón "Tramitar por Internet") achegando a documentación esixida nas bases, sendo necesario asinala por calquera dos medios de sinatura admitidos na Sede Electrónica, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/sede_textos/texto.jsp?id=sede_firma.



Concello de Vigo

- **Solicitude presencial:** Deberá cumprimentarse o formulario de solicitude a través da URL: <https://www.vigo.org/axudas-ensino> (premendo no botón “Tramitar presencialmente”) e posteriormente presentalo asinado no Rexistro Xeral Municipal do Concello de Vigo xunto coa documentación esixida nas bases. Así mesmo, os/as interesados/as poderán presentar as súas solicitudes por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 (LPACAP).

DÉCIMA.- Prazo para a presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes e documentación correspondente será de **dous meses** contados a partir do día seguinte á data de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

A presentación da solicitude implicará que se aceptan as bases da convocatoria, se cumpren os requisitos nelas esixidos e que son certos os datos indicados na solicitude; así mesmo, as persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Tramitación e subsanación de solicitudes.

De conformidade co regulado no artigo 22 da LSG a concesión das axudas tramitarase mediante procedemento abreviado, polo que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente directamente polo órgano instrutor que unicamente deberá comprobar a concorrencia dos requisitos requiridos para conceder a subvención.

A instrución do procedemento de concesión das axudas correspóndelle ao Servizo de Educación, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, de ser o caso, requirirá para que no prazo de 10 días hábiles se emende a solicitude ou complete a documentación preceptiva (artigo 68.1 LPACAP), coa advertencia de que, de non facelo así, se lle terá por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 21 da LPACAP. A notificación do requirimento realizarase aos interesados mediante publicación na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, no portal de transparencia e no Taboleiro de Edictos, surtindo aquela os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.

DÉCIMO SEGUNDA.- Concesión das axudas.

1. A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para resolver sobre a concesión ou denegación das axudas.
2. Tendo en conta o elevado número de solicitudes a concesión das axudas poderá resolverse escalonadamente , a medida que avance o proceso de verificación.
3. O prazo para resolver será, como máximo, de nove meses dende a data de remate da presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello.

Transcorrido o devandito prazo de nove meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda.

4. A resolución do procedemento será obxecto de publicación na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), no portal de transparencia e no Taboleiro de Edictos, surtindo aquela os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.

DÉCIMO TERCEIRA. Reclamacións

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que as ditou no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais.

DÉCIMO CUARTA. Aceptación da subvención e obrigas das persoas beneficiarias.

A subvención entenderase aceptada se, dentro do prazo de 10 días da súa publicación consonte co artigo 45.1.b) da LPACAP, as beneficiarias non manifestan nada en contra.

DÉCIMO QUINTA. Aboamento das axudas.

Unha vez resolto o procedemento de concesión das axudas por acordo da Xunta de Goberno Local, aboaranse as axudas mediante transferencia bancaria á conta bancaria da persoa solicitante da axuda.

DÉCIMO SEXTA.- Comisión de seguimento.

A Comisión de Seguimento quedará integrada pola concelleira delegada de Educación, que actuará como presidenta, a xefa do Servizo de Educación, a xefa do Servizo de Fiscalización e o técnico medio de actividades culturais e educativas do Servizo de Educación, e será competente para resolver as dúbidas na interpretación das presentes bases .

DÉCIMO SÉTIMA.- Infraccións e sancións.

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e o procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e e no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou no seu caso, o Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o previsto nas Leis 39 e 40, do 1 de outubro de 2015, e Título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril.

DÉCIMO OITAVA.- Publicidade.

1. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.

As presentes Bases reguladoras e a convocatoria publicaranse conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da LXS, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.



Concello de Vigo

Publicaranse, unha vez aprobadas:

- As Bases reguladoras no BOPPO, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

- A Convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

A publicación do Extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes, conforme ao art. 14.1 da LSG.

Estas bases reguladoras e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na páxina web municipal (www.vigo.org).

2. Publicidade das subvencións concedidas.

Todas as axudas que se concedan serán publicadas na páxina web www.vigo.org, no Taboleiro de Edictos e no portal de transparencia do Concello de Vigo, surtindo esta publicación os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.

As subvencións concedidas remitiranse á BDNS para a súa publicación con indicación da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención.

DÉCIMO NOVENA.- Tratamento de datos de carácter persoal.

Os datos persoais facilitados nos formularios son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, e notificacións de obrigado cumprimento, e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén serán obxecto das obrigas de publicación e poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas e beneficiarias poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na

normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

VIXÉSIMA.- Normativa de aplicación.

Esta convocatoria rexeráse polas súas Bases; pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; pola lexislación básica do Estado en materia de réxime local; pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; polos preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; polas Bases de Execución do orzamento do Concello de Vigo; e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

CONVOCATORIA DE AXUDAS MUNICIPAIS A FAMILIAS CON FILLOS E FILLAS EN ENSINO OBRIGATORIO CURSO 2023/24

Primeiro. OBXECTO

As bases da presente convocatoria regulan o procedemento para a concesión de axudas ás familias do alumnado de centros docentes públicos e privados concertados, de Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e de Educación Especial, sitos no termo municipal de Vigo ou que estea empadroado en Vigo e matriculado nas mesmas etapas educativas en centros sostidos con fondos públicos noutros municipios. Estas axudas buscan paliar o impacto sobre a capacidade de compra das familias con menores a cargo, producida pola subida xeneralizada de prezos, coa fin de que poidan facer fronte ao desembolso extraordinario que supoñen os gastos necesarios para a volta á escola do alumnado das referidas etapas educativas.

Segundo. BENEFICIARIOS/AS

Poderán beneficiarse destas axudas os pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado matriculado en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e Educación Especial, en centros docentes sostidos con fondos públicos sitos no termo municipal de Vigo ou doutros municipios sempre que, neste caso, os/as nenos/as estean empadroados/as en Vigo.

Terceiro. RÉXIME DE CONCESIÓN

A concesión destas axudas realizarase en réxime de concorrencia competitiva sen establecer comparación entre as solicitudes e sen fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos nas bases.

Cuarta. REQUISITOS



Concello de Vigo

- a) Que o alumnado para o que se solicite a axuda estea matriculado en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica ou Educación Especial en centros públicos ou concertados situados no termo municipal de Vigo, ou ben, que os nenos e nenas estean empadroados/as en Vigo e matriculados/as nas mesmas etapas educativas en centros sostidos con fondos públicos doutros municipios.
- b) Que o/a solicitante conviva cos/coas alumnos/as para os/as que se solicite a axuda. A convivencia habitual acreditarase mediante informe dos datos do padrón de habitantes (Para os solicitantes empadroados en Vigo a comprobación realizarase polo Concello de Vigo).
- c) Ter presentado a solicitude e a documentación necesaria nos prazos estipulados.
- d) Que os titulares das axudas se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e coa Seguridade Social, e deben cumprir os requisitos do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).
Para a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias referidas establécese o réxime simplificado de conformidade co disposto no artigo 31.7 e) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e artigo 24.4 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 (RLXS).
- e) Situación de acollemento: acreditarase por resolución xudicial ou administrativa.
- f) Situación de tutela: acreditarase por resolución xudicial ou administrativa.

Quinto. NORMATIVA E BASES REGULADORAS

Esta convocatoria rexerese polas súas Bases, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; pola lexislación básica do Estado en materia de réxime local; pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; polos preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; polas Bases de Execución do orzamento do Concello de Vigo; e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Sexto. CONTÍA

A contía das axudas será de 205,00 € (douscentos cinco euros) por cada fillo/a escolarizado/a que reúna os requisitos establecidos na base cuarta.

O financiamento da concesión destas axudas farase con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0002 "Plan extr. axudas familias fillos escolarizados", dotada con 5.842.500,00 euros.

Non se poderán outorgar subvencións por contía superior á que se determina na presente convocatoria. Non entanto, para o suposto de que o crédito sinalado non fose suficiente para atender a todas as solicitudes que cumpran os requisitos esixidos nas presentes bases prevese a posibilidade de tramitar un incremento de crédito nos termos previsto no artigo 31.2 da LSG. O incremento do crédito publicarase nos mesmos medios que a convocatoria sen que implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.

Ao tratarse dun suposto de tramitación anticipada, previsto no artigo 56 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS), a concesión das subvencións queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución da concesión.

Sétimo. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes cumprimentaranse mediante o formulario de solicitude de uso obrigatorio para os interesados.

- **Solicitude telemática (vía preferente):** Poderá presentarse a solicitude por medios electrónicos na sede electrónica do Concello de Vigo a través da URL: <https://www.vigo.org/axudas-ensino> (premendo no botón Tramitar por Internet) achegando a documentación esixida nas bases, sendo necesario asinala por calquera dos medios de sinatura admitidos na Sede Electrónica, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/sede_textos/texto.jsp?idt=sede_firma.

- **Solicitude presencial:** Deberá cumprimentarse o formulario de solicitude a través da URL: <https://www.vigo.org/axudas-ensino> (premendo no botón Tramitar presencialmente) e posteriormente presentalo no Rexistro Xeral Municipal do Concello de Vigo xunto coa documentación esixida nas bases. Así mesmo, os/as interesados/as poderán presentar as súas solicitudes por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).

O prazo de presentación de solicitudes e documentación correspondente será de **dous meses** contados a partir do día seguinte á data de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

A presentación da solicitude implicará que se aceptan as bases da convocatoria, cúmprense os requisitos esixidos nela e que son certos os datos indicados na solicitude; así mesmo, as persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Oitavo.- DOCUMENTACIÓN

1) Con carácter xeral, xunto coa solicitude achegarase a seguinte **documentación**:

- a) DNI, NIE ou pasaporte da persoa solicitante (só para solicitude presencial).
- b) Libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar, coas súas datas de nacemento.
- c) Volante de empadramento familiar (só para os solicitantes non empadroados en Vigo).
- d) Certificado de matrícula do centro escolar acreditativo de que o alumnado para o que se solicita a axuda está matriculado no curso 2023-2024 en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica ou Educación Especial.
- e) Documento acreditativo do IBAN da conta bancaria da persoa solicitante da axuda.
- f) De ser o caso, outro documento xustificativo da convivencia co/coa menor.



Concello de Vigo

g) Declaración responsable do cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social de conformidade co artigo 24.4 do RLXS (esta declaración consta incluída no formulario de solicitude).

2) Solicitantes que presentaron a documentación para as axudas concedidas no curso 2022-2023: De conformidade co artigo 28.2 da LPACAP, os/as solicitantes aos/ás que lles tivese sido concedida a axuda a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio para o curso 2022/2023, non estarán obrigados/as a presentar a documentación que xa presentaron e que pode ser consultada pola Administración. Os solicitantes que se atopen neste caso deberán asinar Declaración Responsable na que afirman: que cumpren cos requisitos recollidos nas bases para a obtención da axuda (que os/as alumnos/as para os/as que solicitan a axuda están matriculados/as nas etapas educativas requiridas nun centro público ou concertado; que conviven cos/coas alumnos/as para os/as que solicitan a axuda e que ostentan a súa custodia/tutela) e que dispoñen da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos, que será posta á disposición da Administración no caso de que esta lles sexa requirida (esta declaración consta incluída no formulario de solicitude).

Se a conta bancaria indicada na solicitude non coincide coa sinalada na solicitude do curso 2022/23 deberán achegar o documento acreditativo do IBAN da conta bancaria da persoa solicitante da axuda.

O alumnado nacido con anterioridade ao ano 2008 deberá presentar certificado de matrícula do centro escolar acreditativo de que o alumno/a está matriculado no curso 2023/2024 en Educación Secundaria Obrigatoria ou Formación Profesional Básica (esta acreditación non será necesaria no caso dos alumnos matriculados en Educación Especial que foron beneficiarios da axuda no curso 2022/23).

Noveno. ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN, RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO, RECURSOS PROCEDENTES E NOTIFICACIÓN

De conformidade co regulado no artigo 22 da LSG o procedemento de concesión de axudas tramitarase mediante procedemento abreviado, polo que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente directamente polo órgano instructor que unicamente deberá comprobar a concorrencia dos requisitos requiridos para conceder a subvención.

A instrución do procedemento de concesión das axudas correspóndelle ao Servizo de Educación, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, de ser o caso, requirirá para que no prazo de 10 días hábiles se emende a solicitude ou complete a documentación preceptiva (artigo 68.1 LPACAP), coa advertencia de que, de non facelo así, se lle terá por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 21 da LPACAP. A notificación do requirimento realizarase aos interesados mediante publicación na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, no portal de transparencia e no Taboleiro de Edictos, surtindo aquela os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para resolver sobre a concesión ou denegación das axudas.

Tendo en conta o elevado número de solicitudes a concesión das axudas poderá resolverse escalonadamente, a medida que avance o proceso de verificación.

O prazo para resolver será, como máximo, de nove meses dende a data de remate da presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello.

Transcorrido o devandito prazo de nove meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda.

A resolución do procedemento será obxecto de publicación na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), no portal de transparencia e no Taboleiro de Edictos, surtindo aquela os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.

A subvención entenderase aceptada se dentro do prazo de 10 días da súa publicación consonte co artigo 45.1.b) da LPACAP, as beneficiarias non manifestan nada en contra.

Contra as bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que as ditou no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais.

Décimo. CRITERIOS DE VALORACIÓN

De conformidade co regulado no artigo 22 da LSG, o órgano instrutor unicamente deberá comprobar a concorrencia dos requisitos requiridos para conceder a subvención.

Undécimo. OUTROS DATOS

As bases reguladoras e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaránse na páxina web www.vigo.org.

Duodécimo. PUBLICACIÓN

As Bases reguladoras e a Convocatoria publicaranse conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da LXS, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Publicaranse, unha vez aprobadas:

- As Bases reguladoras no BOPPO, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

- A Convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes, conforme ao art. 14.1 da LSG.

Todas as axudas que se concedan serán publicadas na páxina web www.vigo.org, no Taboleiro de Edictos e no portal de transparencia do Concello de Vigo, surtindo esta publicación os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.

As subvencións concedidas remitiranse á BDNS para a súa publicación con indicación da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención.



Concello de Vigo

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO DE DD/MM/2023, POLO QUE SE CONVOCAN AS AXUDAS MUNICIPAIS A FAMILIAS CON FILLOS E FILLAS EN ENSINO OBRIGATORIO

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. OBXECTO

As presentes bases regulan o procedemento para a concesión de axudas ás familias do alumnado de centros docentes públicos e privados concertados, de Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e de Educación Especial, sitos no termo municipal de Vigo ou que estea empadroado en Vigo e matriculado nas mesmas etapas educativas en centros sostidos con fondos públicos noutros municipios. Estas axudas buscan paliar o impacto sobre a capacidade de compra das familias con menores a cargo, producida pola subida xeneralizada de prezos, coa fin de que poidan facer fronte ao desembolso extraordinario que supoñen os gastos necesarios para a volta á escola do alumnado das referidas etapas educativas.

Segundo. BENEFICIARIOS/AS

Poderán beneficiarse destas axudas os pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado matriculado en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e Educación Especial, en centros docentes sostidos con fondos públicos sitos no termo municipal de Vigo ou doutros municipios sempre que, neste caso, os/as nenos/as estean empadroados/as en Vigo.

Terceiro. BASES REGULADORAS

As Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo serán publicadas na páxina web municipal www.vigo.org, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Cuarto. CONTÍA

A contía das axudas será de 205,00 € (douscentos cinco euros) por cada fillo/a escolarizado/a que reúna os requisitos establecidos na base cuarta.

O financiamento da concesión destas axudas farase con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0002 "Plan extr. axudas familias fillos escolarizados", dotada con 5.842.500,00 euros.

Non se poderán outorgar subvencións por contía superior á que se determina na presente convocatoria. No entanto, para o suposto de que o crédito sinalado non fose suficiente para atender a todas as solicitudes que cumpran os requisitos esixidos nas presentes bases

prevea a posibilidade de tramitar un incremento de crédito nos termos previsto no artigo 31.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG). O incremento do crédito publicarase nos mesmos medios que a convocatoria sen que implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.

Ao tratarse dun suposto de tramitación anticipada, previsto no artigo 56 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS), a concesión das subvencións queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución da concesión.

Quinto. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes cumprimentaranse mediante o formulario de solicitude de uso obrigatorio para os interesados.

- **Solicitude telemática (vía preferente):** Poderá presentarse a solicitude por medios electrónicos na sede electrónica do Concello de Vigo a través da URL: <https://www.vigo.org/axudas-ensino> (premendo no botón Tramitar por Internet) achegando a documentación esixida nas bases, sendo necesario asinala por calquera dos medios de sinatura admitidos na Sede Electrónica, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/sede_textos/texto.jsp?id=sede_firma.

- **Solicitude presencial:** Deberá cumprimentarse o formulario de solicitude a través da URL: <https://www.vigo.org/axudas-ensino> (premendo no botón Tramitar presencialmente) e posteriormente presentalo no Rexistro Xeral Municipal do Concello de Vigo xunto coa documentación esixida nas bases. Así mesmo, os/as interesados/as poderán presentar as súas solicitudes por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

O prazo de presentación de solicitudes e documentación correspondente será de **dous meses** contados a partir do día seguinte á data de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

A presentación da solicitude implicará que se aceptan as bases da convocatoria, cúmprense os requisitos esixidos nela e que son certos os datos indicados na solicitude; así mesmo, as persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Sexto.- DOCUMENTACIÓN

1) Con carácter xeral, xunto coa solicitude achegarase a seguinte **documentación**:

- a) DNI, NIE ou pasaporte da persoa solicitante (só para solicitude presencial).
- b) Libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar, coas súas datas de nacemento.
- c) Volante de empadramento familiar (só para os solicitantes non empadroados en Vigo).
- d) Certificado de matrícula do centro escolar acreditativo de que o alumnado para o que se solicita a axuda está matriculado no curso 2023-2024 en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica ou Educación Especial.



Concello de Vigo

- e) Documento acreditativo do IBAN da conta bancaria da persoa solicitante da axuda.
- f) De ser o caso, outro documento xustificativo da convivencia co/coa menor.
- g) Declaración responsable do cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social de conformidade co artigo 24.4 do RLXS (esta declaración consta incluída no formulario de solicitude).

2) Solicitantes que presentaron a documentación para as axudas concedidas no curso 2022-2023: De conformidade co artigo 28.2 da LPACAP, os/as solicitantes aos/ás que lles tivese sido concedida a axuda a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio para o curso 2022/2023, non estarán obrigados/as a presentar a documentación que xa presentaron e que pode ser consultada pola Administración. Os solicitantes que se atopen neste caso deberán asinar Declaración Responsable na que afirman: que cumpren cos requisitos recollidos nas bases para a obtención da axuda (que os/as alumnos/as para os/as que solicitan a axuda están matriculados/as nas etapas educativas requiridas nun centro público ou concertado; que conviven cos/coas alumnos/as para os/as que solicitan a axuda e que ostentan a súa custodia/tutela) e que dispoñen da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos, que será posta á disposición da Administración no caso de que esta lles sexa requirida (esta declaración consta incluída no formulario de solicitude).

Se a conta bancaria indicada na solicitude non coincide coa sinalada na solicitude do curso 2022/23 deberán achegar o documento acreditativo do IBAN da conta bancaria da persoa solicitante da axuda.

O alumnado nacido con anterioridade ao ano 2008 deberá presentar certificado de matrícula do centro escolar acreditativo de que o alumno/a está matriculado no curso 2023/2024 en Educación Secundaria Obrigatoria ou Formación Profesional Básica (esta acreditación non será necesaria no caso dos alumnos matriculados en Educación Especial que foron beneficiarios da axuda no curso 2022/23).

Sétimo. OUTROS DATOS

As bases reguladoras e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na páxina web www.vigo.org.

8(935).- PROPOSTA APROBACIÓN DA RENDICIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DOS LIBRAMENTOS DE FONDOS A XUSTIFICAR. EXPTE. 102961/140.

Visto o informe de fiscalización do 10/11/2023, dáse conta do informe-proposta do 13/11/2023, asinado pola xefa de Fiscalización e o interventor xeral e conformado polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Legislación aplicable:

- Artigos 190 e 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Artigo 69 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril.

- Base 23 das de Execución do Orzamento de 2023.
En relación á/s contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Reintegro	S/ a favor
Abalde Comesaña Raquel	202300134761	9120.2310000	500,00	45,50	28/06/23	22/09/23	28/09/23	454,50	---
Abalde Comesaña Raquel	202300138537	9120.2269900	500,00	376,79	29/06/23	22/09/23	29/09/23	123,21	---
Abalde Comesaña Raquel	202300140907	9120.2260100	2.000,00	1.659,70	11/07/23	05/10/23	11/10/23	340,30	---
Abalde Comesaña Raquel	202300140908	9120.2300000	800,00	0,00	11/07/23	05/10/23	11/10/23	800,00	---
Carballo Acuña Alberto	202300134359	1320.2120000	1.000,00	0,00	26/06/23	22/09/23	26/09/23	1.000,00	—
Carballo Acuña Alberto	202300134763	1320.2140000	1.000,00	431,40	28/06/23	27/09/23	28/09/23	568,60	---
Carballo Acuña Alberto	202300139471	1320.2230000	1.500,00	0,00	03/07/23	13/09/23	03/10/23	1.500,00	—
Carballo Acuña Alberto	202300139816	1320.2269900	1.000,00	150,56	05/07/23	03/10/23	05/10/23	849,44	---
Carballo Acuña Alberto	202300139817	1320.2312000	200,00	11,35	05/07/23	12/09/23	05/10/23	188,65	---
Carballo Acuña Alberto	202300139818	1320.2219900	1.000,00	704,25	05/07/23	29/09/23	05/10/23	295,75	—
Fernández Fernández Paz	202300139470	2310.7800000	15.000,00	12.915,27	03/07/23	06/10/23	03/10/23	2.084,73	---
García Álvarez Luis	202300048046	3371.2230000	695,86	406,73	17/04/23	02/08/23	17/07/23	289,13	---
García Álvarez Luis	202300134529	2311.4800000	3.000,00	3.000,00	27/06/23	25/09/23	27/09/23	0,00	—
Núñez-Torrón López Jesús	202300120572	2310.4800000	300.000,00	265.686,27	26/05/23	21/09/23	26/08/23	34.313,73	—
Núñez-Torrón López Jesús	202300139468	2310.4810000	275.000,00	242.444,80	03/07/23	21/09/23	03/10/23	32.555,20	---
Vituro Gómez Marcos	202300139088	9201.2260300	3.000,00	2.672,24	30/06/23	29/09/23	30/09/23	327,76	—
TOTAL			606.195,86	530.504,86				75.691,00	

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

Alcance da fiscalización	Si	Non
Se rendiron no prazo establecido a excepción das ordes de pago a xustificar n.º 202300139470 de Fernández Fernández Paz, n.º 202300048046 de García Álvarez Luis e n.º 202300120572 de Núñez-Torrón López Jesús.	✓	
A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración.	✓	



Concello de Vigo

Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fondos.	✓	
Acredítase a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante.	✓	
Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobrante.	✓	

Resultado da fiscalización

De conformidade	Con observacións	De disconformidade
✓	As ordes de pago a xustificar n.º 202300139470 de Fernández Fernández Paz, n.º 202300048046 de García Álvarez Luis e n.º 202300120572 de Núñez-Torrón López Jesús.	

A diversa documentación que compón as contas xustificativas, deberá ser unida ó mandato de pagamento orixinal despois da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

PROPOSTA

A Base 23 das Bases de Execución do Orzamento Xeral do ano 2023 indica que as contas xustificativas rendidas polos seus perceptores deberán ser aprobadas pola Xunta de Goberno Local, polo que se propón a este órgano a aprobación das seguintes:

Habilitado	Nº pagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Reintegro	S/ a favor
Abalde Comesaña Raquel	202300134761	9120.2310000	500,00	45,50	28/06/23	22/09/23	28/09/23	454,50	---
Abalde Comesaña Raquel	202300138537	9120.2269900	500,00	376,79	29/06/23	22/09/23	29/09/23	123,21	---
Abalde Comesaña Raquel	202300140907	9120.2260100	2.000,00	1.659,70	11/07/23	05/10/23	11/10/23	340,30	---
Abalde Comesaña Raquel	202300140908	9120.2300000	800,00	0,00	11/07/23	05/10/23	11/10/23	800,00	---
Carballo Acuña Alberto	202300134359	1320.2120000	1.000,00	0,00	26/06/23	22/09/23	26/09/23	1.000,00	—
Carballo Acuña Alberto	202300134763	1320.2140000	1.000,00	431,40	28/06/23	27/09/23	28/09/23	568,60	---
Carballo Acuña Alberto	202300139471	1320.2230000	1.500,00	0,00	03/07/23	13/09/23	03/10/23	1.500,00	—
Carballo Acuña Alberto	202300139816	1320.2269900	1.000,00	150,56	05/07/23	03/10/23	05/10/23	849,44	---
Carballo Acuña Alberto	202300139817	1320.2312000	200,00	11,35	05/07/23	12/09/23	05/10/23	188,65	---
Carballo Acuña Alberto	202300139818	1320.2219900	1.000,00	704,25	05/07/23	29/09/23	05/10/23	295,75	—
Fernández Fernández Paz	202300139470	2310.7800000	15.000,00	12.915,27	03/07/23	06/10/23	03/10/23	2.084,73	---
García Álvarez Luis	202300048046	3371.2230000	695,86	406,73	17/04/23	02/08/23	17/07/23	289,13	---

García Álvarez Luis	202300134529	2311.4800000	3.000,00	3.000,00	27/06/23	25/09/23	27/09/23	0,00	—
Núñez-Torrón López Jesús	202300120572	2310.4800000	300.000,00	265.686,27	26/05/23	21/09/23	26/08/23	34.313,73	—
Núñez-Torrón López Jesús	202300139468	2310.4810000	275.000,00	242.444,80	03/07/23	21/09/23	03/10/23	32.555,20	---
Vituro Gómez Marcos	202300139088	9201.2260300	3.000,00	2.672,24	30/06/23	29/09/23	30/09/23	327,76	—
TOTAL			606.195,86	530.504,86				75.691,00	

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(936).-RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA A PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE LIMPEZA DA CASA DO CONCELLO E DOUTRAS INSTALACIÓNS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO. EXPTE. 8450/252.

Dáse conta do informe-proposta de data 09/11/2023, asinado polo xefe do Servizo de Limpeza, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1. O Contrato dos servizos de limpeza da casa consistorial e outras instalacións e dependencias do Concello de Vigo (expte. 81/441), adxudicouse por Acordo da Xunta de Goberno Local de 6 de setembro de 2019 á empresa URBASER, S.A, por un prezo total de 8.403.831,10 euros, IVE engadido, e un prazo de catro anos coa posibilidade dun ano máis de prórroga.
2. O contrato formalizouse en data 10/10/2019, iniciándose a prestación o 01/11/2019 polo que a data de remate antes da prórroga prevista é o día 31 de outubro do 2023. Coa prórroga prevista o remate do contrato será o día 31 de outubro do 2024.
3. En data 17 de xullo do 2023 o 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro-delegada da Área de goberno de Fomento e servizos resolveu tramitar a prórroga prevista no contrato. O expediente que se tramitou para a prórroga é o 8450/252, que concluíu co acordo da prórroga por un ano adoptado polo órgano de contratación do concello de Vigo na sesión ordinaria de 08 de setembro de 2023.
4. Consta no expediente de prórroga (8450/252), o aviso previo de prórroga á empresa adxudicataria URBASER, S.A. enviado en data 20 de xullo de 2023 e recibido por esta o 21 de xullo de 2023.



Concello de Vigo

5. Á conclusión do expediente de prórroga e unha vez adoptado o acordo pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en data 08/09/2023, este foille notificado á empresa o día 15 de setembro de 2023, e recibido por esta o día 18 de setembro de 2023.

6. O 14 de setembro de 2023, un día antes da remisión da notificación do acordo de prórroga do órgano de contratación, a representación de Urbaser, S.A. presentou escrito ante esta Administración municipal, no que aduce que ao non terse recibido por esta mercantil o acordo da Xunta de Goberno Local, de prórroga do contrato de referencia, con dous meses de antelación a data de finalización do mesmo, ten de entenderse, de acordo coa literalidade do PCAP do contrato que este finaliza o 31 de outubro de 2023 e que a continuación do contrato ao abeiro do principio de continuidade dos servizos públicos, coa correspondente compensación económica determinada de mutuo acordo entre o Concello e Urbaser, S.A.

7. Recibida por Urbaser, S.A. a notificación do acordo municipal de prórroga, por esta, en prazo hábil, interpúxose recurso de reposición contra o mesmo, no que se opón á prórroga do contrato acordada en base aos mesmos argumentos aducidos no escrito de 14 de setembro de 2023.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. O recurso non pode ser estimado: o artigo 29. 2 LCSP establece que: «2. El contrato podrá prever una o varias prórrogas siempre que sus características permanezcan inalterables durante el período de duración de estas, sin perjuicio de las modificaciones que se puedan introducir de conformidad con lo establecido en los artículos 203 a 207 de la presente Ley» e que «La prórroga se acordará por el órgano de contratación y será obligatoria para el empresario, siempre que su preaviso se produzca al menos con dos meses de antelación a la finalización del plazo de duración del contrato, salvo que en el pliego que rija el contrato se establezca uno mayor».

A LCSP non esixe que o aviso previo de prórroga provenga do órgano de contratación e que o aviso previo o sexa da prórroga xa acordada polo órgano de contratación e se ben o punto 3º da cláusula 7 “Prazo”, do PCAP do contrato que nos ocupa establece que «A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato», o certo é que o aviso previo da prórroga se produciu e se notificou a Urbaser, S. A. o 21 de xullo de 2023 e que a aprobación da prórroga pola Xunta de Goberno Local dentro dos dous meses anteriores á data de finalización do contrato, o 08/09/2023, notificado á contratista o día 18 de setembro de 2023, constitúe unha ratificación ou confirmación do aviso previo, que sana os defectos de que puidese adoeecer éste desde a data do aviso previo. Así o dispoñen o artigo 1.313 do Código Civil, conforme ao cal «La confirmación purifica al contrato de los vicios de que adoleciera desde el momento de su celebración» e o 1208 do mesmo texto, segundo o cal «La novación es

nula si lo fuere también la obligación primitiva, salvo que la causa de nulidad sólo pueda ser invocada por el deudor, o que la ratificación convalide los actos nulos en su origen».

II.- É órgano competente para resolver o presente recurso de reposición a Xunta de Goberno Local, como autora do acto impugnado en reposición.

Polo exposto propónse a Xunta de Goberno Local adopción do presente

ACORDO

Primeiro.- Desestimar o recurso de reposición interposto pola mercantil URBASER, S.A contra o acordo da Xunta de Goberno Local, de acordo pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en data de 8 de setembro de 2023, polo que se aprobou a prórroga do contrato dos servizos de limpeza da casa consistorial e outras instalacións e dependencias do Concello de Vigo, polo que a prestación dos devanditos servizos de limpeza realizaranse a partir do día 1 de novembro do ano 2023 conforme ao indicado no acordo de prórroga

Segundo.- Notifíquese esta resolución ao contratista, con indicación de que a presente resolución é definitiva e firme en vía administrativa e que contra a mesma poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, a partir do día seguinte á recepción da súa notificación, sen prexuízo de que a interesada poida exercitar, no seu caso, calquera outro que estime procedente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(937).- OUTORGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS PARA A ORGANIZACIÓN E DIFUSIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS PARA O ANO 2023. EXPTE. 11239/320.

Visto o informe de fiscalización de data 13/11/2023, dáse conta do informe-proposta de data 30/10/2023, asinado pola xefa de Participación Cidadá e conformado polo concelleiro-delegado, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 1 de setembro de 2023, aprobáronse as bases reguladoras das subvencións para o financiamento de gastos de organización de actos sociais e encontros veciñais para a ano 2023.

Ditas bases foron publicadas no BOP núm. 179 do 15 de setembro de 2023, así como, na páxina web do Concello de Vigo, promovéndose a concorrencia de solicitudes polo prazo de 10 días naturais, a contar dende o seguinte da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (20 de setembro de 2023).



Concello de Vigo

Durante este prazo (do 21 ao 30 de setembro de 2023), achegaron un total de vinte e tres solicitudes (23):

	N.º EXP-TE	CIF	DATA RE-XISTRO	ENTIDADE
1	11366-320	G-27745918	21.09.23	ASOCIACIÓN DE FESTAS SAN MIGUEL ARCANXO
2	11368-320	G-36757003	22.09.23	ASOC. HERMANDAD FIESTAS PATRONALES CAN-DEÁN
3	11369-320	G-36731404	22.09.23	COMISIÓN FESTAS NOSA SRA DAS NEVES A GUÍA
4	11370-320	G-36846921	22.09.23	ASOC. CULTURAL IRMANDADE DE FESTAS DAS DORES DE CABRAL
5	11371-320	G-36691855	22.09.23	ASOCIACIÓN VECIÑAL SAN MAMEDE ZAMÁNS
6	11372-320	G-36632081	26.09.23	AVCU CSCR DE BEADE
7	11373-320	G-36837425	26.09.23	ASOC. CULTURAL HERMANDA FIESTAS SANTA MA-RINA DE CABRAL
8	11374-320	G-36840940	26.09.23	IRMANDADE DE SAN CAMPIO
9	11377-320	G-36628543	26.09.23	ASOC CULTURAL E DEPORTIVA XESTAS
10	11378-320	G-36659894	26.09.23	ASOCIACIÓN VECIÑAL SAN ROQUE
11	10840-320	G-36954162	27.09.23	ASOC. IRMANDADE NOSA SRA. DAS NEVES DE MA-TAMÁ
12	10838-320	G-36620854	27.09.23	ASOC. CULTURAL E DEPORTIVA ATLÁNTIDA DE MATAMÁ
13	11384-320	G-36654036	27.09.23	ASOCIACIÓN VECIÑAL UNIÓN DE MATAMÁ
14	11385-320	G-36729796	27.09.23	ASOCIACIÓN VECIÑAL FEIRA CABRAL
15	11387-320	G-36648095	27.09.23	HERMANDAD FIESTAS SANTA ANA BEADE

	N.º EXP-TE	CIF	DATA RE-XISTRO	ENTIDADE
16	11388-320	G-36904530	28.09.23	CLUB DEPORTIVO CSCR BEADE
17	11389-320	G-36790228	28.09.23	ASOC. COMISIÓN FESTAS VIRXEN AFLIXIDOS ZAMÁNS
18	11396-320	G-36633030	29.09.23	ASOCIACIÓN CULTURAL FESTAS DA CONSOLACIÓN DE COIA
19	11398-320	G-36641033	29.09.23	ASOC. VECIÑAL DOCTOR JOSÉ CASÁS BOUZAS
20	11399-320	G-36763225	29.09.23	HERMANDAD DEVOTOS SAN ROQUE
21	11400-320	G-36649325	29.09.23	ASOC. VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA O CARBALLO DE SÁRDOMA
22	11401-320	G-36769214	29.09.23	ASOCIACIÓN CULTURAL DO SALVADOR DE TEIS
23	11403-320	G-36617082	29.09.23	ASOC. CENTRO CULTURAL ARTÍSTICO E RECREATIVO DE VALLADARES

OBXECTO DA SUBVENCIÓN E ENTIDADES BENEFICIARIAS

As subvencións convocadas están dirixidas a fomentar o asociacionismo e a participación cidadá, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía. As subvencións convocadas na convocatoria de 2023 están destinadas a fomentar os seguintes programas:

- **Programa I: Gastos correntes derivados de servizos de montaxe e desmontaxe de instalacións cubertas ou estruturas mobles similares, sempre que non impliquen cesión a terceiros onde realicen nelas actividades mercantís ou comerciais** destinadas á celebración de actos sociais ou encontros veciñais de carácter lúdico, benéfico, festivo e social que sexan de acceso libre, e gratuíto e se realicen en espazos abertos.

- **Programa II: Gastos correntes derivados da organización de xogos populares:** gastos derivados do aluguer de locais/instalacións/mobiliario/megafonía/medios audiovisuais, trofeos, limpeza, material para as actividades, seguros, publicidade (cartelería, dípticos, vestiario e outro material publicitario...), e todos aqueles gastos que respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

- **Programa III: Gastos de deseño, maquetación e edición de publicacións en papel ou en soportes dixitais; e gastos de impresión e distribución de publicacións.**



Concello de Vigo

CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

A contía total destinada a estas axudas é de **100.000,00 euros (cen mil euros)** e farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria **9240 4890000 denominada “Subvencións a entidades cidadás”** do vixente exercicio orzamentario, distribuídos da seguinte maneira:

· **Programa I:** subvencións para financiamento dos gastos derivados de servizos de montaxe e desmontaxe de carpas, instalacións cubertas ou estruturas mobles similares, cunha contía total de **30.000,00 euros**. O importe máximo subvencionable será de **2.700,00 €**, para cada unha das entidades beneficiarias

· **Programa II:** subvencións para financiamento da organización de competicións de xogos populares, cunha contía total de **15.000,00 euros**, que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

a) competicións de xogos populares de ámbito internacional, nacional, autonómico, cun importe máximo subvencionable para cada unha das entidades beneficiarias de **9.000,00 €** para os de ámbito internacional e nacional e de **5.000 €** para os de ámbito autonómico.

b) competicións de xogos populares de ámbito municipal consolidado (máis de 40 edicións), cun importe máximo subvencionable para cada unha das entidades beneficiarias de **3.000,00 €**

· **Programa III:** subvencións para o deseño e impresión de publicacións promovidos por entidades cunha contía total de **55.000,00 euros**, que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

a) Subvencións para o deseño e impresión de libros sobre a historia das distintas parroquias, cun importe máximo subvencionable será de **10.000 €**.

b) Subvencións para o deseño e impresión de libros e publicacións relativos a festas, cun importe máximo subvencionable de **4.000 €**.

En ningún caso, as axudas outorgadas superan os límites cuantitativos fixados na base cuarta das subvencións.

PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN E CRITERIOS DE VALORACIÓN

O procedemento iniciouse de oficio mediante convocatoria aprobada polo órgano competente (art. 20 da LSG) e tramítase en réxime de **concorrenza competitiva**, de acordo co art. 22.1 da LXS.

Respecto do proceso de outorgamento das subvencións realizouse en base aos cálculos detallados no baremo que constan no expediente da convocatoria, e conforme aos criterios de valoración. Cabe sinalar que nesta convocatoria realizouse a baremación das solicitudes recibidas, si ben, non se adxudican as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, xa que, o crédito dispoñible é superior ao importe solicitado polo conxunto das entidades solicitantes unha vez aplicados os límites fixados na presente convocatoria e que se detallan a continuación:

A contía total destinada a estas axudas é de **100.000,00 euros (cen mil euros)**, si ben, conforme á base 10ª. 11 (“ O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas, doutro/s dos programas a proposta da comisión de avaliación, distribuíndo o mesmo proporcionalmente ao importe total solicitado por cada un dos programas.”), **acordase incrementar o crédito inicial de 30.000,00 € previsto para o Programa I ata completar o importe solicitado en dito programa (35.658,50 €), e proceder a minorar o crédito previsto para o Programa II de “Competicións de Xogos Populares” na mesma proporción:**

I.- Programa I: 35.658,50 €

Neste caso o importe total solicitado, unha vez aplicado o límite máximo de 2.700,00 € por entidade, ascende a **un total de 35.658,50 €**, polo que o crédito inicialmente previsto para este programa resulta insuficiente e incrementase co saldo sobrante do Programa II.

II.- Programa II: 3.080,47 €

Na actual convocatoria soamente se recibiu a solicitude dunha entidade; Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva Xestas (G-36628543) para o Torneo de Petanca-Chave de carácter autonómico, por importe de 3.080,47 €

III.- Programa III: 48.165,14 €

CRÉDITO INICIAL	TOTAL SUBVENCIONES OUTORGADAS	SALDO FINAL
1.000,00 €	86.904,11 €	13.095,89 €

A cláusula décima das bases reguladoras da subvención, recolle os criterios de valoración, precisando a ponderación relativa atribuída a cada un deles:

a) **Traxectoria e antigüidade da entidade.**- Ata 10 puntos.

Valorarase tendo en consideración as datas de constitución e a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións:

- Segundo o ano de inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións: Ata 5 puntos

Ano 87 a 93	5
Ano 94 a 99	4
Ano 2000 a 2005	3
Ano 2006 a 2012	2
Ano 2013 a 2018	1
En adiante	0
- Segundo o ano de constitución da entidade: Ata 5 puntos (*Tómase como referencia a data que consta no Rexistro Municipal de Asociación e concorda coa documentación visada por algunha Administración Pública, non considerándose acreditado outro tipo de documentos como Carteis publicitarios..*)

Antigüidade: mais de 50 anos:	5
-------------------------------	---



Concello de Vigo

26 a 50 anos	4
11 a 25 anos	3
5 a 10 anos	2
1 a 4 anos	1

b) Calidade e viabilidade técnica dos proxectos e actividades subvencionables en cada un dos programas:

Programa I: Gastos derivados de actividades de montaxe e desmontaxe de instalacións cubertas ou estruturas mobles similares, sempre que non impliquen cesión a terceiros onde realicen nelas actividades mercantís ou comerciais:

- Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais: Actividade/s similares desenvolvida/s en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 8 puntos)

Nunha 1 edición anterior:	2 puntos
En 2 edicións anteriores:	4 puntos
En 3 edicións anteriores::	6 puntos
En 4 ou mais edicións anteriores:	8 puntos

- Duración das actividades desenvolvidas (máximo 8 puntos):

1 día:	2 puntos
2 días :	4 puntos
3 días :	6 puntos
4 ou mais días:	8 puntos

- Nº de eventos ou instalacións para os que solicita as axudas (máximo 3): Ata 2 puntos

1 actividade:	2 punto
2 actividades:	1 puntos
3 actividades:	0 puntos

- Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na difusión das actividades que fundamentan a concesión da subvención (máximo 2 puntos):

Si:	2 puntos
Non:	0 puntos

Programa II: Gastos de organización de xogos populares

- Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais:

- Competicións de xogos populares de **ámbito internacional, nacional o autonómico** similares desenvolvida/s en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 8 puntos):

Nunha 1 edición anterior:	2 puntos
En 2 edicións anteriores:	4 puntos
En 3 edicións anteriores:	6 puntos
En 4 ou mais edicións anteriores:	8 puntos

- Competicións de xogos populares de **ámbito municipal consolidado** (máis de 40 edicións) similares desenvolvida/s en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 5 puntos):

Máis de 40 edicións:	1 punto
Máis de 45 edicións:	2 puntos
Máis de 50 edicións:	3 puntos
Máis de 55 edicións:	4 puntos
Máis de 60 edicións:	5 puntos

• Duración das actividades desenvolvidas (máximo 8 puntos):

1 día:	2 puntos
2 días :	4 puntos
3 días :	6 puntos
4 ou mais días:	8 puntos

• Número de entidades participantes .- Ata 10 puntos:

Máis de 5 entidades:	5 puntos
Máis de 10 entidades:	10 puntos

• Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega no desenvolvemento e difusión das actividades que fundamentan a concesión da subvención (máximo 2 puntos):

Si:	2 puntos
Non:	0 puntos

Programa III: Gastos para o deseño e impresión de publicacións

• Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais:

- Deseño e impresión de **libros sobre a historia** das distintas parroquias similares publicados en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 8 puntos):

Nova publicación:	8 puntos
Nunha edición anterior:	6 puntos
En 2 edicións anteriores:	4 puntos
En 3 ou mais edicións anteriores:	2 puntos



Concello de Vigo

- **Ámbito xeográfico da difusión de libros sobre a historia das distintas parroquias:** (máximo 5 puntos):

Distrito/Parroquial:	1 punto
Municipal	2 puntos
Autonómico:	3 puntos
Nacional:	4 puntos
Internacional:	5 puntos

(Para a xustificación deste apartado a entidade terá que certificar o ámbito xeográfico de distribución da publicación na memoria do proxecto)

- **Deseño e impresión de libros e publicacións relativos a festas** similares publicados en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 10 puntos):

Mais de 12 meses:	2 puntos
De 2 a 5 anos	4 puntos
De 6 a 10 anos:	6 puntos
De 11 a 15 anos:	8 puntos
Mais de 15 anos:	10 puntos

(Para a xustificación deste apartado a entidade terá que presentar dixitalizado o exemplar máis antigo publicado na memoria do proxecto)

• **Número de exemplares editados ou impresos en ambas publicacións (II-III):** ata 10 puntos.

Ata 100:	2 puntos
De 101 a 500	4 puntos
De 501 a 550:	6 puntos
De 551 a 1.000:	8 puntos
Mais de 1.000:	10 puntos

(Para a xustificación do número de exemplares impresos terá que constar de forma detallada na correspondente factura ou presentar unha certificación da imprenta na memoria do proxecto)

• **Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na edición de ambas publicacións (II-III) que fundamentan a concesión da subvención (máximo 5 puntos):**

Si:	5 puntos
Non:	0 puntos

No caso de que a proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de 5 puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.

c) Viabilidade económica das propostas presentadas en función do orzamento previsto.-Ata 5 puntos

- De 1 € a 2.000 €: 1 punto
- De 2.001 a 3.000 €: 2 puntos
- De 3.001 a 4.000 €: 3 puntos
- De 4.001 a 5.000 €: 4 puntos
- De 5.001 en adelante: 5 puntos

No caso de que a proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de 5 puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.

CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS E DOCUMENTACIÓN

a) Todas as asociacións ás que se propón outorgar subvención no punto primeiro da parte dispositiva deste informe, están debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociación, e concretamente en algúns dos epígrafes previstos (*entidades sociais e asistenciais, culturais, festivas e de lecer, peñas recreativas, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, respectivamente*) cumprindo así co disposto nas bases primeira e segunda da norma reguladora das subvencións.

b) Todas as solicitudes para concorrer no procedemento se solicitaron no prazo establecido ao efecto na base oitava (do 21 ao 30 de setembro de 2023).

c) En ningún caso se superan os límites cuantitativos establecidos na base cuarta da convocatoria.

d) Todas as asociacións ás que se lle concede subvención, teñen sede social ou delegación no termo municipal de Vigo (Base 2.1).

e) Dos seus estatutos e normas reguladoras despréndese que ditas entidades teñen obxectivos e fins coincidentes cos establecidos nas bases, dispoñendo dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos mesmos (Base 2 e 3). Para dar cumprimento a este requisito, as persoas que ostentan o cargo de secretario/a, achegan unha certificación nos que se contemplan estes termos.

f) Incorpóranse ao expediente a certificacións acreditativas de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AET, Facenda da Xunta de Galicia, e Concello de Vigo, así como das obrigas coa Seguridade Social.

g) Constan as declaracións de que as entidades beneficiarias non se atopan incursoas en ningunha das prohibicións do art. 13 da LXS.

h) As asociacións concorreron achegando a solicitude e anexos á solicitude, regulada na Base 9ª e aprobada como modelo oficial.

PRAZO E CONTIDO DA RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN



Concello de Vigo

O concelleiro da Área de Goberno de Parques e xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, (Resolución da Alcaldía de data 19/06/2023, BOP nº 123 de data 27/06/2023), conforme ao establecido no apartado 11ª das bases da convocatoria (“procedemento: instrución, resolución, notificación e/ou publicación, recursos e renuncia”) resolveu o nomeamento dos titulares da Comisión de Valoración que preside, de conformidade coa dita base, cos seguintes membros:

Presidente	Titular	Pablo Estévez Rodríguez	Concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos
Vogal 1	Titular	Carla Candia Paz	A xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, (Por resolución do 11/04/2022), ou persoa que a substitúa.
Vogal 2	Titular	Marta Alonso Posada	Administrativa da Administración Xeral
Secretaria	Titular	Carla Candia Paz	A xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, (Por resolución do 11/04/2022) ou persoa que a substitúa.

Na parte dispositiva deste informe proposta, incorpórase a relación das vinte e unha (21) entidades as que se lle propón conceder subvención, para os Programas para os que solicitou axuda.

Proponse, por outra lado, desestimar 2 solicitudes e retirar conceptos non subvencionables, por incumprir coas condicións e requisitos establecidos nas bases.

Deste xeito, a comisión de valoración, en xuntanzas do 19 de outubro de 2023, e conforme á información e documentación obrante no expediente, procede a realizar a avaliación das solicitudes presentadas cos resultados expostos na acta da comisión asinada por todos os seus compoñentes e que se achega xunto co expediente, acordando o seguinte:

DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDES DE SUBVENCIÓN

Das solicitudes achegadas, segundo o disposto nas bases 1ª.d) (beneficiarias das subvencións), 2ª (*Requisitos dos Solicitantes*) e 6ª (*Desestimación das Solicitudes*) da norma reguladora das subvencións, acórdase propor a desestimación da presentada por DÚAS entidades, que non reúne os requisitos para obter a condición de beneficiaria:

1.- Club Deportivo CSCR Beade (G-36904530) (EXTE: 11388-320), inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co núm. 1394-21, no **epígrafe 3.1.1 “ Club Deportivo”**, epígrafe non previsto nas bases da convocatoria.

A entidade non cumpre co requisito de estar inscrita en algún dos epígrafes previstos para o Programa no que a entidade solicita a subvención:

Programa I: subvencións para financiamento dos gastos derivados de servizos de montaxe e desmontaxe de instalacións cubertas ou estruturas mobles similares, sempre que non impliquen cesión a terceiros onde realicen nelas actividades mercantís ou comerciais, por mor da organización de actos sociais e encontros veciñais no termo municipal de Vigo, celebrados por entidades sociais e asistenciais, culturais, festivas e de lecer, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, inscritas nos seguintes epígrafes do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA, en diante):

1. Asistencial e saúde
2. Cultura e Arte
- 3.2 Festivas e de lecer
- 10.1 Asociacións veciñais
- 10.5 Sociedades Culturais, Recreativas e Deportivas

TÁBOA 1 (Entidade inscrita nun epígrafe do Rexistro Municipal de Asociacións Non previsto nas bases da convocatoria: 3.1.1 Club Deportivo)		
CIF	ENTIDADES	MOTIVO DESESTIMACIÓN
G-36904530	Club Deportivo CSCR <i>(inscrita no epígrafe 3.1.1 "Club Deportivo" do Rexistro Municipal de Asociacións)</i>	Base 1ª.d): "Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades que figuren inscritas nos epígrafes sinalados en cada un dos Programa referidos no Rexistro Municipal de Asociacións (entidades sociais e asistenciais, culturais, festivas e de lecer, peñas recreativas, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, respectivamente)..."

2.- Asociación Cultural do Salvador de Teis (G-36769214)

Proponse a desestimación da subvención solicitada pola representante da Asociación Cultural do Salvador de Teis, D^a Tamara Covelo Martínez, xa que, **a entidade non atendeu, no prazo de 10 días hábiles, ao requirimento solicitado** o pasado 9 de outubro a través da notificación co número de saída 109418-2023-1 (*acuse de data 10.10.2023*) e rexistrado no expediente número 11401-320, no que se lle requiría o seguinte:

"1.- ...requírese a identificación da entidade solicitante e a sinatura electrónica do/a representante legal da entidade (no suposto de non corresponder ao presidente/a e se delegue en outra persoa, debe presentarse o documento que acredite dita representación).

Así mesmo, requírese que todos os Anexos (I,II,III,IV,V e VI) sexan, debidamente cumprimentados e asinados electronicamente polo/a representante legal con anterioridade á súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.



Concello de Vigo

2.- Conforme ao establecido na base 2.3 "Requisitos dos Solicitantes", é preciso que se presente unha certificación asinada pola secretaria da entidade onde se acredite o seguinte:
" As entidades solicitantes deben dispoñer dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesarias para acadalos. Para dar cumprimento a este requisito, a persoa que ostente o cargo de secretario/a deberá achegar unha certificación nos que se contemplan estes términos."

TÁBOA 2 (Solicitud e documentación incompleta)		
CIF	ENTIDADE	MOTIVO de DESESTIMACIÓN
G-36769214	Tamara Covelo Martínez, como representante da Asociación Cultural do Salvador de Teis	Base 6.2: as solicitudes daquelas entidades que non cumpren os requisitos establecidos nas bases desta convocatoria e na lexislación vixente aplicable para acadar a condición de beneficiarios

RETIRADA DE CONCEPTOS SOLICITADOS POR NON CONSIDERARSE CONCEPTOS SUBVENCIONABLES

Unha vez analizadas as solicitudes presentadas, e conforme á base terceira da convocatoria de subvencións "Gastos subvencionables" e a base 5ª "Compatibilidade de subvencións", a comisión de valoración considera que non son gastos subvencionables os descritos a continuación:

Asociación Cultural e Deportiva Xestas:

Unha vez examinada a súa solicitude, a Comisión de Valoración, acorda retirar os conceptos que se detallan a continuación por constar na solicitude de subvención presentada no servizo de Deportes:

- *Electricidade (333,85 €)*
- *Seguros (1.099,20 €)*
- *Acto Clausura (473,65 €)*

Así mesmo, acordase retirar o concepto de:

- *"Compra de Mesas" (959,80 €)* por considerarse unha inversión en equipamento da entidade e non un gasto corrente derivado da organización de xogos populares como establece a Base 3ª.
- **IMPORTE TOTAL RETIRADO: 2.866,5 €**

Finalmente, acordase continuar co proceso de outorgamento tendo en conta unicamente os seguintes conceptos:

- *Trofeos (924,90 €)*
- *Publicidade (1.2060,57 €)*
- *Fichas Federativas (895,00 €)*
- **IMPORTE TOTAL DO PROXECTO APROBADO: 3.080,47 €**

TÁBOA 3: Solicitudes con “Gastos Non Subvencionables” conforme á base 3º da convocatoria (Gastos subvencionables) e á base 5ª (compatibilidade de subvencións)					
CIF	ENTIDADES	PROGRAMA	CONCEPTOS RETIRADOS	IMPORTE RETIRADO	IMPORTE APROBADO
G-36628543	ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA XESTAS	II	<p>“Compra de mesas”: (Base 3ª : gasto de inversión non subvencionable)</p> <p>“Electricidade, seguros, acto clausura”: (Base 5ª: incompatibilidade de subvencións- Deportes)</p>	2.866,5 €	3.080,47 €

Como Anexos ao presente informe, constan no expediente os seguintes documentos:

1. **ACTA DA COMISIÓN DE VALORACIÓN.**

2. **TÁBOA “BAREMO”** na que se reflicten os datos e puntuacións obtidas por cada entidade nos programas correspondentes.

Á vista do exposto anteriormente, una vez avaliadas as solicitudes achegadas pola Comisión de Valoración e, de conformidade coa Base 11 da norma reguladora da subvención, formúlase proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, previo informe de fiscalización da Intervención xeral municipal:

RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A ORGANIZACIÓN E DIFUSIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS PARA O ANO 2023:

PRIMEIRO: CONCEDER, ás vinte e unha (21) entidades que, de seguido, se relacionan, con cargo á partida presupostaria 9240 4890000, denominada “*Subvencións a entidades cidadás*”, cunha dotación de 100.000,00 €, unha subvención en concepto de gastos recollidos en algún dos 3 Programas previstos na “*Convocatoria das subvencións para a organización e difusión de actos sociais e encontros veciñais para o ano 2023*”, pola contía que se reflicte a seguir:

· **Programa I:** Gastos correntes derivados de servizos de montaxe e desmontaxe de instalacións cubertas ou estruturas mobles similares:



Concello de Vigo

CIF	ENTIDADE	Total Puntos	Proxecto	Orzamento	Solicitude	SUBV. MAX. (2.700 €)	TOTAL SUBV
G-27745918	ASOCIACIÓN DE FESTAS SAN MIGUEL ARCANXO	21	Festa popular: Palco	1.815,00 €	1.815,00 €	1.815,00 €	1.815,00 €
G-36757003	ASOC. HERMANDAD FIESTAS PATRONALES CANDEÁN	32	Festa popular: 2 Carpas	4.840,00 €	4.840,00 €	2.700,00 €	2.700,00 €
G-36731404	COMISIÓN FESTAS NOSA SRA DAS NEVES A GUÍA	30	Festa popular: Carpa	1.936,00 €	1.936,00 €	1.936,00 €	1.936,00 €
G-36846921	ASOC. CULTURAL IRMANDADE DE FESTAS DAS DORES DE CABRAL	23	Festa popular: Carpa	1.815,00 €	1.815,00 €	1.815,00 €	1.815,00 €
G-36691855	ASOCIACIÓN VECIÑAL SAN MAMEDE ZAMÁNS	24	Festa popular: Carpa	1.694,00 €	1.694,00 €	1.694,00 €	1.694,00 €
G-36632081	AVCU CSCR DE BEADE	28	Festa Cereixa: Carpa	3.025,00 €	2.700,00 €	2.700,00 €	2.700,00 €
G-36837425	ASOC. CULTURAL HERMANDA FIESTAS SANTA MARINA DE CABRAL	26	Festa popular: Carpa	1.815,00 €	1.815,00 €	1.815,00 €	1.815,00 €
G-36659894	ASOCIACIÓN VECIÑAL SAN ROQUE	24	Festa Magosto: Carpa	1.815,00 €	1.815,00 €	1.815,00 €	1.815,00 €
G-36954162	ASOC. IRMANDADE NOSA SRA. DAS NEVES DE MATAMÁ	27	Festa popular: Carpa	2.420,00 €	2.420,00 €	2.420,00 €	2.420,00 €
G-36620854	ASOC. CULTURAL E DEPORTIVA ATLÁNTIDA DE MATAMÁ	25	Festa popular: Carpa	2.904,00 €	2.904,00 €	2.700,00 €	2.700,00 €
G-36654036	ASOCIACIÓN VECIÑAL UNIÓN DE MATAMÁ	32	Festa popular: Carpa	3.025,00 €	3.025,00 €	2.700,00 €	2.700,00 €
G-36729796	ASOCIACIÓN VECIÑAL FEIRA CABRAL	25	Festa Xurelo: Carpa	2.904,00 €	2.904,00 €	2.700,00 €	2.700,00 €
G-36648095	HERMANDAD FIESTAS SANTA ANA BEADE	31	Festa popular: Carpa	2.700,00 €	2.700,00 €	2.700,00 €	2.700,00 €

CIF	ENTIDADE	Total Puntos	Proxecto	Orzamento	Solicitude	SUBV. MAX. (2.700 €)	TOTAL SUBV
G-36633030	ASOCIACIÓN CULTURAL FESTAS DA CONSOLACIÓN DE COIA	30	Festa popular: Carpa	1.633,50 €	1.633,50 €	1.633,50 €	1.633,50 €
G-36649325	ASOC. VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA O CARBALLO DE SÁRDOMA	29	Festa popular: Carpa	1.815,00 €	1.815,00 €	1.815,00 €	1.815,00 €
G-36617082	ASOC. CENTRO CULTURAL ARTÍSTICO E RECREATIVO DE VALLADARES	30	Festa Revoltoallo: Carpa	2.700,00 €	2.700,00 €	2.700,00 €	2.700,00 €
TOTAIS				38.856,50 €	38.531,50 €	35.658,50 €	35.658,50 €

· **Programa II:** Gastos correntes derivados da organización de xogos populares.

Programa II.A): subvencións para financiamento da organización de competicións de xogos populares (ámbito autonómico)							
CIF	ASOCIACIÓN	Total Puntos Proxecto II	Proxecto II	Orzamento Programa II	Solicitude Programa II	SUBV. Programa II (máx 5.000 €)	TOTAL SUBVENCIÓN
G-36628543	ASOC CULTURAL E DEPORTIVA XESTAS	40	XXXV Torneo petanca-chave	3.080,47 €	3.080,47 €	3.080,47 €	3.080,47 €
TOTAIS				3.080,47 €	3.080,47 €	3.080,47 €	3.080,47 €

· **Programa III:** gastos de deseño, maquetación e edición de publicacións en papel ou en soportes dixitais; e gastos de impresión e distribución de publicacións.



Concello de Vigo

Programa III.A): Subvencións para o deseño e impresión de libros sobre a historia das distintas parroquias

CIF	ASOCIACIÓN	Total Ptos Proxecto	Proxecto III.A	TOTAL ORZAMENTO	SUBV. SOLICITA	TOTAL SUBVENCIÓN
G-36641033	ASOC. VECIÑAL DOCTOR JOSÉ CASÁS BOUZAS	27	LIBRO HISTORIA DE BOUZAS	5.434,00 €	5.434,00 €	5.434,00 €
		TOTAL PROGRAMA III.A		5.434,00 €	5.434,00 €	5.434,00 €

Programa III.B: Subvencións para o deseño e impresión de libros e publicacións relativos a festas

CIF	ASOCIACIÓN	Total Ptos III	Proxecto III.B	Orzamento Programa III.B	Solicitude Programa III.B	SUBV. MÁX	TOTAL SUBVENCIÓN
						4.000,00 €	55.000,00 €
G-27745918	ASOCIACIÓN DE FESTAS SAN MIGUEL ARCANXO	33	Libro Festas	4.658,00 €	4.658,00 €	4.000,00 €	4.000,00 €
G-36757003	ASOC. HERMANDAD FIESTAS PATRONALES CANDIÁN	38	Libro Festas	4.594,37 €	4.594,37 €	4.000,00 €	4.000,00 €
G-36731404	COMISIÓN FESTAS NOSA SRA DAS NEVES A GUÍA	37	Libro Festas	3.859,00 €	3.859,00 €	3.859,00 €	3.859,00 €
G-36846921	ASOC. CULTURAL IRMANDADE DE FESTAS DAS DORES DE CABRAL	30	Libro Festas	3.406,46 €	3.406,46 €	3.406,46 €	3.406,46 €
G-36837425	ASOC. CULTURAL HERMANDA FIESTAS SANTA MARINA DE CABRAL	36	Libro Festas	4.101,90 €	4.101,90 €	4.000,00 €	4.000,00 €
G-36840940	IRMANDADE DE SAN CAMPIO	33	Libro Festas	4.400,00 €	4.000,00 €	4.000,00 €	4.000,00 €

Programa III.B: Subvencións para o deseño e impresión de libros e publicacións relativos a festas							
CIF	ASOCIACIÓN	Total Ptos III	Proxecto III.B	Orzamento Programa III.B	Solicitud Programa III.B	SUBV. MÁX	TOTAL SUBVENCIÓN
G-36954162	ASOC. IRMANDA-DE NOSA SRA. DAS NEVES DE MATAMÁ	33	Libro Festas	4.000,00 €	4.000,00 €	4.000,00 €	4.000,00 €
G-36729796	ASOCIACIÓN VECIÑAL FEIRA CABRAL	29	Libro Festas	1.073,27 €	1.073,27 €	1.073,27 €	1.073,27 €
G-36648095	HERMANDAD FIESTAS SANTA ANA BEADE	39	Libro Festas	5.264,22 €	5.236,22 €	4.000,00 €	4.000,00 €
G-36790228	ASOC. COMISIÓN FESTAS VIRXEN AFLIXIDOS ZAMÁNS	28	Libro Festas	3.201,66 €	3.201,66 €	3.201,66 €	3.201,66 €
G-36633030	ASOCIACIÓN CULTURAL FESTAS DA CONSOLACIÓN DE COIA	39	Libro Festas	5.287,70 €	4.000,00 €	4.000,00 €	4.000,00 €
G-36763225	HERMANDAD DEVOTOS SAN ROQUE	28	Libro Dixital e mat. Publicitario	2.438,13 €	2.438,13 €	2.438,13 €	2.438,13 €
G-36649325	ASOC. VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA O CARBALLO DE SÁRDOMA	23	Libro Festas	752,62 €	752,62 €	752,62 €	752,62 €
TOTAL PROGRAMA III.B				47.037,33 €	45.321,63 €	42.731,14 €	42.731,14 €
TOTAL PROGRAMA III. A) + B)							48.165,14 €

SEGUNDO: DESESTIMAR, segundo o disposto nas bases 1ª.d) (beneficiarias das subvencións), 2ª (Requisitos dos Solicitantes) e 6ª (Desestimación das Solicitudes) da norma reguladora das subvencións, acórdase propor a desestimación da presentada por DÚAS entidades, que non reúne os requisitos para obter a condición de beneficiaria:



Concello de Vigo

TÁBOA 1 (Entidade inscrita nun epígrafe do Rexistro Municipal de Asociacións Non previsto nas bases da convocatoria: 3.1.1 Club Deportivo)		
CIF	ENTIDADES	MOTIVO DESESTIMACIÓN
G-36904530	Club Deportivo CSCR (<i>inscrita no epígrafe 3.1.1 "Club Deportivo" do Rexistro Municipal de Asociacións</i>)	Base 1ª.d): "Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades que figuren inscritas nos epígrafes sinalados en cada un dos Programa referidos no Rexistro Municipal de Asociacións (entidades sociais e asistenciais, culturais, festivas e de lecer, peñas recreativas, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, respectivamente)..."

TÁBOA 2 (Solicitud e documentación incompleta)		
CIF	ENTIDADE	MOTIVO de DESESTIMACIÓN
G-36769214	Tamara Covelo Martínez, como representante da Asociación Cultural do Salvador de Teis	Base 6.2: <i>as solicitudes daquelas entidades que non cumpren os requisitos establecidos nas bases desta convocatoria e na lexislación vixente aplicable para acadar a condición de beneficiarios</i>

TERCEIRO: DESESTIMAR, conforme á base 3ª ("Gastos subvencionables") e 5ª ("Compatibilidade de subvencións") da convocatoria, os gastos que se describen a continuación, por considerar que non son gastos subvencionables:

TÁBOA 3: Solicitudes con "Gastos Non Subvencionables" conforme á base 3ª da convocatoria (Gastos subvencionables) e á base 5ª (compatibilidade de subvencións)					
CIF	ENTIDADES	PROGRAMA	CONCEPTOS RETIRADOS	IMPORTE RETIRADO	IMPORTE APROBADO
G-36628543	ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA XESTAS	II	" Compra de mesas ": (Base 3ª : gasto de inversión non subvencionable) " Electricidade, seguros, acto clausura ": (Base 5ª: incompatibilidade de subvencións- Deportes)	2.866,5 €	3.080,47 €

CUARTO: NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e art. 40 e 41 da Lei 39/2015 do PAC, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á

recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 do PAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

QUINTO: INFORMAR, aos efectos do disposto no art. 20 LXS e 35 do RLXS, das subvencións tramitadas e outorgadas, referindo as bases reguladoras das subvencións, convocatoria, identificación das beneficiarias e contía outorgada.

SEXTO: ORDEAR, aos efectos do disposto no art. 20 da LSG, e publicarase conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, en aplicación dos principios recolleitos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, unha vez aprobadas as subvencións concedidas con indicación da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, o beneficiario, a cantidade concedida o obxectivo e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)

SÉTIMO: MODIFICAR o prazo de xustificación das subvencións outorgadas, regulado na cláusula décimo terceira das bases, ata o día **30 de novembro de 2023**.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(938).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DUN FUNCIONARIO DE CARREIRA, INSPECTOR DO CONTROL DAS CONCESIONARIAS, POR PROMOCIÓN INTERNA NA 3º FASE DA OEP 2017-18-19. EXPTE. 43071/220.

Visto o informe de fiscalización de data 13/11/2023, dáse conta do informe-proposta do 08/11/2023, asinado pola técnica de Admón. Xeral e a xefa da Área de Recursos Humanos e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- A convocatoria e bases específicas das ofertas de emprego público 2017, 2018, 2019 (3ª fase da convocatoria (BOPPO 20 de setembro de 2022) incluía dúas prazas de inspector de concesionarias pola quenda de promoción interna (unha de elas reservada para persoas con diversidade funcional).

II.- Segundo resolución de data 01/08/2023 pola que se aproba a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas dos procesos selectivos derivadas da execución das Ofertas de



Concello de Vigo

Emprego Público correspondentes aos anos 2017, 2018, 2019 (3ª fase), no proceso selectivo de inspector de concesarias pola quenda libre, foi admitida unha persoa.

III.- En sesión de data 16/10/2023, segundo consta en acta incorporada ao expediente, o órgano de selección designado para o proceso selectivo de inspector de concesarias pola quenda de promoción interna, acordou:

“Nomear como funcionario de carreira, na praza de inspector de control de concesarias, unha vez que achegue toda a documentación esixida nas bases, e con cargo a 1 praza vacante pola quenda de promoción interna enmarcada no grupo C, subgrupo C1; escala administración especial; reservada para promoción interna entre funcionarios de carreira o persoal laboral fixo do grupo C2 e a cubrir mediante concurso-oposición, incluída na Oferta de Emprego Público correspondentes aos anos 2017, 2018 e 2019, fase 3 de Concello de Vigo, ao seguinte aspirante que superou o proceso selectivo:

N.º	APELIDOS	NOME	DNI	TOTAL
1	AMOEDO CABALEIRO	J. L.	***0273**	21,543

IV.- A publicación do anuncio foi realizada na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios en data 17/10/2023.

V.- Consta informe de verificación administrativa segundo o cal a persoa proposta, relacionada na táboa anterior, presentou en prazo a documentación necesaria segundo o previsto nas bases.

VI.- Consta informe de verificación administrativa de data 07/11/2023 segundo o cal, *“Solicitados datos respecto das prazas vacantes existentes a día de hoxe como **Inspector/a Control Concesarias**, foron revisadas na aplicación de Ginpix7 as consultas de “RPTvacantes”, e comprobada a súa posible cobertura por interinos nas correspondentes dotacións.*

Os servizos con praza vacante son:

- Servizo de Vías e Obras: 1 vacantes
- Servizo de Parques e Xardíns: 3 vacantes

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- **Normativa de aplicación.**- -Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de carreira en atención ao marco normativo vixente.

O artigo 9 do citado TREBEP contempla expresamente que *“son funcionarios de carrera quienes, en virtud de nombramiento legal, están vinculados a una Administración Pública por una relación estatutaria regulada por el Derecho Administrativo para el desempeño de servicios profesionales retribuidos de carácter permanente”*, establecendo que *“en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca.”*



Concello de Vigo

Respecto da adquisición de tal condición, é no artigo 62 da mesma norma onde se contempla que:

“1. La condición de funcionario de carrera se adquiere por el cumplimiento sucesivo de los siguientes requisitos:

- a) Superación del proceso selectivo.
- b) Nombramiento por el órgano o autoridad competente, que será publicado en el Diario Oficial correspondiente.
- c) Acto de acatamiento de la Constitución y, en su caso, del Estatuto de Autonomía correspondiente y del resto del Ordenamiento Jurídico.
- d) Toma de posesión dentro del plazo que se establezca.

2. A efectos de lo dispuesto en el apartado 1.b) anterior, no podrán ser funcionarios y quedarán sin efecto las actuaciones relativas a quienes no acrediten, una vez superado el proceso selectivo, que reúnen los requisitos y condiciones exigidos en la convocatoria.”

Os prazos establecidos para a toma de posesión contéplase expresamente nas bases xerais rectoras dos procesos selectivos para a provisión das prazas incluídas na Oferta de Emprego Público 2017, 2018, 2019, dispoñibles para pública consulta na web municipal www.vigo.org e nos diarios e boletíns oficiais de publicación.

Neste caso procede o nomeamento como funcionario de carreira, na praza de inspector de control de concesionarias, con cargo a 1 praza vacante pola queda de promoción interna enmarcada no grupo C, subgrupo C1; escala administración especial; reservada para promoción interna e incluída na Oferta de Emprego Público correspondentes aos anos 2019, fase 3 de Concello de Vigo, ao Sr, Amoedo Cabaleiro segundo consta na proposta do órgano de selección referida no punto III dos antecedentes de este informe.

Procede tamén declarar deserta unha praza de inspector de control de concesionarias pola queda de promoción interna incluída na OEP 2019 (BOPPO nº 174 de 11/09/2019) segundo resulta dos puntos I e II dos antecedentes de este informe.

III.- Observacións respecto da xornada e horario.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura da área ou servizo de destino, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos e do servizo aos intereses xerais, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se deriven en cada caso.

IV.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo

2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

V. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023)

PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO.- Nomear como persoal funcionario de carreira, con cargo á praza vacante ofertada na Oferta de Emprego Público 2019 (BOPPO nº 174 de 11/09/2019) de inspector de concesionarias pola quenda de promoción interna, á única persoa aspirante que superou a totalidade dos exercicios do proceso selectivo segundo a proposta do órgano de selección de data 16/10/2023, o Sr.:

N.º	APELIDOS	NOME	DNI	TOTAL
1	AMOEDO CABALEIRO	J. L.	***0273**	21,543

SEGUNDO.- Declarar deserta unha praza de inspector de control de concesionarias pola quenda de promoción interna incluída na OEP 2019 (BOPPO nº 174 de 11/09/2019).

TERCEIRO.- Dispoñer que a persoa nomeada deberá tomar posesión como funcionaria de carreira na dita praza no prazo de 1 mes contado a partir da publicación do nomeamento no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto nas bases xerais reitoras da convocatoria.



Concello de Vigo

CUARTO.- Notificar o presente acordo á persoa interesada, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(939).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE “MELLORAS NA PRESA DE ZAMÁNS. VIGO” - PLAN DE INVERSIÓNS DE AQUALIA. EXPTE. 1472/441.

Dáse conta do informe-proposta de data 13/11/2023, asindo pola técnica de xestión e xefa do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou a prórroga, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025, da concesión administrativa da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990, á U.T.E. “SERAGUA-FOCSA VIGO”, hoxe denominada, abreviadamente “FCC Aqualia Vigo UTE”, con arranxo ás condicións económico-administrativas establecidas na cláusula primeira do contrato.

II.- A devandita prórroga do contrato de concesión do servizo de «Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo» vinculouse á execución e financiamento dun plan de investimentos, no período da prórroga, por importe de 40.471.411,63 € —ou a cantidade que resulte segundo a evolución do custe financeiro e da activación dos desembolsos— nas contías e prazos de execución indicados no informe económico de data 28.12.2020

III.- A Xunta de Goberno Local en sesión de 13.10.2023 acordou:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de proxecto de “MELLORAS NA PRESA DE ZAMÁNS. VIGO” , redactado polo Enxeñeiro de Camiños, canles e portos, Oscar Gómez Espiño, cun orzamento de execución material de NOVENTA E NOVE MIL CENTO TRINTA E OITO EUROS con CINCUENTA E OITO CÉNTIMOS (99.138,58 EUROS),e presuposto de licitación IVE excluído de 117.974,91 € (cento dezasete mil novecentos setenta e catro euros con noventa e un céntimos). O proxecto dispón de sinatura dixital de data 18/09/2023.

Segundo.- Aprobar os custes asociados ao proxecto de “MELLORAS NA PRESA DE ZAMÁNS. VIGO, por un importe de 4.951,97 €, (IVE excluído) desagregado do seguinte xeito:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	AQUATICA	1.982,77 €
Asistencia técnica á D.O.	AQUATICA	1.982,77 €
Coordinación de seguridade e saúde	AQUATICA	495,69 €
	SUMA	4.461,23 €
	11% Gastos de Xestión	490,74 €
	TOTAL (IVE excluído)	4.951,97 €

Terceiro.- Nomear como directores de obra a D^a Cristina Tapias Bouso, Enxeñeira Industrial Municipal e D. Xacobe Paz Salgado, Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos.

IV.- Con data 6 de novembro de 2023 Aqualia-FCC Vigo presenta a documentación referida ás características do contrato da obra. En concreto:

- Código do proxecto: Expte. 1.472/441
- Nome e razón social do adxudicatario: AQUALIA INTECH, S.A.
- NIF: A28849495
- Presuposto de execución material: 99.138,58 €
- Presuposto de contrata: 117.974,91 (IVA excluído).
- Prazo de execución: 2 meses.
- Data inicio obra: o día da firma de comprobación de replanteo.
- Clasificación do contratista: *Non se esixe*
- Prazo de garantía: 2 anos.
- Asistencia técnica: AQUATICA
- Coordinación de Seguridade e Saúde: Elena González González (AQUATICA)



Concello de Vigo

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

I. A execución do proxecto de obras, obxecto do presente expediente, será realizada pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, como actuación do plan de investimentos aprobado para a segunda prórroga do contrato, arriba referida, e, daquela, non será obxecto dun específico procedemento de contratación.

II.- Co fin de que os mecanismos de control, vixilancia, fiscalización e seguemento das obras inherentes aos distintos Plans de Investimentos da concesión se instrumentasen a través de medidas que garantan a consecución dun nivel adecuado de eficacia na súa execución e de eficiencia na xestión dos recursos económicos comprometidos, a Xunta de Goberno Local, en sesión de 8 de marzo de 2013, aprobou a ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do plan de investimentos de FCC Aqualia Vigo, UTE (por acordo de XGL de data 06.05.21 procedeuse a adaptación legal do mesmo). No mesmo contemplábase os gastos repercutibles á Administración coa súa imputación ao plan de investimentos; gastos que son obxecto da presente proposta de aprobación e que foron revisados e informados polos enxeñeiros de camiños, canais e portos municipais, que emitiron o informe que precede.

III.- Recóllese no devandito procedemento de ordenación procedemento de contratación a seguir nas obras do plan de investimentos a necesidade de dar conta pola entidade concesionaria á Xunta de Goberno Local dos datos consignados no punto III.c do procedemento, que son os que se reflicten nos antecedentes.

IV.- O proxecto, segundo vai dito, executarase pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, en cumprimento do plan de inversións correspondente a segunda prórroga do contrato de xestión de servizo público, en forma de concesión, da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990. A aprobación dos costes asociados ao proxecto de obra corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local e de conformidade, tamén, co establecido no procedemento a seguir para a execución das obras incluídas nos Plans de Investimentos da Concesión, aprobado pola Xunta de Goberno Local en acordo de 8 de marzo de 2013.

Polo que á vista do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Quedar enteirada da tramitación do seguinte expediente “**MELLORAS NA PRESA DE ZAMÁNS. VIGO**” cos datos requeridos no apartado III.c do Acordo da Xunta de Goberno de data 08.03.2021 (adaptado en XGL de 06.05.2021) que aproba o procedemento a seguir nas obra do plan de Inversións de Aqualia, segundo o seguinte detalle:

- CCódigo do proxecto: Expte. 1.472/441
- Nome e razón social do adxudicatario: AQUALIA INTECH, S.A.
- NIF: A28849495
- Presuposto de execución material: 99.138,58 €
- Presuposto de contrata: 117.974,91 (IVA excluído).
- Prazo de execución: 2 meses.
- Data inicio obra: o día da firma de comprobación de replanteo.
- Clasificación do contratista: *Non se esixe*
- Prazo de garantía: 2 anos.
- Asistencia técnica: AQUATICA
- Coordinación de Seguridade e Saúde: Elena González González (AQUATICA)

SEGUNDO- Notifíquese o presente acordo a FCC AQUALIA VIGO UTE, indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnaloo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

13(940).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA FOXOS, ENTRE AS RÚAS TRAVESÍA DOS FOXOS 1 E SANJURJO BADÍA”. EXPTE. 1754/441.

Visto o informe xurídico do 27/10/2023 e o informe de fiscalización do 7/11/2023, dáse conta do informe-proposta de data 11/10/2023, asinado pola técnica de xestión e xefa do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 10.05.2022 resolveu autorizar o gasto e adxudicar o contrato menor para a redacción do proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA FOXOS, ENTRE AS RÚAS TRAVESÍA DOS FOXOS 1 E SANJURJO BADÍA”, a favor do Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas e Enxeñeiro Civil Diego Conde Rodríguez.

2.- O devandito enxeñeiro presenta trala fase de supervisión, proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA FOXOS, ENTRE AS RÚAS TRAVESÍA DOS FOXOS 1 E SANJURJO BADÍA”, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETENTA E UN MIL CATROCENTOS SETENTA E TRES EUROS CON NOVE CÉNTIMOS (71.473,09 €).

3.- Previo informe da Enxeñeira Técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal de data 30.01.2023, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado en datas 21 e 24.07.2023, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 11.08.2023 aprobou o proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA FOXOS, ENTRE AS RÚAS TRAVESÍA DOS FOXOS 1 E SANJURJO BADÍA”, redactado polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas e Enxeñeiro Civil Diego Conde Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETENTA E UN MIL CATROCENTOS SETENTA E TRES EUROS CON NOVE CÉNTIMOS (71.473,09 €), asinado dixitalmente en data 28 de outubro de 2022.

IV.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 11.08.2023 que se corresponde co expediente administrativo 5.786-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas e Enxeñeiro Civil Diego Conde Rodríguez.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e polo Xefe da Área de Inversións de data 29.08.2023.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Goberno de Fomento e Servizos de data 29.08.2023.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 31.08.2023.
- E) Certificado de crédito asinado pola Técnica de Contabilidade en data 31.08.2023.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos en data 04.09.2023.

- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 20.09.2023.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 10.10.2023.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 10.10.2023.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de data 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 30.01.2023) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:



Concello de Vigo

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “**HUMANIZACIÓN DA RÚA FOXOS, ENTRE AS RÚAS TRAVESÍA DOS FOXOS 1 E SANJURJO BADÍA**”, redactado polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas e Enxeñeiro Civil Diego Conde Rodríguez, cun orzamento base de licitación que ascende a un total de SETENTA E UN MIL CATROCENTOS SETENTA E TRES EUROS CON NOVE CÉNTIMOS (71.473,09 €), Ive engadido, segundo a seguinte distribución de anualidades:

2023	71.473,09 €
------	-------------

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 10.10.2023.

Terceiro.- Autorizar o gasto con cargo a partida orzamentaria 1532.609.00.04 (CONSTRUCCIÓN BEIRARRÚAS FOXOS A SANJURJO BADIA).

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(941).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A “REMODELACIÓN DO INTERIOR DO CUARTEIRÓN Nº 13 DO CEMITERIO DE PEREIRÓ PARA O DEPÓSITO DE CINZAS”. EXPTE. 5899/443.

Dáse conta do informe-proposta de data 09/11/2023, asinado pola técnica de xestión e xefa do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- Por parte do Departamento de Cemiterios, remítese proxecto básico e de execución para “REMODELACIÓN DO INTERIOR DO CUARTEIRÓN No 13 DO CEMITERIO DE PEREIRÓ PARA O DEPÓSITO DE CINZAS”, redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso e D. Juan Luís Piñeiro Ferradás, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO CORENTA E NOVE MIL TRESCENTOS CORENTA E SEIS EUROS CON VINTE E DOUS CÉNTIMOS (149.346,22 €).

II.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 02.02.2023, en vista do informe-

proposta do Técnico de Administración Xeral da Área de Fomento, e da delegación da Alcaldía-Presidencia de datas 18.06.2019 e 26.06.2019 na Concellería de Fomento da xestión e tramitación dos expedientes de contratación administrativa de obra pública municipal e da xestión e tramitación dos expedientes de redacción de proxectos de forma directa, ou a través de expedientes de contratación administrativa para a execución da obra pública, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

III.- A actuación se desenrola no interior do cuarteirón nº 13 do Cemiterio de Pereiro, sito na Avda. Castrelos nº 214 do Concello de Vigo.

O presente proxecto atende exclusivamente ó espazo existente no interior do cuarteirón número 13 do Cemiterio de Pereiró. Non se executará intervención algunha nos diversos panteóns existentes no perímetro da zona polo que os traballos soamente afectarán o espazo interior do cuarteirón no que na actualidade existen diversas sepulturas que xa se atopan en condicións de poder executar a exhumación dos restos e a supresión das mesmas.

Inclúe a creación dun espazo para a xuntanza de pequenos grupos de persoas no que se poida dar a derradeira despedida ó ser querido. Neste espazo existirá unha mesada para o apoio temporal das cinzas antes da inhumación, unha bancada para que os asistentes poidan sentarse e un espazo para o depósito de mensaxes dos familiares e amigos e zonas para o depósito de cinzas.

Inclúese a plantación de arborado na zona máis baixa da parcela para axudar a mitigar o impacto visual do edificio residencial existente creando unha pantalla vexetal intermedia.

Tamén inclúese o mantemento dos sendeiros ortogonais e dos puntos de acceso o interior do cuarteirón nº13 coincidindo cos puntos de entronque destes cos eixos principais de comunicación do cemiterio.

Executarase unha pavimentación con granito dourado “do país” en pezas de 8 cm de espesor asentadas sobre subbase compactada de zaborra. As bancadas proxectadas no proxecto resólvense con pezas macizas de granito dourado cas dimensións e estereotomía especificadas nos planos. En zonas de paso proxectase a cubrición da superficie cunha capa de grava gris de 8 cm de espesor cunha granulometría de 1-2 cm. Nas zonas de paso estabilízase a grava con mallas prefabricadas de polipropileno cubertas de grava ou céspede segundo o caso.

Executarase o transplante de tramos existentes de buxo a novos emprazamentos previstos no proxecto. Inclúese ademais unha partida para o subministro e plantación de novas especies de buxo que complementen as plantacións desta especie cubrindo a superficie prevista en proxecto. A preparación do solo executarase con terra vexetal procedente da propia obra, previa análise.



Concello de Vigo

A mellora do solo consiste en dúas actuacións diferentes. Unha xeral para a mellora das características físicas e químicas da totalidade do solo existente e outra particular na que se incluíría un aporte de calquera outro material recomendado polo autor do informe que ten que redactar un técnico para a mellora do solo.

Para a preparación do terreo antes da implantación precisarase da execución de traballos profundos no mesmo cun subsolador, corrección das propiedades do solo e execución dun laboreo superficial con pase de grada. A instalación da pradeira consistirá no acondicionamento do solo, sembra, rega e protección da zona sementada.

Contéplase o subministro e plantación das seguintes especies de árbores:

- Magnolia Grandiflora “Magnolia común” (2 unidades).
- Magnolia Soulangeriana Solu-Bod (3 unidades).
- Magnolia Soulangeriana Solu-Bod con tronco ramificado (10 unidades).

A instalación de rega proxectada inclúe o sistema de rega por goteo para as zonas de plantación de buxos e aspersores emerxentes para as zonas de pradeira.

Ademais das bancadas, xa descritas, instalaranse pezas especiais, de granito negro, para apoiar a urna das cinzas e para depositar calquera tipo de presente. Empregaranse letras das antigas lápidas para cubrir parte destes elementos en lembranza dos antepasados. Do mesmo xeito, parte das antigas lápidas negras converteranse en grava con operacións de machaqueo, grava que se depositará na zona de depósito de cinzas.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 3 (TRES) meses.

IV.- A Enxeñeira Técnica de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal emite en data 23.08.2023 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

O Cemiterio de Pereiró consta como ben catalogado con nivel de protección integral segundo consta na ficha A_145 do Catálogo de Bens Culturais do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo. Consta na devandita ficha que os elementos a protexer son os xardíns polo que, considerando o disposto na Lei 5/2016, do 4 de maio, de Patrimonio Cultural de Galicia (LPC) resultou necesario redactar un Proxecto de Intervención para solicitar autorización previa á Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

O proxecto de intervención foi informado pola Delegación Territorial de Pontevedra da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (Expte 303/22) do seguinte xeito:

“O Consello Territorial de Patrimonio Cultural de Pontevedra, na súa sesión do 27 de abril de 2022,

informa favorablemente a remodelación parcial do interior do cuarteirón no 13 do cemiterio de Pereiró para depósito de cinzas, dado que as actuacións que se pretenden realizar son obras de rehabilitación para a adaptación do uso orixinal aos condicionantes actuais e cambios no sistema de inhumación. A proposta respecta o seu carácter e os valores protexidos empregando elementos pétreos de pavimentación de maneira limitada e recorrendo a elementos vexetais para configurar os espazos, pero considérase que deberase manter a delimitación con buxos dos camiños interiores, dado que se trata dun elemento característico no conxunto do cemiterio, permitíndose a apertura de ocos de paso para adaptalo ao uso previsto.”

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.

CONCLUSIÓN:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse axeitados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto



Concello de Vigo

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto básico e de execución para a “REMODELACIÓN DO INTERIOR DO CUARTEIRÓN Nº 13 DO CEMITERIO DE PEREIRÓ PARA O DEPÓSITO DE CINZAS”, subscrito polos Arquitectos Municipais, D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso e D. Juan Luís Piñeiro Ferradas, adscritos a Xerencia de Urbanismo, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO CORENTA E NOVE MIL TRESCENTOS CORENTA E SEIS EUROS CON VINTE E DOUS CÉNTIMOS (149.346,22 euros), e sinatura dixital de datas 22 e 23 de agosto de 2023.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(942).- REVISIÓN DAS TARIFAS DE TAXI DA CIDADE DE VIGO PARA O ANO 2024. EXPTE. 4380/449.

Visto o informe de fiscalización de data 13/11/2023, dáse conta do informe-proposta do 9/11/2023, asinado pola xefa do Servizo de Transportes e conformado polo concelleiro-delegado da Área de Goberno, que di o seguinte:

I) TARIFAS VIXENTES

As tarifas vixentes no servizo de taxi da cidade de Vigo, por resolución do Director Xeral de Comercio e Consumo da Xunta de Galicia, de data 28 de decembro de 2022 son as seguintes:

TARIFA 1(días laborables de 6,00 a 22.00 horas)

Concepto	Euros (IVE incluído)
Tarifa mínima (1.700 metros e/ou 293,76 segundos)	4,00
Qm. percorrido	1,09
Hora de espera	22,53
Suplemento aeroporto	5,00
Suplemento Ifevi	3,50

Maletas y vultos análogos(con excepción das cadeiras de rodas e da primeira maleta de cada unha das persoas usuarias)	0,64
---	------

TARIFA 2 domingos e festivos, 24 e 31 de decembro, sábados dende as 06.00 horas e servizo nocturno de 22,00 ás 6,00 horas)

Concepto	Euros
Tarifa mínima (1100 metros e/ou 195,18 segundos)	4,25
Qm. percorrido	1,21
Hora de espera	24,54
Suplemento aeroporto	5,00
Suplemento lfevi	3,50
Maletas y vultos análogos(con excepción das cadeiras de rodas e da primeira maleta de cada unha das persoas usuarias)	0,64

Suplemento 25 de decembro e 1 de xaneiro (dende as 00.00 ata as 10.00): 2.50€
 Suplemento por persoa a partir da sexta praza : 0,58 €

II) PROPOSTA CONTIDA NA SOLICITUDE PRESENTADA

En data 27 de setembro de 2023, D. Emilio Mosquera Rodriguez, como Presidente da Sociedade Cooperativa Galega de Auto-taxi e Gran turismo de Vigo e provincia de Pontevedra e da Asociación Provincial de Autopatronos do Taxi de Pontevedra, presenta solicitude de revisión de tarifas (IVE incluído) para o ano 2024 co seguinte contido :

TARIFA 1(días laborables de 6,00 a 22.00 horas)

Concepto	Euros (IVE incluído)
Tarifa mínima (1.700 metros e/ou 293,76 segundos)	4,09
Qm. percorrido	1,11
Hora de espera	23,05
Suplemento aeroporto	5,12
Suplemento lfevi	3,58
Maletas y vultos análogos(con excepción das cadeiras de rodas e da primeira maleta de cada unha das persoas usuarias)	0,65



Concello de Vigo

TARIFA 2 domingos e festivos, 24 e 31 de decembro, sábados dende as 06.00 horas e servizo nocturno de 22,00 ás 6,00 horas)

Concepto	Euros(IVE incluído)
Tarifa mínima (1100 metros e/ou 195,18 segundos)	4,35
Qm. percorrido	1,24
Hora de espera	25,10
Suplemento aeroporto	5,12
Suplemento lfevi	3,58
Maletas y vultos análogos(con excepción das cadeiras de rodas e da primeira maleta de cada unha das persoas usuarias)	0,65

Suplemento 25 de decembro e 1 de xaneiro (dende as 00.00 ata as 10.00): 2,55€
Suplemento por persoa a partir da sexta praza : 0,59 €

A solicitude formulada segundo describen supón unha subida da tarifa dun 2,3 %; e a fin de xustificar os importes da contía mínima na tarifa 1 e evitar céntimos soltos, propoñen un importe exacto solicitando que a contía sexa de 4,10 en vez de 4,09; no quilometro percorrido 1,10 en vez de 1,11 e na tarifa 2, 1,25 en vez de 1,24 no quilometro percorrido .

Citan outros factores que xustifican o incremento solicitado, como o incremento dos prezos dos carburantes que no que vai de ano na Comunidade autónoma de Galicia experimenta un alza dun 8,1%, e como o incremento desmesurado dos prezos dos seguros entre un 40% e un 70 %

Manifestan que son conscientes que non poder aplicar o incremento real dos custes aos clientes polo que solicitan una subida dun 2,3% as tarifas actualmente aplicables na cidade de Vigo, aínda que cos datos aportados os gastos da actividade serían superiores nun 4% aos ingresos esperados.

III) INFORME DO SERVIZO

Na Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi na cidade de Vigo aprobada por acordo plenario de data 9 de febreiro de 2015 e modificada por acordos plenarios de datas 5 de setembro de 2018 e 30 de marzo de 2022, no Título VII “ Réxime Económico” artigo 42 se establece que:

“ a prestación do servizo de taxi estará suxeita a un réxime de tarifas obrigatorias que haberán de garantir a cobertura do custo real do servizo en condicións normais de produtividade e organización e permitiran unha adecuada amortización e un razoable beneficio industrial “

“ as tarifas poderán ser revisadas periodicamente o de maneira excepcional cando se producise unha variación dos custos que altere significativamente o equilibrio económico da actividade “

“ e engade, en tanto non se fixe pola Xunta de Galicia unha estrutura harmonizada das tarifas, a oportunidade e necesidade revisión de proceder a revisión tarifaria do servizo de taxi , debe ser xustificada polas Asociacións solicitantes , mediante a presentación dun estudo económico do sector que xustifique o incremento proposto , incremento que que una vez xustificado non poderá superara o IPC do transporte da comunidade autónoma galega “

No artigo 40 nº 1, 2 e 3 da Lei de transporte publico de persoas en vehículos de turismo de Galicia, se establece que:

“ a prestación do servizo de taxi estará suxeita a un réxime de tarifas obrigatorias que haberán de garantir a cobertura do custo real do servizo en condicións normais de produtividade e organización e permitiran unha adecuada amortización e un razoable beneficio industrial “

“ a Consellería competente en materia de transporte en vehículos de turismo, oído o Concello Galego de Transportes, poderá establecer unha estrutura harmonizada das tarifas de taxi aplicable no conxunto da comunidade autónoma, determinando os conceptos desta estrutura, cuxa cuantificación corresponderá efectuar aos concellos para os seus respectivos ámbitos competenciais.

“ as tarifas poderán ser revisadas periodicamente o de maneira excepcional cando se producise unha variación dos custos que altere significativamente o equilibrio económico da actividade “

E no numero 4 do citado artigo se establece que:

“as tarifas de aplicación aos servizos urbanos de taxi serán fixadas polos concellos”

De conformidade co disposto no artigo 46 nº 1 do vixente Regulamento da Lei 4/2013 de 30 de maio de transporte publico de persoas en vehículos de turismo de Galicia publicado no Diario Oficial de Galicia de data 1 de outubro de 2018:

“ De acordo co establecido no artigo 40.3 da Ley 4/2013 de 30 de maio , as tarifas poderán ser revisadas por períodos que serán anuais con carácter xeral. En este sentido, as tarifas aprobadas e/o as súas revisións entrarán en vigor e serán exixibles as persoas usuarias a partir do primeiro dia de xaneiro do ano posterior a súa aprobación”

E no artigo 46 nº 2 do vixente Regulamento da Lei 4/2013 de 30 de maio de transporte publico de persoas en vehículos de turismo de Galicia publicado no Diario Oficial de Galicia de data 1 de outubro de 2018:



Concello de Vigo

“ tamén se poderán revisar as tarifas excepcionalmente cando se produza unha variación nos custes que altere significativamente o equilibrio económico da actividade. Estas revisións excepcionais no estarán suxeitas a limitacións temporais para entrar en vigor.”

Como queira que a Xunta de Galicia aínda non establezo unha estrutura harmonizada das tarifas de taxi aplicable no conxunto da comunidade autónoma galega, para a revisión de tarifas estarase ao disposto no artigo 42 da vixente ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo.

PROPOSTA FORMULADA

Na proposta formulada pola Sociedad Cooperativa Gallega de Auto-taxis y Gran turismo de Vigo y provincia de Pontevedra e da Asociación Provincial de Autopatronos del Taxi de Pontevedra, xustifican o incremento solicitado mediante a presentación dun estudo económico do sector facendo un estudo sobre os custes do servizo no ano 2023 (39.213,44) e que comparados cos custes do ano 2022 (37.706,02), obrantes no expediente de revisión de tarifas para o ano 2023, supón un incremento dun 4%, e propoñen aplicar para a revisión das tarifas vixentes, un 2,3 %, porcentaxe que segundo describen, e moi inferior ao incremento dos gastos, pero consideran que non poden repercutir a totalidade do incremento que procedería, aos usuarios do taxi.

Polo exposto, procedese a analizar os custes de actividade presentados :

ESTUDO DE CUSTES DO ANO 2023

1 CUSTES DE PERSOAL

SALARIO MENSUAL

ANO 2023: 1178,73 € por 12 mensualidades = 14.144,76

RÉXIME DE TRABALLADORES AUTÓNOMOS

ANO 2023: Réxime Especial de Traballadores Autónomos Ano 2023 = 3.528,00 €

TOTAL CUSTES DE PERSOAL ANO 2023 : 17.672,76 €

2 CUSTES DE EXPLOTACIÓN

	Ano 2023
Imposto Municipal de Vehículos.....	140,30 €
ITV Vehículo e taxímetro.....	67,22€
Seguro Vehículo, custe medio	1800,00 €
Varios (asesoría –xestoría.....)	500,00 €
Outros Gastos (asociación, compras).....	300,00 €
Impostos	600,00 €
Emisora Radiotaxi	900,00 €
TOTAL CUSTES DE EXPLOTACIÓN ANO 2023:	4.307,52 €

3 CUSTES DO VEHÍCULO



Concello de Vigo

CARBURANTES: a un prezo medio de 1,78 €/litro de gasóleo en 2023 y un consumo del 8%, resulta:

$$1,78 \times (8/100) \times 35.000 \text{ kms} = 4.984,00 \text{ €}$$

ACEITE: considerando un consumo de 1 litro cada 2500 quilómetros y a 15 €/litro en el año 2023, resulta:

$$35000 / 2500 \times 1 \times 15,00 = 210 \text{ €}$$

PNEUMÁTICOS: 1 cambio de 4 rodas ao ano a un prezo estimado de 125 € para o ano 2023 resulta:

$$125 \times 4 = 500 \text{ €}$$

AMORTIZACIÓN E INTERESES: considerando un prezo medio para un vehículo utilizado no sector cun importe de 21.500,00 € para o ano 2023, e una vida media de 6 anos e un 6% de intereses, resulta:

$$21.500,00 / 6 = 3.583,33 + 1290,00 = 4.873,33 \text{ €}$$

REPARACIÓNS E MANTEMENTO : Tendo en consideración un 15 % sobre o valor de compra do vehículo, para 2023, resulta:

$$21.500,00 \times 15\% = 3.225,00\text{€}$$

LAVADO: Un lavado integral cada 7 días a 18 € cada lavado en el año 2023, resulta:

$$365/7 \times 18 \text{ €} = 938,57 \text{ €}$$

TAXÍMETRO, MÓDULO INDICATIVO DE TARIFAS, IMPRESORA E SISTEMA XESTIÓN DE FLOTAS cos seguintes prezos en 2023 :

Taxímetro: 375,00 €

Indicador Luminoso: 357,00 €

Impresora: 338,80 €

Tablet / Smartphone: 200,00 €

Bluetooth: 125,00 €

Mano de Obra Instalación: 300,00 €

$$\text{Calculado sobre una vida útil de 6 anos} = 1695,80 / 6 = 282,63\text{€}$$

TOTAL CUSTES DO VEHÍCULO en 2023 = 15.013,53 €

4 CUSTES TOTAIS :

ANO 2023:

Custes de Persoal: 17.672,76 €

Custes de Explotación: 4.307,52 €

Custes do Vehículo: 15.013,53 €

TOTAL DE CUSTES : 36.993,81 €

Marxe de beneficio empresarial 6%: 2.219,63 €

TOTAL AÑO 2023: 39.213,44 €

Si poñemos estas cifras en relación co ano 2022, onde os custes totais eran de 37.706,02 o aumento dos custes foron dun 4%

INGRESOS ESTIMADOS COA TARIFA PROPOSTA

1. Quilómetros percorridos ao ano: 35.000 Qms. De este total estableceremos una proporcionalidade sobre as horas de aplicación de cada unha das tarifas existentes, do que resulta:

Qms percorridos en Tarifa 1 (75%) = 26.250 kms.

Qms percorridos en Tarifa 2 (25%)= 8.750 kms.

2. Quilómetros percorridos en vacío: Se establece como media un 40%.

$35000 \text{ Qms} \times 40\% = 14.000 \text{ Qm/año}$ percorridos en vacío.

3. Quilómetros percorridos en servizo:

$35.000 - 14.000 = 21.000 \text{ Qm/año}$.

4. Horas totais traballadas: Vamos a calcular un cómputo horario de 2610,00 horas/ano, para o titular do taxi.

5. Servizos día: consideramos a proporcionalidade das horas nas cales se veñen aplicando as distintas tarifas respecto a os servizos que se realizan durante o día, resultando,

Servizos realizados en un día = 12 servizos

Servizos en tarifa diúrna(75%) = 9 servizos

Servizos en tarifa nocturna(25%)= 3 servizos.

6. Xornadas traballadas durante o ano:..... 290 días / ano.

7. Servizos por ano: $290 \text{ días} \times 12 \text{ servizos/día} = 3.480 \text{ servizos}$.

8. Duración media do servizo: 15 minutos.

9. Tempo de espera en servizo:15 %.

10. Tempo en servizo: $3480 \times 15 : 60 = 870 \text{ horas}$.

11. Tempo de paradas, esperas e retornos vacío= $2610 - 870 = 1740,00 \text{ horas}$

12. Tempo parado en servizo (ocupado)= 15% de 870= 130,50 horas.



Concello de Vigo

INGRESOS ESTIMADOS CON LA TARIFA PROPOSTA E SEGUNDO OS DATOS ESTADÍSTICOS APORTADOS

Ingresos por Percepción Mínima:

$$290 \text{ días} \times 9 \text{ servizos/día} \times 4,10 \text{ €} = 10.701,00 \text{ €}$$

$$290 \text{ días} \times 3 \text{ servizos/día} \times 4,35 \text{ €} = 3.784,50 \text{ €}$$

Ingresos por quilómetro:

$$*29.606 \times 0,60 \times 0,75 \times 1,11 \text{ €} = 14.788,20 \text{ €}$$

$$*29.606 \times 0,60 \times 0,25 \times 1,24 \text{ €} = 5.506,72 \text{ €}$$

Ingresos por hora de espera:

$$130,50 \times 0,75 \times 23,05 \text{ €} = 2.256,02 \text{ €}$$

$$130,50 \times 0,25 \times 25,10 \text{ €} = 818,89 \text{ €}$$

INGRESOS OBTIDOS COA TARIFA SOLICITADA 37.855,33 €

CONSIDERACIÓNS SOBRE A SOLICITUDE

A vista do anterior formúlanse as seguintes precisións :

En relación coa comprobación do custe do réxime de autónomos, axústase en termos xerais á cantidade media aplicable .

Os custes de explotación, considéranse normais, englobando os conceptos de seguros, impostos, emisora. etc.

O marxe do beneficio empresarial considerase que é correcto de acordo co beneficio empresarial xeral que e dun 6 % .

En relación aos custes do vehículo, pola súa significación económica no peso total de custes de actividade, é conveniente facer a seguinte análise:

De conformidade cos índices oficiais publicados polo Ministerio para la transición electrónica y el reto demográfico, sobre a evolución dos prezos do gasóleo, comprobase que a variación dos prezo do “gasóleo automoción” do período setembro 2022 – agosto 2023 e 163,98 €

Polo exposto debe corrrixirse o prezo dos CARBURANTES: considerando un prezo medio do gasóleo de 163,98 €/litro e un consumo do 8%, resulta:

$$163,98 \times (8/100) \times 35.000 \text{ kms} = 4.591,44 \text{ €}$$

ANO 2023:

Custes de Persoal: 17.672,76 €

Custes de Explotación: 4.307,52 €

Custes do Vehículo: 14.620,97€
TOTAL DE CUSTES : 36.601,25€
Marxe de beneficio empresarial 6%: 2.196,07 €
TOTAL AÑO 2023: 38.797,32 €

Coas modificacións propostas, conclúise que os custos totais son 38.797,32 € polo que o incremento dos custes entre o ano 2022 e o ano 2023 e de 2,89 %

Asi mesmo comprobouse que o IPC de transporte da Comunidade Autónoma Galega e dun 2,3 % no mes de agosto ultimo índice publicado.

En relación co redondeo proposto considerase que non debe admitirse debido a que o importe que abona o usuario non é con carácter xeral una única tarifa senón a suma de varios conceptos da tarifa, polo que non influiría en facilitar o pago. A solicitude de revisión de tarifas presentada, consistente nun incremento nas tarifas vixentes dun 2,3%, e equivalente ao IPC do servizo de transportes da Comunidade Autónoma Galega do mes de agosto, ultimo índice publicado, polo que pode informarse favorablemente a citada proposta, ao non exceder a solicitude do citado índice de conformidade co disposto na normativa de aplicación.

Polo exposto considerase que de conformidade co disposto no artigo 42 da Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi na cidade de Vigo, e no artigo 46 nº 1 e nº 2 do vixente Regulamento da Lei 4/2013 de 30 de maio de transporte publico de persoas en vehículos de turismo de Galicia, pode propoñerse a revisión das tarifas de taxi para o ano 2023 aplicándose un incremento de 2,3 % porcentaxe que e menor que o incremento dos custes da actividade 2022- 2023 que e dun 2,89% así como equivalente ao IPC do transporte da Comunidade Autónoma Galega, cos prezos que se conten na seguinte proposta :

Informar favorablemente a revisión de tarifas de taxis da cidade de Vigo para o ano 2024, sendo os prezos propostos os seguintes:

TARIFA 1(días laborables de 6,00 a 22.00 horas)

Concepto	Euros (IVE incluído)
Tarifa mínima (1.700 metros e/ou 293,76 segundos)	4,09
Qm. percorrido	1,11
Hora de espera	23,05
Suplemento aeroporto	5,12
Suplemento lfevi	3,58



Concello de Vigo

Maletas y vultos análogos(con excepción das cadeiras de rodas e da primeira maleta de cada unha das persoas usuarias)	0,65
---	------

TARIFA 2 domingos e festivos, 24 e 31 de decembro, sábados dende as 06.00 horas e servizo nocturno de 22,00 ás 6,00 horas)

Concepto	Euros
Tarifa mínima (1100 metros e/ou 195,18 segundos)	4,35
Qm. percorrido	1,24
Hora de espera	25,10
Suplemento aeroporto	5,12
Suplemento Ifevi	3,58
Maletas y vultos análogos(con excepción das cadeiras de rodas e da primeira maleta de cada unha das persoas usuarias)	0,65

Suplemento 25 de decembro e 1 de xaneiro (dende as 00.00 ata as 10.00): 2,55€

Suplemento por persoa a partir da sexta praza: 0,59 €

2) E en cumprimento co disposto na artigo 42 da Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi na cidade de Vigo deberá darse audiencia as Asociacións Profesionais de Empresarios e Traballadores representativos do sector, e as de consumidores e usuarios.

3) Así mesmo debera darse traslado a ITV para que informe si as tarifas propostas son compatibles co funcionamento dos taxímetros.

IV) TRAMITE DE AUDIENCIA

Concedido o preceptivo trámite de audiencia ás asociacións profesionais de empresarios e traballadores do sector e ás dos consumidores e usuarios, durante o prazo concedido ao efecto, foi presentada unha alegación por D. Emilio Mosquera Rodríguez, como Presidente de la Junta Directiva de la ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE AUTOPATRONOS DEL TAXI DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA co seguinte contido:

“1. En la tarifa propuesta por ese Concello en cuanto a la Tarifa 1 y en concepto de Tarifa Mínima se propone un importe de 4,09€, iva incluído. Que a fin de ajustar importes, evitar céntimos sueltos y facilitar los cobros y los pagos, solicitamos que se haga un redondeo y que dicho concepto quede establecido en 4,10€. Debemos recordar que el año pasado el importe de la cuantía mínima salía 4,03€ y pedimos un redondeo a la baja, quedando aprobado en 4,00€.

Asimismo, también queremos mencionar que los pasos del taxímetro se hacen en saltos de 0,05cts, con lo que así lograríamos siempre un importe justo y exacto.

2. Que al igual que hicimos en la petición de revisión de tarifas para el año 2023, recordamos que desde el Servicio de Metrología de la Xunta, se nos había indicado lo siguiente:

“Cuando se propongan tarifas que no se incluyan segundos iniciales, que se ponga simplemente “los que correspondan”. Decía también “ que poner más datos que los metros iniciales es un exceso de celo innecesario que solo puede llevar a un error al confeccionar la tarifa.

El año pasado se tuvo en cuenta esta apreciación y se puso “ los que correspondan”, en vez de indicar unos segundos iniciales exactos, por lo que solicitamos que para este año se aplique el mismo criterio.”

En resposta as alegacións recibidas, e en relación co redondeo da tarifa 1, no concepto de mínima, é certo que en relación con este concepto nas ultimas tarifas aprobadas, se redondeou o importe a baixa a fin de facilitar o pago/cobro aos usuarios, polo que pode admitirse o redondeo a alza no presente caso, consistente nun 0,01 € , o que facilita o pago/cobro dos servizos que non exceden de dita contía.

En canto a segunda alegación, relativa a non inclusión dos segundos iniciais nas tarifas mínimas e a súa substitución pola frase “ os que correspondan “ a mesma se contestada no apartado seguinte relativo a inspección técnica de vehículos.

V) INFORME DA INSPECCIÓN TÉCNICA DE VEHÍCULOS

Solicitado informe a ITV sobre o viabilidade de programación do taxímetro coas modificacións propostas, informan que o tempo correspondente a tarifa 1 seria 294,72 segundos e o tempo correspondente a tarifa 2 seria 195,63 segundos, mantendo tódolos demais parámetros constantes, para que o taxímetro poida ser programado de conformidade co disposto no artigo 3.1.3.do Real Decreto 159/82;

Na data 29 de outubro de 2022 a Asociación Provincial de autopatronos del taxi de la provincia de Pontevedra manifiestan que recibiron en febreiro pasado a seguinte indicación do servizo de Metroloxía da Xunta “ cando se propoñan tarifas que no se inclúan os segundos iniciais, que se poña simplemente “ os que correspondan “ que poñer mais datos que os os metros iniciais pode levar a un error na confección da tarifa .



Concello de Vigo

A vista do citado escrito, e efectuada consulta na ITV, informan que a os metros lle corresponden uns determinados segundos polo que non e preciso facer figurar os segundos.

VI) NORMATIVA DE APLICACIÓN

-A Lei 4/2013 de 30 de maio de transporte publico de persoas en vehículos de turismo de Galicia publicada no D.O.G.A de 14 de xuño de 2013.

-A Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi na cidade de Vigo aprobada por acordo plenario de data 9 de febreiro de 2015 publicada no BOPP de data 11 de marzo de 2015, e modificada por acordos plenarios de datas 5 de setembro de 2018 e 30 de marzo de 2022 publicados no BOPP de data 24 de setembro de 2018 e 13 de abril de 2022 respectivamente.

-O Regulamento da Lei 4/2013 de 30 de maio de transporte publico de persoas en vehículos de turismo de Galicia aprobado por Decreto 103/2018 de 13 de setembro e publicado no Diario Oficial de Galicia de data 1 de outubro de 2018 .

VII) PROPOSTA

Polo exposto considerase que de conformidade co disposto no artigo 42 da Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi na cidade de Vigo, e no artigo 46 nº 1 e nº 2 do vixente Regulamento da Lei 4/2013 de 30 de maio de transporte publico de persoas en vehículos de turismo de Galicia, pode propoñerse a revisión das tarifas de taxi para o ano 2024 aplicándose un incremento de 2,3 % porcentaxe que e menor que o incremento dos custes da actividade 2022- 2023 que e dun 2,89% así como equivalente ao IPC do transporte da Comunidade Autónoma Galega.

En consecuencia e de conformidade co disposto na lei 4/2013 de persoas en vehículos de turismo de Galicia así como no artigo 42 da vixente ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo aprobada na sesión plenaria de data 9 de febreiro de 2015 a Orde de 26 de febreiro de 1993, Real Decreto 1634 de 1980, así como o Decreto da Xunta de Galicia 106/84 de 24 de maio sométese á consideración dá Xunta de Goberno Local para a súa aprobación o seguinte :

ACORDO :

PRIMEIRO: Informar favorablemente a revisión de tarifas de taxis da cidade de Vigo para o ano 2024, sendo os prezos propostos os seguintes:

TARIFA 1(días laborables de 6,00 a 22.00 horas)

Concepto	Euros (IVE incluído)
Tarifa mínima (1.700 metros ou tempo equivalente)	4,10
Qm. percorrido	1,10
Hora de espera	23,05
Suplemento aeroporto	5,12
Suplemento lfevi	3,58
Maletas y vultos análogos(con excepción das cadeiras de rodas e da primeira maleta de cada unha das persoas usuarias)	0,65

TARIFA 2 domingos e festivos, 24 e 31 de decembro, sábados dende as 06.00 horas e servizo nocturno de 22,00 ás 6,00 horas)

Concepto	Euros
Tarifa mínima (1100 metros ou tempo equivalente)	4,35
Qm. percorrido	1,25
Hora de espera	25,10
Suplemento aeroporto	5,12
Suplemento lfevi	3,58
Maletas y vultos análogos(con excepción das cadeiras de rodas e da primeira maleta de cada unha das persoas usuarias)	0,65

Suplemento 25 de decembro e 1 de xaneiro (dende as 00.00 ata as 10.00): 2,55€
 Suplemento por persoa a partir da sexta praza : 0,59 €

SEGUNDO: Remitir o expediente á Dirección Xeral de Comercio e Consumo da Xunta de Galicia para dar cumprimento ao disposto na vixente lexislación en materia de prezos autorizados.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(943).- TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO Á FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU PARA A DIFUSIÓN DAS ACTUACIÓNS CONDUCENTES Á PRESENTACIÓN DA CANDIDATURA DAS “ILLAS CÍES GEOPARQUE MUNDIAL DA UNESCO” DURANTE O ANO 2023. EXPTE. 8533/104.



Concello de Vigo

Visto o informe xurídico do 03/11/2023 e o informe de fiscalización do 10/11/2023, dáse conta do informe-proposta de data 23/10/2023, asinado pola técnica de actividades turísticas, a concelleira-delegada de Turismo, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

En data do Rexistro Xeral 10 de outubro de 2023, a Fundación Vigo Convention Bureau (en adiante, FVCB) presenta escrito de solicitude de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Vigo Convention Bureau para desenvolver as actuacións conducentes á presentación da candidatura Illas Cíes Geoparque Mundial da UNESCO, durante o ano 2023 (Nº Doc 230323807), por importe total de 250.000,00€, con cargo á aplicación presupostaria 4320.4800000 “Convenio de xestión das Illas Cíes P.H.N” do programa orzamentario do servizo de Turismo para o vixente exercicio económico.

ANTECEDENTES

A FVCB é unha organización, constituída polo Concello de Vigo, ABANCA, Universidade de Vigo, Cámara de Comercio de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra e IFEVI, de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei 12/2006 de 1 de decembro, fundacións de interese galego e do Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro que aproba o regulamento de fundacións de interese galego. A FVCB non dispón de recursos propios para o desenvolvemento das accións a que se refire este convenio, na condición de patrón, o Concello de Vigo é o único promotor das actividades previstas. Así mesmo o carácter público da fundación fai que non sexa necesario o establecemento de garantía.

A FVCB ten como fin o desenvolvemento da economía produtiva e o fomento da economía social de Galicia mediante a potenciación das infraestruturas turísticas e servizos específicos no campo do subsector do turismo de reunión, captación de congresos, convencións e viaxes de incentivo para a cidade de Vigo.

Tal e como se recolle no artigo 30 dos seus estatutos, os recursos económicos da FVCB se compoñen dos seguintes elementos :

- Dotación inicial.
- As achegas económicas dos patróns fundadores, das entidades colaboradoras e ingresos doutra índole. A contía anual das achegas decidírase por parte do Padroado.
- Os ingresos procedentes da facturación dos seus servizos e actividades, sempre e cando se obteña, se fose precisa, a preceptiva autorización do Protectorado e concorran as demais condicións previstas na Lei 12/2006, de Fundacións de interese galego e disposicións regulamentarias.
- Os derivados de contratos, concertos e convenios con persoas físicas ou xurídicas ou entidades públicas ou privadas de calquera tipo.
- Os rendementos do seu patrimonio.
- Subvencións, axudas, bens ou legados, así como os derivados de patrocinios.
- Os créditos e préstamos que lle sexan concedidos.

A FVCB ten entre as súas actividades, segundo dispón o artigo 5 dos seus estatutos, as seguintes:

- Promover a creación e/ou mellora estrutural dos bens e servizos conexas con esta actividade.

-Coordinar con autoridades, organización e entidades de fomento e promoción do turismo as accións de promoción necesarias.

A FVCB, consonte co previsto no artigo 15, aprobou na reunión do padroado de data 10 de outubro de 2023 certifica a aprobación do Anexo I do “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación VCB para a promoción turística da cidade de Vigo e a difusión das actividades de promoción conducentes á presentación da candidatura das “Illas Cíes Geoparque Mundial de la UNESCO durante o ano 2023”

Desde o ano 2010, o Concello de Vigo lidera a candidatura Illas Cíes Patrimonio da UNESCO impulsando un ambicioso programa de investigación, educación e divulgación, fortalecendo a conciencia ambiental sobre este territorio e promovendo un desenvolvemento sostido fundamentado no patrimonio natural e cultural. Para iso, o Concello de Vigo deseñou e desenvolveu diversas accións que culminan en resultados concretos, materializados en forma de apoios e de estudos de alto valor técnico, que avalan o proceso de candidatura. Derivado dos traballos realizados no seo das mesas de traballo do Comité Científico constatouse o significativo e diverso patrimonio xeolóxico do arquipélago. É por iso, que se considera que as Illas Cíes reúnen os requisitos necesarios para alcanzar os obxectivos de desenvolvemento socioeconómico dun Geoparque. Neste contexto, o Concello de Vigo, firme no seu compromiso coa conservación, protección e promoción das Illas Cíes, promove a iniciativa de proposta de candidatura do arquipélago, como “Geoparque Mundial UNESCO”.

A Xunta de Goberno Local adopta, en data 22 de setembro de 2023, o seguinte acordo: “PROPOSTA DE APROBACIÓN DA “FOLLA DE RUTA” PARA A PRESENTACIÓN DA CANDIDATURA “ISLAS CÍES, GEOPARQUE MUNDIAL DE LA UNESCO”. EXPTE. 8506/104” no marco do cal, se elabora o documento denominado “Hoja de Ruta” (documento anexo) da candidatura “Illas Cíes, Xeoparque Mundial da Unesco” no que se analiza os obxectivos específicos e resultados a alcanzar e se define o Plan de traballo a seguir, para a presentación no ano 2024, a candidatura oficial para que as Illas Cíes formen parte da “Red Mundial de Geoparques da UNESCO”

O documento “ Hoja de Ruta” responde as directrices operativas para os geoparques mundiales da UNESCO e ao procedemento para a presentación da candidatura Illas Cíes a Geoparque Mundial da UNESCO, entre os seus obxectivos levar a cabo un plan de acción co desglose das accións de promoción da candidatura, estruturada en eixos de actuación que englobe a creación de marca, a comunicación e a divulgación da candidatura, establecendo colaboracións e alianzas estratéxicas e a sensibilización da comunidade local e dos visitantes sobre a importancia das Illas Cíes como Geoparque”

A FVCB no marco das súas funcións de promoción, en colaboración co Concello de Vigo, está interesada na realización do presente convenio de colaboración en relación ó obxecto de que a FVCB de dar difusión a unha serie de accións promocionais para a concienciación e información á cidadanía, fundamentais no proceso de presentación da candidatura “Illas Cíes, Geoparque Mundial de la UNESCO” durante o ano 2023.

Concretamente a FVCB propón a realización das seguintes accións:

- CONCURSO DEBUXO E VÍDEO “XEOPARQUE ILLAS CÍES: O PARAÍSO DE TODOS
- BANNERS-MICROSITES PROMOCIONAIS-CAMPAÑAS PUBLICITARIAS



Concello de Vigo

- LIBRO CÓMIC.
- PROMOCIÓN E CONTIDOS PEDAGÓXICOS
- INSERCIÓNS PUBLICITARIAS
- EXPOSICIÓN DE TRABALLOS
- ACIÓNS DE COMUNICACIÓN, PROMOCIÓN E DIVULGACIÓN DAS ILLAS CÍES
- EDICIÓN DE MATERIAIS DIVULGATIVOS

Así como o desenvolvemento das seguintes actuacións:

- 1.- Levar a cabo as accións de coordinación e seguimento de difusión e marketing para a concienciación e información á cidadanía sobre o proceso da candidatura das “Illas Cíes Geoparque Mundial de la UNESCO”.
- 2.- Xestión e supervisión das accións executadas no Anexo I
- 3.- Elaboración dun clipping de prensa para recadar toda a información publicada en medios escritos e dixitais sobre as Illas Cíes.
- 4.- Colaboración do equipo do proxecto con tódalas accións de promoción definidas dentro do convenio tanto das provenientes de entidades públicas como de entidades privadas.
- 5.- O equipo de traballo, encargárase de informar aos participantes do proxecto sobre o protocolo de actuacións e recomendacións para a correcta xestión e xustificación das accións enmarcadas dentro do proxecto. Internamente executaranse os seguintes traballos:
 - Execución do Plan de traballo establecido no convenio.
 - Xestión económica do proxecto.
 - Solicitud de orzamentos.
 - Elaboración de Memorias de Actuacións e Económicas.
- 6.- Crearase o dominio “Geoparque” para promocionar e difundir a nova candidatura das Illas Cíes como Geoparque Mundial. Renovación dos dominios, seleccionados dende o concello para a promoción e difusión das Illas Cíes .
- 7.- Dinamización nas Redes Sociais, a tal efecto compre a execución dunha estratexia de posicionamento na web e nas redes sociais.
- 8.- Coordinación dos servidores de aloxamento, para a xestión dos servizos a proporcionar a través da web para as distintas accións vinculadas o convenio.
- 9.- Reestruturarase a páxina web das Illas Cíes, na cal se incluírá a información relativa á candidatura Xeoparque Mundial ademais de toda a información complementaria que se precise.
- 10.- Comunicar á Concelleira-delegada da área de Turismo calquera modificación que se produza no programa de actividades que conforma o Anexo I, sempre e cando ditas modificacións non supoñan un incremento sobre o importe da transferencia de financiamento previsto neste convenio.

As actuacións propostas están ligadas aos eixos de actuación da “Hoja de Ruta” e ao Plan de traballo da mesa sectorial conxunta:

-R2. Promoción de Colaboraciones Institucionales, Científicas y Sociales

- **A2.3 Diseño e Implementación de un Plan de Acción de Promoción de Geoparque.**

1. Identidad de Marca: Crear una identidad de marca única y atractiva para el Geoparque de las Islas Cíes que represente las características geológicas y culturales únicas de las islas. Esto puede incluir el desarrollo de un logotipo, eslogan y otros elementos gráficos.

2. Plan de Comunicación: Diseñar un plan de comunicación estratégico que defina cómo se comunicará la marca y el mensaje del Geoparque a diferentes audiencias. Esto puede incluir el uso de diversos canales de comunicación, como medios de comunicación, redes sociales, eventos públicos y materiales impresos.

3. Estrategia de Medios: Desarrollar una estrategia de medios que identifique los medios de comunicación y plataformas más efectivas para llegar a la audiencia objetivo y difundir el mensaje del Geoparque.

4. Participación en eventos y ferias internacionales para promocionar las islas Cíes y su candidatura como Geoparque Mundial de la UNESCO.

5. Participación de la Comunidad: Planificar y ejecutar iniciativas para involucrar a la comunidad local y regional en el proceso de candidatura del Geoparque, lo que puede incluir eventos de participación comunitaria, oportunidades de voluntariado y programas educativos.

- **A2.4 Señalización, Información y Comunicación del Geoparque.**

1. Señalización: Colocar señales distintivas del Geoparque en lugares visibles, como entradas y salidas de carreteras, e instalar paneles informativos en sitios de interés dentro del Geoparque.

2. Centro de Información: Establecer un centro de información del Geoparque y un museo o sala de exposiciones para proporcionar información actualizada sobre los sitios de interés, mapas y otros recursos útiles, y presentar la historia geológica y cultural del Geoparque de manera interactiva y accesible.

3. Sitio Web del Geoparque: Crear y mantener un sitio web para promocionar el Geoparque y proporcionar información actualizada sobre los sitios de interés y las actividades en el área. Traducir el sitio web del Geoparque al inglés para llegar a una audiencia más amplia y atraer visitantes internacionales.

4. Folletos y Publicaciones: Producir folletos y publicaciones que presenten los sitios de interés del Geoparque y sus características geológicas y culturales. Traducir los folletos y publicaciones del Geoparque al inglés para atraer visitantes internacionales y proporcionar información accesible sobre el área.

-R5. Fortalecimiento de la comprensión y valoración de la geodiversidad y ecosistemas.

- **A5.1 Se propuso la creación de un programa educativo dirigido a diferentes públicos**



Concello de Vigo

Estos programas pueden tomar varias formas, desde la educación formal en las escuelas hasta la educación informal a través de talleres y eventos comunitarios.

El objetivo principal de estos programas será aumentar la comprensión y valoración de la geodiversidad y los ecosistemas entre los residentes y visitantes del geoparque”.

- **A5.3 Se determinaron formatos para actividades de divulgación.**

Se implementarán diversas actividades de divulgación para comunicar la importancia de la geodiversidad y los ecosistemas a un público más amplio. Estas actividades pueden incluir charlas públicas, exposiciones, eventos culturales, publicaciones y uso de medios digitales. El objetivo de estas actividades será aumentar la conciencia y apreciación de la geodiversidad y los ecosistemas entre la comunidad y los visitantes”.

O carácter unitario e participativo da FVCB de todo o sector turístico de Vigo aconsella a colaboración na difusión e promoción da candidatura se realice a través de este ente no que participa o Concello de Vigo, mediante as accións do proxecto proposto pola FVCB.

A obtención da declaración das Illas Cíes, Geoparque Mundial de la UNESCO, suporía para a cidade o recoñecemento dese recurso turístico, tanto a nivel nacional como internacional, que sentaría as bases dun novo enfoque na promoción turística da cidade.

DOCUMENTACIÓN

A FVCB presenta a documentación relativa ao expediente de transferencia, que está integrada pola seguinte documentación:

-Anexo I. Memoria e orzamento do proxecto do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Vigo Convention Bureau para dar continuidade á difusión das actuacións de promoción conducentes á presentación da candidatura das “Illas Cíes Geoparque Mundial de la UNESCO” durante o ano 2023.

-Certificado de aprobación do Anexo I do “ Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a FVCB para a promoción turística da cidade de Vigo e a difusión das accións de promoción conducentes á presentación da candidatura das Illas Cíes, Geoparque Mundial de la UNESCO durante o ano 2023” de data 10 de outubro de 2023

-Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria.

-Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social.

-Certificado de estar ao corrente de pagos con Facenda.

-Certificación da conta bancaria.

O certificado de estar ao corrente co Concello de Vigo, aportarase polo Concello de Vigo Revisada a memoria que contén as actuacións que desenvolveranse no ano 2023, desenvolvidas no marco das actividades fundacionais recollidas no artigo 5 dos Estatutos da FVCB e que cumpren cos fins fundacionais dispostos no artigo 4 dos mesmos estatutos.

XESTIÓN DA COLABORACIÓN DO CONCELLO DE VIGO COA FVCB E LEXISLACIÓN APLICABLE

O Concello de Vigo de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de

Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

Mediante Resolución da Alcaldía de data 19 e posterior de data 28 de xuño de 2023 estableceuse o número, denominación e competencias das áreas de goberno e concellería delegadas nas que se estrutura a administración municipal, por Resolución de Alcaldía de data 29 de xuño estableceuse delegar na área de goberno de Política Social e Turismo entre outras a seguinte facultade: Dirección e impulso das candidaturas das Illas Cíes "Geoparque Mundial UNESCO", así como as relacións coa Fundación Vigo Convention Bureau.

De acordo co disposto no artigo 2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, as fundacións públicas están suxeitas á Lei de Contratos do Sector Público na forma e termos previstos na mesma.

A Lei xeral de subvencións establece no artigo 2.2 " No están comprendidas no ámbito de aplicación de esta lei, as achegas dinerarias entre diferentes administracións públicas, para financiar globalmente a actividade da Administración á que vaian destinadas e as que se realicen entre os distintos axentes dunha administración cuxos presupostos se integren nos Presupostos Xerais da Administración á que pertencen, tanto si se destinan a financiar globalmente a súa actividade como a realización de actuacións concretas a desenvolver no marco das funcións que teñan atribuídas, sempre que non resulten dunha convocatoria pública".

Polo exposto, tramitarase mediante unha transferencia de financiamento non suxeita a Lei xeral de subvencións, sobre a que se debe concretar a periodicidade dos pagamentos e as obrigas das partes que establecerase a través dun convenio de colaboración, que recolle os contidos mínimos esixidos para a concesión desta transferencia do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público. A comprobación, xustificación, fiscalización e control financeiro da achega municipal, así como a actividade de FVCB, excluída totalmente do réxime subvencional, debe realizarse pola Intervención Xeral. A maiores e toda vez que entre en vigor o RD 424/2017 de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas Entidades Locais, a auditoría das contas anuais das Fundacións locais formarán parte do Plan Anual de Control Financeiro a elaborar polo órgano interventor, segundo informe do Servizo de Intervención de data 9 de febreiro de 2018 (Expte 6936-104).

De conformidade con artigo 127. g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio, así mesmo, mediante Resolución da Alcaldía de data 19 e posterior de data 28 de xuño de 2023 estableceuse o número, denominación e competencias das áreas de goberno e concellería delegadas nas que se estrutura a administración municipal, por Resolución de Alcaldía de data 29 de xuño estableceuse delegar na área de goberno de Política Social e Turismo entre outras a seguinte facultade: Dirección e impulso das candidaturas das "Illas Cíes Geoparque Mundial UNESCO", así como as relacións coa Fundación Vigo Convention Bureau, quedan facultadas a Concelleira Delegada de Turismo e Xuventude e a Concelleira de área de Política Social e Turismo para asinar o citado convenio.



Concello de Vigo

PROPONSE.-

1º.- Que se aprobe o texto do “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU PARA DAR DIFUSIÓN ÁS ACTUACIÓNS DE PROMOCIÓN CONDUCENTES A PRESENTACIÓN DA CANDIDATURA DAS “ILLAS CÍES GEOPARQUE MUNDIAL DE LA UNESCO” DURANTE O ANO 2023”.

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 250.000,00€ (dous centos cincuenta mil euros), en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Fundación Vigo Convention Bureau, CIF G-27722883, con cargo á aplicación presupostaria 4320.4800000 (Convenio de xestión das Illas Cíes) do programa orzamentario do servizo de Turismo para o vixente exercicio económico.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU PARA DAR DIFUSIÓN ÁS ACTUACIÓNS DE PROMOCIÓN CONDUCENTES A PRESENTACIÓN DA CANDIDATURA DAS “ILLAS CÍES GEOPARQUE MUNDIAL DE LA UNESCO” DURANTE O ANO 2023 (EXPTE 8533-104)

En Vigo, na data de sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Turismo (en adiante CONCELLERÍA) no seu nome e representación D^a. M^a Carmen Lago Barreiro en virtude do seu cargo de Concelleira-delegada de Turismo e Xuventude e D^a Yolanda Aguiar Castro en virtude do seu cargo de Concelleira da área de Política Social e Turismo do Concello de Vigo, con enderezo na Praza do Rei N^o1, CP. 36202,(CIF P3605700H), para o que foron nomeadas mediante Resolución da Alcaldía de data 19 e posterior de data 28 de xuño de 2023 estableceuse o número, denominación e competencias das áreas de goberno e concellería delegadas nas que se estrutura a administración municipal, por Resolución de Alcaldía de data 29 de xuño estableceuse delegar na área de goberno de Política Social e Turismo entre outras a seguinte facultade: Dirección e impulso das candidaturas das Illas Cíes “Geoparque Mundial UNESCO”, así como as relacións coa Fundación Vigo Convention Bureau, polo exposto quedan facultadas, a Concelleira Delegada de Turismo e Xuventude e a Concelleira de área de Política Social e Turismo, no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo.

Doutra parte, en virtude da modificación dos Estatutos da FVCB de data 12 de marzo de 2010 delegase no Comité Executivo entre outras, a función de aprobar propostas e convenios de calquera clase, así, na condición de Vicepresidenta da Fundación Vigo Convention Bureau (en adiante FVCB) e Presidenta do Comité Executivo, D^a M^a Carmen Lago Barreiro, en calidade de Secretario da FVCB D. Cesar Ballesteros e en calidade de Tesorero da FVCB D. Arsenio Iglesias, con enderezo social na Avda. Beiramar 57, CP.36202.

D^a. Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Administración Municipal, da fe do acto

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

I.- Que a **FVCB** é unha organización, constituída polo Concello de Vigo, ABANCA, Universidade de Vigo, Cámara de Comercio de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra e IFEVI, de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei 12/2006 de 1 de decembro, fundacións de interese galego e do Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro que aproba o regulamento de fundacións de interese galego.

A FVCB consta no Inventario de entidades da Secretaría General de Financiación Autonómica y Local do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas como Fundación da Administración Pública a Fundación Convention Bureau (A A PP - 0 1 / 1 2 / 2 0 1 8). Asemade conforme o acordo co disposto no artigo 2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, as fundacións públicas están suxeitas á Lei de Contratos do Sector Público na forma e termos previstos na mesma e conforme o RD 424/2017 de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas Entidades Locais, a auditoría das contas anuais das Fundacións locais formarán parte do Plan Anual de Control Financeiro a elaborar polo órgano interventor.

O fin da FVCB é o desenvolvemento da economía produtiva e o fomento da economía social de Galicia mediante a potenciación e desenvolvemento das infraestruturas turísticas e servizos específicos no campo do subsector do turismo de reunións e a captación de congresos, convencións e viaxes para a cidade de Vigo.

A FVCB ten entre as súas actividades, segundo dispón o artigo 5 dos seus estatutos, as seguintes:

- Coordinar con autoridades, organización e entidades de fomento e promoción do turismo as accións de promoción necesarias.
- Promover a creación e/ou mellora estrutural dos bens e servizos conexos coas actividades turísticas.
- Crear e consolidar unha conciencia pública en relación coa transcendencia económica do turismo e especialmente co turismo de congresos e reunións.
- Realizar e xestionar o rexistro de empresas organizadoras e proveedoras de bens e servizos relacionados coa actitude de turismo de reunións.
- Producir e distribuir a guía profesional de congresos, que aglutine toda a información cun inventario de recursos turísticos e infraestruturas para a celebración de eventos.
- Coordinar coas áreas municipais correspondentes a correcta utilización dos servizos municipais.
- Proporcionar información turística en distintos soportes e publicación de interese para os delegados.
- Realizar as explotacións económicas de elaboración, edición, publicación e venda de libros, revistas, folletos, merchandising, material audiovisual e material multimedia sobre a cidade de Vigo.



Concello de Vigo

A FVCB, consonte co previsto no artigo 15 dos Estatutos de Fundación, aprobou na reunión do padroado de data 10 de outubro de 2023 certifica a aprobación do Anexo I do “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación VCB para a promoción turística da cidade de Vigo e a difusión das actividades de promoción conducentes á presentación da candidatura das “Illas Cíes Geoparque Mundial de la UNESCO” durante o ano 2023.

II.- Que o **Concello de Vigo** de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

III.- Que o **Concello de Vigo e a FVCB** veñen realizando labores conxuntas de promoción e difusión da cidades dende o ano 2010. A FVCB é un colaborador habitual do Concello de Vigo nas labores de difusión e promoción, estando presente nas principais actuacións de promoción da cidade de Vigo, workshops, mesas de turismo, principais feiras de turismo, etc, desenvolven todas esas actuacións que se atopan no marco das súas competencias de creación, promoción e mellora dos bens turísticos de Vigo.

IV.- Que o **Concello de Vigo** está interesado en iniciar os trámites conducentes á difusión das accións de promoción para á presentación da candidatura “Illas Cíes Geoparque Mundial de la UNESCO” durante o ano 2023.

A UNESCO, Organización das Nación Unidas para a Cultura, Ciencia e Educación, concede a través dun programa específico fundado pola Convención sobre a Protección do Patrimonio Cultural e Natural, o título de “Geoparque Mundial de la UNESCO” a unha área recoñecida pola UNESCO, aberta ao público, que é responsable da protección e a xestión racional dun territorio unificado cun límite único que comprende varios sitios do patrimonio xeolóxico de importancia internacional en calquera escala, ou un mosaico de entidades xeolóxicas de especial importancia científica, rareza ou beleza. Estas características son representativas da historia xeolóxica dunha rexión e dos eventos e procesos que a formaron. Un Geoparque protexe, preserva, conserva, investiga, adquire, comunica e exhibe os sitios do patrimonio da Terra tanxibles e intanxibles de valor internacional e a súa contorna con fins de educación, estudo e goce, permite acompañar o desenvolvemento da “marca cidade” ou “destino turístico”.

O concepto de Geoparque xurdiu a mediados do decenio de 1990 para dar resposta á necesidade de conservar e realzar o valor de zonas de importancia xeolóxica na historia da Terra. As paisaxes e as formacións xeolóxicas son testemuños esenciais da evolución do noso planeta e elementos

determinantes do noso futuro desenvolvemento sostible. Desde o inicio, os Geoparques adoptaron un enfoque “de abaixo arriba”, isto é, impulsado pola comunidade, co fin de asegurar que se puidese conservar e promover a importancia xeolóxica dunha zona para a ciencia, a educación e a cultura, ademais de ser utilizada como activo económico sostible, por exemplo mediante o fomento do turismo responsable. En 2004, con apoio da UNESCO, 17 membros da Rede Europea de Geoparques e oito geoparques chineses crearon a GGN, que obtivo recoñecemento xurídico en 2014, ano no que xa estaba constituída por máis de 100 Geoparques mundiais. Un Geoparque mundial da UNESCO debe conter xeoloxía de importancia internacional. Avalíano independentemente uns científicos profesionais da correspondente disciplina das ciencias da Terra. Os geoparques mundiais da UNESCO son paisaxes vivas e activos nos que a ciencia e as comunidades locais actúan de forma mutuamente beneficiosa. A educación en todos os planos é o núcleo do concepto de geoparque mundial da UNESCO. Desde investigadores universitarios a grupos das comunidades locais, os geoparques mundiais da UNESCO alentan a conciencia da historia do planeta que pode lerse nas rocas, a paisaxe e os procesos xeolóxicos en curso. Os geoparques mundiais da UNESCO tamén promoven os vínculos entre o patrimonio xeolóxico e todos os demais aspectos do patrimonio natural e cultural da zona, demostrando palmariamente que a diversidade xeolóxica é o fundamento de todos os ecosistemas e a base da interacción dos seres humanos coa paisaxe. Os Geoparques Mundiais da UNESCO contribúen á consecución dos obxectivos da UNESCO ao promover a xeoloxía e a ciencia en xeral mediante unha contribución máis ampla ao mandato da UNESCO que abarca a educación, a cultura e a comunicación.

V.- Que a **FVCB** no marco das súas funcións de promoción, en colaboración co Concello de Vigo, está interesada na realización do presente convenio de colaboración en relación ao obxecto de que a FVCB desenvolva as accións que ten entre as súas competencias, para a difusión das actuacións conducentes á posta en marcha da candidatura das “Illas Cíes Geoparque Mundial de la UNESCO”, así como todas aquelas funcións de promoción para a consecución da mesma.

A obtención da declaración das “Illas Cíes, Geoparque Mundial de la UNESCO” suporía para o turismo de Vigo e para a FVCB o recoñecemento dun recurso turístico, tanto a nivel nacional como internacional, que sentaría as bases dun novo enfoque na promoción turística da cidade.

VI.- Que o **Concello de Vigo** no seu vixente orzamento, na aplicación presupostaria 4320.480000 prevé unha transferencia Convenio das Illas Cíes , polo importe de 250.000,00€ (dous centos cincuenta mil euros).

A figura do Convenio enmárcase dentro dos instrumentos axeitados de colaboración entre Administracións Públicas para o desenvolvemento de obxectivos de interese común, de conformidade co previsto no Capítulo VI (arts. 47 a 53) da Lei 40/2015, de réxime xurídico do Sector Público. Concretamente o convenio proposto serve como medio de instrumentación dunha transferencia de financiamento prevista no orzamento municipal. Conforme o disposto no artigo 2.2 da Lei xeral de subvencións está excluída do ámbito de aplicación da lei as achegas dinerarias entre diferentes administracións públicas, para financiar globalmente a actividade da Administración á que vaian destinadas e as que se realicen entre os distintos axentes dunha administración cuxos presupostos se



Concello de Vigo

integren nos Presupostos Xerais da Administración á que pertenzan, tanto si se destinan a financiar globalmente a súa actividade como a realización de actuacións concretas a desenvolver no marco das funcións que teñan atribuídas, sempre que non resulten dunha convocatoria pública”.

VII.- Que o **Concello de Vigo** desenvolveu nos últimos anos, o Plan de Competitividade de produto Turístico “Turismo Urbano e de Ría” (PCPT Vigo) e está a desenvolver os Plans de Sostenibilidade Turística relativos aos anos 2022 e 2023, co obxecto, entre outros fins os de aumentar a demanda de visitantes, promover a internacionalización do turismo, aumentar os ingresos e rendabilidade da actividade turística local e a desestacionalización do turismo.

O PCPT Vigo “Turismo urbano e de Ría” desenvolveu un significativo número de programas e produtos turísticos, segmentado e con grande capacidade de comercialización entre os que de xeito destacado se atopan a Ría de Vigo e as Illas Cíes.

As Illas Cíes son o recurso turístico por excelencia da cidade de Vigo, segundo recurso turístico máis visitado de Galicia, polo que precisan da xestión adecuada para a posta en marcha de accións conducentes á difusión da candidatura “Illa Cíes Geoparque Mundial de la UNESCO”, así como aquelas de promoción da mesma.

Mediante Resolución da Alcaldía de data 19 e posterior de data 28 de xuño de 2023 estableceuse o número, denominación e competencias das áreas de goberno e concellería delegadas nas que se estrutura a administración municipal, por Resolución de Alcaldía de data 29 de xuño estableceuse delegar na área de goberno de Política Social e Turismo entre outras a seguinte facultade: Dirección e impulso das candidaturas das Illas Cíes “Geoparque Mundial UNESCO”, así como as relacións coa Fundación Vigo Convention Bureau.

En base ás precedentes consideracións e ao interese turístico da cidade, o Concello de Vigo e a FVCB conveñen formalizar o presente convenio de colaboración durante o ano 2023.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a instrumentalización dunha transferencia de financiamento para a execución do proxecto “ILLAS CIES GEOPARQUE MUNDIAL DE LA UNESCO” durante o ano 2023 (Anexo I) en reunión do padroado de data 10 de outubro de 2023, que certifica a aprobación a aprobación do Anexo I do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU PARA DAR DIFUSIÓN ÁS ACTUACIÓNS DE PROMOCIÓN CONDUCENTES A PRESENTACIÓN DA CANDIDATURA DAS “ILLAS CÍES GEOPARQUE MUNDIAL DE LA UNESCO” DURANTE O ANO 2023.

SEGUNDA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU.

A FVCB, comprométese a colaborar coa CONCELLERÍA , para dar continuidade á difusión das actuacións de promoción conducentes á presentación da candidatura “Illas Cíes Geoparque Mundial de

la UNESCO”, o período establecido para o desenvolvemento das anteditas actividades será o ano 2023, conforme co programa recollido no Anexo I, cuxas liñas de actuación son as seguintes:

- CONCURSO DE BUXO E VÍDEO “XEOPARQUE ILLAS CÍES: O PARAÍSO DE TODOS
- BANNERS-MICROSITES PROMOCIONAIS-CAMPAÑAS PUBLICITARIAS
- LIBRO CÓMIC.
- PROMOCIÓN E CONTIDOS PEDAGÓXICOS
- INSERCIÓNS PUBLICITARIAS
- EXPOSICIÓN DE TRABALLOS
- ACIÓNS DE COMUNICACIÓN, PROMOCIÓN E DIVULGACIÓN DAS ILLAS CÍES
- EDICIÓN DE MATERIAIS DIVULGATIVOS

Así como o desenvolvemento das seguintes actuacións:

- 1.- Levar a cabo as accións de coordinación e seguimento de difusión e marketing para a concienciación e información á cidadanía sobre o proceso da candidatura das “Illas Cíes Geoparque Mundial de la UNESCO”.
- 2.- Xestión e supervisión das accións executadas no Anexo I
- 3.- Elaboración dun clipping de prensa para recadar toda a información publicada en medios escritos e dixitais sobre as Illas Cíes.
- 4.- Colaboración do equipo do proxecto con tódalas accións de promoción definidas dentro do convenio tanto das provenientes de entidades públicas como de entidades privadas.
- 5.- O equipo de traballo, encargarse de informar aos participantes do proxecto sobre o protocolo de actuacións e recomendacións para a correcta xestión e xustificación das accións enmarcadas dentro do proxecto. Internamente executaranse os seguintes traballos:
 - Execución do Plan de traballo establecido no convenio.
 - Xestión económica do proxecto.
 - Solicitude de orzamentos.
 - Elaboración de Memorias de Actuacións e Económicas.
- 6.- Crearase o dominio “Geoparque” para promocionar e difundir a nova candidatura das Illas Cíes como Geoparque Mundial. Renovación dos dominios, seleccionados dende o concello para a promoción e difusión das Illas Cíes .
- 7.- Dinamización nas Redes Sociais, a tal efecto compre a execución dunha estratexia de posicionamento na web e nas redes sociais.
- 8.- Coordinación dos servidores de aloxamento, para a xestión dos servizos a proporcionar a través da web para as distintas accións vinculadas o convenio.



Concello de Vigo

9.- Reestruturarase a páxina web das Illas Cíes, na cal se incluírá a información relativa á candidatura Xeoparque Mundial ademais de toda a información complementaria que se precise.

10.-Comunicar á Concelleira-delegada da área de Turismo calquera modificación que se produza no programa de actividades que conforma o Anexo I, sempre e cando ditas modificacións non supoñan un incremento sobre o importe da transferencia de financiamento previsto neste convenio.

11.-A FVCB deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas e remisión da información e cumprimentación nas plataformas do Ministerio de Facenda por formar parte das Fundacións do grupo Concello de Vigo incluídas no perímetro de consolidación, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da transferencia.

Antes de conceder o pago a FVCB deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social.

TERCEIRA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA

A CONCELLERÍA comprométese a xestionar o pagamento á FVCB, para continuar coa execución e desenvolvemento das accións de difusión e promoción do proxecto de candidatura “Illas Cíes Geoparque Mundial de la UNESCO” durante o ano 2023, polo importe de 250.000,00€ (douscentos cincuenta mil euros).

CUARTA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS ACHEGAS.

Esta transferencia de financiamento será compatible con calquera outra axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais ou outros ingresos conforme o artigo 30 dos Estatutos. No caso de que o custo total da actividade resultase ser menor que o previsto para a execución do proxecto contemplado para a concesión da actividade ou se reducisen na execución da actividade as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma ou se obtiveran outros ingresos, procederá á redución da transferencia na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

QUINTA.- PAGAMENTO DA TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO

O pagamento da cantidade recollida neste convenio efectuarase nun só pago:

- O pago será polo importe de 250.000€ (dous centos cincuenta mil euros) o 100% do importe do convenio, que farase efectivo á sinatura do convenio.

O pagamento realizarase por medio de transferencia bancaria na conta con número de IBAN ES8720805000683040324245 da Entidade Bancaria ABANCA, con cargo a aplicación presupostaria

4320.4800000 Convenio xestión “Illas Cíes Geoparque Mundial de la UNESCO” polo importe total de 250.000,00 € (douscentos cincuenta mil euros)

SÉXTA.- PUBLICIDADE.

A FVCB debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

A información sobre as actividades que se edite en idioma galego terá que ser revisada polo Servizo de Normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurará o logotipo do Concello de Vigo e da FVCB, nas mesmas condicións e tamaños. Todo material editado deberá contar coa conformidade previa da CONCELLERÍA.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN.

1.-A FVCB deberá xustificar o cumprimento da finalidade obxecto para o que se concedeu a transferencia de financiamento. A tal efecto deberá presentar:

a) *Memoria de actuación*, xustificativa do cumprimento das condicións previstas na presente transferencia, con indicación das actividades desenvolvidas durante o ano 2023, deberá presentarse con anterioridade ao 31 de decembro de 2023.

A memoria de actuación deberá conter os datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) *Memoria económica*, xustificativa do custo final das actividades realizadas no ano 2023 deberá presentarse con anterioridade ao 31 de decembro de 2023.

A memoria económica deberá conter un balance económico de gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial, con expresión de acredores, conceptos, importes e datas de emisión, e copias compulsadas das facturas.

A FVCB deberá facilitar toda a información que lle fora requirida pola Concellería de Turismo, pola Intervención do Concello de Vigo, o Tribunal e Consello de Contas e remisión da información e cumprimentación nas plataformas do Ministerio de Facenda por formar parte das Fundacións do grupo Concello de Vigo incluídas no perímetro de consolidación

2.- A FVCB deberá achegar electrónicamente conforme o artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común, as xustificacións, **a través da sede electrónica do Concello de Vigo**, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica.

OITAVA.- CUMPRIMENTO DA FINALIDADE

O cumprimento da finalidade que determinou a concesión da transferencia deberá ser a axeitada á xustificación da mesma, que será comprobados pola CONCELLERÍA, a tal fin o persoal técnico do mesmo emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que



Concello de Vigo

poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade.

A actividade obxecto deste convenio está destinada ó público en xeral, e o acceso á mesma será público aínda que o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar de acordo cos requisitos sanitarios no momento da celebración da actividade.

NOVENA.- VIXENCIA.

O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2023 e non será prorrogábel.

DÉCIMA.- CONTROVERSIAS.

A concelleira delegada de Turismo queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento, así como para propoñer ou autorizar modificacións tanto no programa de actividades que conforman o Anexo I, sempre e cando ditas modificación non supoñan un incremento sobre o importe da transferencia prevista neste convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- RESOLUCIÓN

O Convenio poderá resolverse en virtude das seguintes causas:

1. Pola finalización do período estipulado para a súa vixencia.
2. Por mutuo acordo das partes.
3. Polo incumprimento por algunha das partes de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.

No suposto de extinción do Convenio, as accións específicas concertadas ao abeiro da mesma seguiranse desenvolvendo na forma, condicións e prazos previstos ata o seu total cumprimento.

DÉCIMO SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS.-

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento. Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Turismo. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Turismo do Concello de Vigo.

DÉCIMO TERCEIRO. - JURISDICIÓN COMPETENTE

O presente convenio ten natureza administrativa. Será competencia exclusiva dos órganos do orde xurisdiccional contencioso-administrativo a resolución das controversias e litixios a que dera lugar o cumprimento do presente convenio.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar no lugar e data indicados.

17(944).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE ORGANIZACIÓN DOS DESPRAZAMENTOS A MADRID DA DELEGACIÓN CON MOTIVO DA FEIRA INTERNACIONAL DE TURISMO (FITUR). EXPTE. 8534/104.

Visto o informe xurídico do 10/11/2023 e o informe de fiscalización do 13/11/2023, dáse conta do informe-proposta do 07/11/2023, asinado pola técnicas en actividades turísticas e conformado pola concelleira-delegada de Turismo, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

1)A Concellería de Turismo, de conformidade co artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), sinala que o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local; así mesmo, os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo.

En relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art. 5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

Tendo en conta que o turismo representa o motor económico local, considérase necesario polo Servizo de Turismo, a posta en marcha de accións promocionais turísticas para que Vigo sexa un destino turístico de primeiro orden, tal como prevé a lexislación de réxime local que determina o cumprimento da promoción da actividade turística do municipio de Vigo, o que require a contratación de diversas accións de



Concello de Vigo

promoción coa finalidade de dar a coñecer a cidade de Vigo en Fitur como destino vacacional e aumentar o fluxo de turistas que nos visitan.

Dende o 24 ao 28 de xaneiro de 2024 celebrarase en Madrid a 44ª edición da Feira Internacional de Turismo (FITUR) no recinto feiral de Madrid (IFEMA), punto de encontro global para os profesionais do turismo e a feira lider para os mercados receptivos e emisores de todo o mundo. Este certame reunirá aos principais actores da industria turística. O Concello de Vigo vén asistindo de forma regular a FITUR, a feira turística nacional máis importante do sector turístico que habitualmente ven desenvolvendo no recinto feiral de IFEMA, en Madrid, con obxecto de promocionar os produtos e os recursos turísticos da cidade nos mercados emisores máis relevantes e con maior porcentaxe de visitantes á nosa cidade.

Co obxecto de promocionar os recursos turísticos da cidade de Vigo nos mercados emisores máis relevantes, o Concello de Vigo vén asistindo de forma regular a FITUR, á feira turística mundial máis importante do sector turístico que habitualmente ven desenvolvéndose no recinto feiral de IFEMA, en Madrid. A nosa presenza nesta feira queda materializada nun espazo dentro dun stand promocional, no que se realizará un acto de presentación coa emisión dun vídeo promocional de Vigo onde se recollen diversos aspectos da nosa oferta turística, unha promoción do Vigo gastronómico e unha campaña de promoción en RRSS e reparto de material promocional do presentación, cuxo obxectivo é obter a maior rendibilidade posible nestas accións de promoción e comercialización turística, incidindo especialmente no gran público, os profesionais do sector e os medios de comunicación. Neste contexto enmárcase a presenza da imaxe turística da cidade de Vigo.

Co fin de xestionar a contratación dos servizos aparelados aos desprazamentos das persoas integrantes da delegación para a participación na citada Feira de FITUR considérase necesaria a contratación dun servizo de axencia de viaxes para a xestión da reserva, emisión, modificación, anulación no seu caso e entrega de billetes de transporte aéreo, aloxamento e traslados en Madrid, así como outros servizos que puidesen precisarse para o equipo da delegación que se desprace a Madrid.

Os desprazamentos realizaranse no mes de xaneiro con motivo da celebración da Feira Internacional de Turismo (FITUR) que terá lugar entre o 24 ao 28 de xaneiro de 2024.

2) En data 08/09/23 a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, adopta o seguinte acordo:

20.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXENCIA DE VIAXES PARA A XESTIÓN DE RESERVAS E ORGANIZACIÓN DA VIAXE DOS MEMBROS DA DELEGACIÓN ASISTENTES Á FEIRA INTERNACIONAL DO TURISMO FITUR 2024. EXPTE. 8495/104.

O obxecto do presente contrato é a prestación do servizo de axencia de viaxes para a xestión da reserva, emisión, modificación, anulación no seu caso e entrega de billetes de transporte aéreo, aloxamento e traslados en destino e outros servizos que puidesen precisarse para o equipo da delegación que se desprace a Madrid con motivo da Feira Internacional de Turismo, FITUR 24, que se celebrará en Madrid, no

Recinto Feiral de IFEMA. O contrato prevé tres posibles prorrogas correspondentes os anos 2024-2025, 2025-2026 e 2026-2027.

En data 20/10/23 a XGL declara deserto o procedemento aberto para a contratación do servizo de axencia de viaxes para a xestión de reservas e organización da viaxe dos membros da delegación que se despracen a Madrid co motivo da Feira Internacional de Turismo FITUR 2024.

Na mesma data, se inicia contrato simplificado abreviado polo procedemento de urxencia, debido a data de celebración da presentación promocional en Fitur do 24 ao 28 de xaneiro 2024, no que se recolle:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), previa á resolución de inicio do expediente, foi asinada o 20/10/2023.
- Memoria económica de data 23/10/2023, relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP, en base ós prezos facturados na pasada edición da feira Fitur para o mesmo tipo de servizos nos anos precedentes para levar a cabo o obxecto de presente contrato e facendo un cálculo do custo medio.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Retención de crédito de data 23/10/2023 (operacións nº 187281 e 187282).
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 23/10/2023
- Memoria xustificativa de data 24/10/2023 relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
 - A xustificación do procedemento aberto simplificado abreviado (art. 159.6 da LCSP), Urxente segundo o previsto no artigo 119 da LCSP debido a celebración da presentación promocional do destino Vigo en Fitur que motiva o desprazamento da delegación que asistirá ao evento e que terá lugar en Madrid entre o 24 ao 28 de xaneiro 2024
 - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)



Concello de Vigo

- Xustificación da elección co único criterio de adxudicación do prezo (artigo 146.1 LCSP)
- Lugar de entrega dos bens obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do servizo de contratación de que o expediente reúne toda a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública asinado en data 07/11/2023
- Prego de Cláusulas administrativas particulares asinado polo servizo de contratación de data 07/11/2023

Fundamentos de dereito

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No Concello de Vigo esta competencia esta delegada por Resolucións da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados de área de goberno e nos concelleiros delegados de data 22 de xuño de 2023 e BOP n.º 123 de data 27 de xuño de 2023.

A Concelleira delegada de Turismo mediante resolución de 20/10/2023 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto o tipo de contrato é de servizo (art. 17 LCSP).O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto co un único criterio de adxudicación, baixa proporcional única a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G desta FEC

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 2 e 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP, o criterio de adxudicación (artigo 145 e 146 LCSP), as condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 d Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Noveno.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª . 4 LCSP)

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

PROPOSTA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Primeiro: Aprobar a tramitación de urxencia do expediente de contratación a través de procedemento aberto de PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXENCIA DE VIAXES PARA A XESTIÓN DE RESERVAS E ORGANIZACIÓN DA VIAXE DOS MEMBROS DA DELEGACIÓN QUE SE DESPRACEN A MADRID CON MOTIVO DA FEIRA INTERNACIONAL DE TURISMO, FITUR 2024.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 23/10/2023 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o Contrato, asinado polo servizo de contratación de data 07/11/2023

Tercero: Autorizar o gasto polo importe máximo de licitación de 28.926,99€ con iva, sendo o IVE (tipo 10% e 21%) 2.769,86€.

O contrato financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria 4320.227.9900 “Organización e loxística de Feiras” do programa orzamentario do servizo de Turismo. Co seguinte desglose de anualidades (incluído IVE):

- Ano 2023: 5.785,39€
- Ano 2024: 23.141,60€

Quinto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.



Concello de Vigo

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Expediente de contratación de servizos de asistencia técnica especializada para a análise e valoración de postos de traballo (APT e VPT) con perspectiva de xénero; avaliación de suficiencia dotacional e análise de estruturas organizativas e funcionais do Concello de Vigo. Expte. 43010/220.
- .- Resolución da convocatoria específica para a concesión de subvencións para a organización de eventos deportivos de interese turístico no ano 2023. Expte. 8463/104.
- .- Adxudicación da contratación dos servizos para a realización dos traballos de control de especies exóticas invasoras en terreos públicos do Concello de Vigo (PRTR-NEXTGENERATIONEU). Expte. 16650/306.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

18(945).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE ASISTENCIA TÉCNICA ESPECIALIZADA PARA A ANÁLISE E VALORACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (APT E VPT) CON PERSPECTIVA DE XÉNERO; AVALIACIÓN DE

SUFICIENCIA DOTACIONAL E ANÁLISE DE ESTRUTURAS ORGANIZATIVAS E FUNCIONAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 43010/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización do 15/11/2023, dáse conta do informe-proposta de data 14/11/2023, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada de Recursos Humanos, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES.

1.- Ao abeiro do previsto na Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE (LCSP) asinouse en data 16/10/2023 (trámite 5 do expediente) informe de necesidade e idoneidade e orde de inicio de expediente.

No devandito Informe defínense con precisión as necesidades que pretenden cubrirse mediante o presente contrato para o apoio técnico no cumprimento e realización dos fins institucionais e obrigas legais contempladas na normativa vixente respecto da actividade de estruturación, clasificación e ordenación de recursos humanos nas Administracións Públicas.

Constitúe obxecto do contrato a realización dun estudio analítico, avaliativo, diagnóstico e estratéxico da vixente relación de postos de traballo do Concello de Vigo, dende unha perspectiva de xénero, cunha metodoloxía específica e especializada en materia de recursos humanos no sector público local, que permita tomar coñecemento directo e detallado das áreas de mellora, das posibles disfuncións e das debilidades; realizando a adaptación das titulacións esixidas para o desempeño dos postos de traballo ao Espacio Europeo de Educación Superior (EEES) así como á actual conformación dos sistemas educativos non superiores actualmente existentes, formulando propostas de actuación derivadas da análise citada, e incorporando o correspondente proceso técnico de análise (APT) e valoración (VPT) dos postos de traballo existentes no Concello de Vigo, identificando complementariamente as posibles disfuncións retributivas, organizativas e funcionais que podan concorrer, respecto das cales deberán incorporarse propostas de mellora e/ou reorientación técnica e xurídicamente fundadas.

O estudio deberá pronunciarse respecto da suficiencia, adecuación e eficiencia das estruturas organizativas e funcionais existentes ás competencias municipais que se exercen no Concello de Vigo.

Asemade, deberá dar cumprimento aos obxectivos 3 e 6 do **I Plan de Igualdade do persoal ao servizo do Concello de Vigo**, aprobado polo Pleno da Corporación Municipal en sesión de data 15 de setembro do 2021, e publicado no BOPPO nº 189, do 30 de setembro do 2021, co obxectivo xeral de garantir a ausencia de discriminación, tanto directa como indirecta, nos sistemas de clasificación profesional, e de establecer medidas efectivas para



Concello de Vigo

eliminar calquera discriminación retributiva, directa ou indirecta, por razón de xénero, respectivamente

Igualmente, conformará obxecto do contrato a avaliación da suficiencia dotacional da plantilla municipal, integrada polas prazas do cadro de persoal orzamentario ás cales se atopan asociados os postos de traballo catalogados na relación de postos de traballo, incorporando a comparativa cun mínimo de 10 municipios sometidos ao réxime xurídico e organizativo de grande poboación, en número de habitantes igual ou superior a 250.000, e propoñendo as actuacións que corresponda abordar para a efectiva implementación dos procesos de racionalización e/ou redimensionamento que resulten procedentes, a efectos de acadar niveis óptimos de plantilla e de postos de traballo para a prestación dos servizos públicos coa maior eficiencia e calidade posibles, asociados á consecución de obxectivos de saúde psicosocial óptima por razón das cargas de traballo en relación co número de dotacións e coa estrutura organizativa e funcional.

Os servizos de consultoría e asistencia técnica especializada están expresamente recollidos na lexislación vixente, estando contemplada na LCSP citada como prestación de carácter intelectual (Código CPV 79414000 Servizos de consultoría en xestión de recursos humanos) e non implicando o exercicio de autoridade, ao quedar as funcións técnicas de informe proposta aos órganos competentes, así como de implementación práctica e xestión interna das actuacións que podan derivarse residenciadas no persoal funcionario de carreira asignado á Área de Recursos Humanos e Formación do Concello de Vigo.

Déixase constancia de que foron realizadas actuacións preparatorias do presente contrato maior, que constan tramitadas e debidamente documentadas en expediente electrónico nº 40.869/220.

2.- En base ao referenciado informe que xustifica adecuadamente a necesidade, idoneidade e eficiencia na contratación, no exercicio das competencias atribuídas pola vixente lexislación (Disposición Adicional Segunda, apartado 4 da Lei de Contratos do Sector Público e delegación segundo o acordo da Xunta de Goberno Local de 20/06/2019, pola que corresponde ás concellerías de Área a iniciación do expediente de contratación nas respectivas áreas de competencia) e previa a tramitación administrativa preparatoria mencionada no punto anterior, procedeuse á incoación do expediente electrónico de contratación administrativa co nº 43.010/220.

No expediente inclúese a seguinte documentación:

a).- Informe de data 16/10/2023 xustificativo da necesidade e idoneidade e orde de inicio de expediente e orde de inicio do expediente de contratación administrativa de servizos asinado en mesma data pola Concellería competente en materia de persoal, incorporando a fe pública municipal, coa mesma data de sinatura electrónica 16/10/2023.

b).- Prego de Prescricións Técnicas asinado pola xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación en data 16/10/2023 e correspondente declaración de neutralidade técnica asinada pola redactora do prego técnico, asinada o 08/11/2023.

c).- Memoria económica, xustificando o prezo, o valor estimado do contrato, a forma de pago e a aplicación orzamentaria, asinada pola xefatura da Área de Recursos Humanos e

Formación en data 16/10/2023 e conformada en data 17/10/2023 pola Concellería competente en materia de persoal.

d).- Certificado de crédito RCFUT 185370, anos 2024 e 2025, (número de operación 202300185370, Ref. Intervención 23.23.RCFUT.002690) por importe de 64.994,78 euros asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentación Municipal o 19/10/2023, contemplándose un importe de 45.496,35 euros para o ano 2024 e un importe de 19.498,43 euros para o ano 2025.

e).- Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP, en cumprimento do establecido no artigo 116.4.e) LCSP asinada en data 31/10/2023 pola xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación e conformada en mesma data pola Concellería da Área de Goberno competente en materia de persoal. Detectado erro no apartado A.5 dos Criterios de valoración e xustificación, figura memoria xustificativa asinada en 13/11/2023.

f).- Informe da Área de Contratación e Novos Proxectos, de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola xefatura da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 31/10/2023.

g).- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola xefatura da Área de Contratación e Novos Proxectos P.D. (delegación do 30.10.23) en data 08/11/2023 e, posteriormente tendo en conta a corrección da memoria xustificativa e conforme dilixencia de corrección (trámite 82 do expediente), en 13/11/2023.

II.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

-Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE (LCSP).

-Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017

-Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

-Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)

- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

III.- FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1.- O artigo 116.1 da LCSP establece que a celebración de contratos polas Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo ór-



Concello de Vigo

gano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da Lei.

De conformidade coa Disposición Adicional Segunda, apartado 4 da Lei de Contratos do Sector Público, nos Municipios de Gran Poboación as competencias do órgano de contratación exerceranse pola Xunta de Goberno Local, calquera que sexa o importe do contrato ou a duración do mesmo; correspondendo por delegación segundo o acordo da Xunta de Goberno Local de 20/06/2019, aos concelleiros de Área a iniciación do expediente de contratación na respectiva áreas de competencia.

2.- O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido no artigo 116.2 LCSP e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexen o contrato.

3.- De conformidade co artigo 116 LCSP, o contrato foi iniciado polo órgano de contratación motivando a necesidade segundo o establecido no artigo 28 de referido texto legal.

4.- O expediente xustifica suficientemente a necesidade e idoneidade do contrato segundo o artigo 28 e 116.4.e LCSP; a insuficiencia de medios (artigo 116.4.f LCSP); a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 116.4.c LCSP e artigo 145 LCSP) e condicións especiais de execución; o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran, incluídos os custos laborais (artigo 116.4.d e 101 LCSP); a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 102 LCSP); a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP); as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); a elección do procedemento aberto segundo o establecido no artigo 156 LCSP (artigo 116.4^a LCSP) e a súa tramitación ordinaria.

5.- Consta na memoria económica elaborada pola área funcional xestora do expediente a xustificación dos requisitos establecidos no artigo 7.3 da L.O. 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

6.- De conformidade co establecido na Disposición Adicional Terceira, apartado 8 da LCSP e Disposición Adicional oitava, e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, será preceptivo á previa aprobación do expediente o informe xurídico, que corresponderá nos Municipios acollidos ao réxime de gran poboación regulado no Título X da citada LBRL ao órgano directivo Titular da Asesoría Xurídica Municipal; asimismo, deberá incorporarse o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral Municipal (artigo 116.3 LCSP).

7.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente incorporarse o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Consta no expediente Certificado de crédito RCFUT 185370- anos 2024 e 2025, asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentación Municipal o 19/10/2023; debendo indicar que o informe de fiscalización previa e preceptiva incorporarse pola Intervención Xeral Municipal ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

8.- A aprobación do expediente de contratación, de conformidade coa Disposición Adicional Segunda, apartado 4 da LCSP, corresponde á Xunta de Goberno Local nos municipios sometidos ao réxime de gran poboación, na súa condición de órgano de contratación. En base ao exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da Titularidade de Asesoría Xurídica Municipal e o preceptivo informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local, nos termos e condicións dos mesmos, a adopción do seguinte **ACORDO**:

"Primeiro.- Aprobar o presente expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria, do contrato administrativo de servizos de consultoría e asistencia técnica especializada para a análise e valoración de postos de traballo (APT e VPT) con perspectiva de xénero; avaliación de suficiencia dotacional e análise de estruturas organizativas e funcionais do Concello de Vigo (expediente electrónico nº 43.010/220).

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado pola xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación en data 16/10/2023.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, asinado pola xefatura da Área de Contratación e Novos Proxectos P.D. (delegación do 30.10.23) en data 13/11/2023.

Cuarto.- Autorizar o gasto por un importe de 64.994,78 euros, correspondendo un importe de 53.714,69 euros ao prezo do contrato e un importe de 11.280,09 euros ao IVE (aplicado o tipo impositivo do 21,00 %) segundo o contemplado na memoria económica.

O gasto imputarase o 70% ao orzamento do ano 2024, por unha contía de 45.496,35 euros, e o 30% ao Orzamento do ano 2025, por unha contía de 19.498,43 euros.

En cumprimento do previsto no artigo 174 do TRLRFL, aprobado polo RDL 2/2004, a autorización ou realización dos gastos de carácter plurianual subordinarse ao crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos. De non preverse o gasto comprometido no exercicio orzamentario, deberá producirse un axuste de anualidades.

O expediente, ao amparo do previsto no artigo 117 da LCSP, Lei 9/2017, tramítase como anticipado de gasto.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(946).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS DE INTERESE TURÍSTICO NO ANO 2023. EXPTE. 8463/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.



Concello de Vigo

Visto o informe xurídico do 8/11/2023 e o informe de fiscalización do 16/11/2023, dáse conta do informe-proposta do 07/11/2023, asinado pola técnica de actividades turísticas e conformado pola concelleira-delegada de Turismo, a concelleira da Área de Goberno e a concelleira da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES.

Á vista da proposta de data 21 de xullo de 2023 da Comisión Avaliadora composta pola Concelleira de Turismo e a Técnica do Servizo de Turismo, como órgano instrutor do procedemento, consonte coa cláusula décimo terceira que regula esta convocatoria, esta técnica procede a elevar a proposta á Xunta de Goberno Local en base a análise realizado por dita Comisión de Avaliación.

Establece a cláusula terceira que a cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 90.000,00€ (noventa mil euros) e segundo a cláusula oitava, unha vez valorados os criterios de puntuación de todas as solicitudes, estas ordenaranse de maior a menor a puntuación obtida, outorgándose a subvención en rigorosa orde de prelación, ata esgotar o crédito existente.

Os criterios para a concesión da subvención, de acordo co disposto na cláusula sétima, é a seguinte:

VALORACIÓN DA PROMOCIÓN TURÍSTICA DO EVENTO DEPORTIVO.

As solicitudes valoraranse conforme aos principios de obxectividade, igualdade e non discriminación tendo en conta os seguintes criterios:

1- Capacidade de comercialización do proxecto turístico.

Deberá definir en memoria detalla a duración da campaña de promoción turística. Valorarase con ata un máximo de 10 puntos.

- De 1 a 5 días, ata un máximo de 5 puntos.
 - De 5 a 10 días, ata un máximo de 10 puntos.
- Cando supere os 10 días se valorará con 10 puntos.

2.- Accións de promoción.

Deberá definir en memoria detallada o plan de promoción turística indicando o número de publicacións e os soportes, así como as publicacións que se realizaron. Valorarase con ata un máximo de 25 puntos.

- Promoción online, (Web, Newsletter, App, canal Youtube, etc...). Valorarase ata máximo 10 puntos.
 - Entre 5 e 10 publicacións, valorarase con ata 5 puntos.
 - Entre 11 e 20 publicacións, valorarase con ata 10 puntos.
- Cando supere as 20 publicacións se valorará con 10 puntos.

- Promoción en RRSS (Facebook, Instagram, Twiter, etc...). Valorarase ata un máximo de 5 puntos.
 - Entre 10 e 20 publicacións, valorarase con ata 2,5 puntos.
 - Entre 21 e 30 publicacións, valorarase con ata 5 puntos.
 - Cando supere as 30 publicacións se valorará con 5 puntos.
- Promoción en distintos soportes (comunicación, radio, prensa, revistas, televisión, vallas publicitarias, mobiliario urbano, rótulos, camisetas, etc...). Valorarase con ata 10 puntos.
 - Entre 5 e 10 soportes, valorarase con ata 5 puntos.
 - Entre 11 e 20 soportes, valorarase con ata 10 puntos.
 - Cando supere os 20 soportes se valorará con 10 puntos.

3.-Ámbito da actividade promocional, rexional, autonómico, nacional ou internacional.

Valorarase con ata 10 puntos.

- Rexional, valorarase con ata 2,5 puntos
- Autonómico, valorarase con ata 5 puntos.
- Nacional, valorarase con ata 7,5 puntos.
- Internacional, valorarase con ata 10 puntos.

4.- Antigüidade do evento deportivo de interese turístico.

Valorarase con ata 10 puntos.

- Entre 5 e 10 anos, valorarse con ata un máximo de 5 puntos.
- Entre 11 e 15 anos, valorarase con ata un máximo de 10 puntos.
- Cando supere os 10 anos se valorara con 10 puntos.

O evento deportivo debe ter unha antigüidade mínima de 5 anos.

Para a determinación das contías concretas da subvención dos eventos deportivos de interese turístico, teranse en conta as seguintes porcentaxes:

- Ente 25 e 35 puntos: 50% do custe da actividade subvencionada.
- Entre 36 e 45 puntos: 75% do custe da actividade subvencionada.
- Entre 46 e 50 puntos: 100% do custe da actividade subvencionada.

A subvención máxima por evento non poderá superar os 15.000,00€, ni superar o 100% do custe da actividade subvencionada.

II. VALORACIÓN DAS SOLICITUDES

As entidades solicitantes de subvención son as seguintes:

EXPTE	ENTIDADE/EVENTO
8476	FEDERACIÓN GALEGA DE TENIS // VIGO WOMEN TENIS TOUR
8478	CLUB MINAUTA // XI ENCONTRO PATRÓNS RÍA DE VIGO



Concello de Vigo

8479	ASOCIACIÓN AGUAS ABIERTAS DE GALICIA // X TRIATLÓN DESAFÍO ILLAS CÍES (CAMPEONATO GALLEGO MEDIA DISTANCIA)
8480	CIRCULO CULTURAL MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO // CAMPEONATO GALLEGO ABSOLUTO DE TENIS Y 4ª PRUEBA DEL CIRCUITO GALICIA HEAD TOUR
8481	ESTIBADORES FÚTBOL GAÉLICO VIGO // FINAIS CAMPIONATO IBÉRICO
8482	ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL Y DEPORTIVA OCRA GALICIA // DESAFÍO BOOT CAMP 2023
8483	VIGORIENTA //CITY RACE VIGO EURO TOUR 2023
8484	REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO // 60ª EDICIÓN REGATA RÍAS BAIXAS

Das Comisións avaliadoras reunidas nas datas 21/07/23, 17/10/23 e 20/10/23 se desprende que:

1.- Que os beneficiarios, relacionados a continuación, cumpren os requisitos para acceder ás subvencións tal e como esixe o artigo 21.6 da Lei 9/2007:

ENTIDADE/EVENTO
FEDERACIÓN GALEGA DE TENIS // VIGO WOMEN TENIS TOUR
ASOCIACIÓN AGUAS ABIERTAS DE GALICIA // X TRIATLÓN DESAFÍO ILLAS CÍES (CAMPEONATO GALLEGO MEDIA DISTANCIA)
CIRCULO CULTURAL MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO // CAMPEONATO GALLEGO ABSOLUTO DE TENIS Y 4ª PRUEBA DEL CIRCUITO GALICIA HEAD TOUR
ESTIBADORES FÚTBOL GAÉLICO VIGO // FINAIS CAMPIONATO IBÉRICO
REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO // 60ª EDICIÓN REGATA RÍAS BAIXAS

2.- Desestimar as solicitudes de subvención presentadas polas entidades CLUB MINAUTA e VIGORIENTA dado que a valoración final do proxecto de promoción turística presentada non acadará a puntuación mínima de 25 puntos segundo a base 7.3 das bases reguladoras

3.- O evento “Desafío Boot Camp” queda excluído debido ao incumprimento do disposto na cláusula quinta, que recolle que: “Poderán solicitar e obter estas axudas as asociacións e agrupacións deportivas, e entidades deportivas que teñan personalidade xurídica e desenvolvan o seu evento deportivo na cidade de Vigo e contribúan a promoción turística da cidade, e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria”, xa que consultado o expediente 22593-333 para autorización do desenvolvemento do evento deportivo “Desafío Boot Camp” compróbase que o organizador do evento é “Pepita Tery S.L.”

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

1.- Destinar importe de 57.000,00€ con cargo á partida presupostaria 4320.4800001 “subvencións, eventos e actividade, patrocinios” da Concellería de Turismo, a colaborar no financiamento de eventos deportivos con fines de interese turístico.

2.- Conceder a subvención ás entidades solicitantes, que se relacionan a continuación, polo importe que no seu caso se indica, xa que cumpren os requisitos para acceder ás mesmas tal e como esixe o artigo 21.6 da Lei 9/2007:

ENTIDADE/EVENTO	IMPORTE
FEDERACIÓN GALEGA DE TENIS // VIGO WOMEN TENIS TOUR	10.000,00€
ASOCIACIÓN AGUAS ABIERTAS DE GALICIA / X TRIATLÓN DESAFÍO ILLAS CÍES (CAMPEONATO GALLEGO MEDIA DISTANCIA)	15.000,00€
CIRCULO CULTURAL MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO /CAMPEONATO-GALLEGO ABSOLUTO DE TENIS Y 4a PRUEBA DEL CIRCUITO GALICIA HEAD TOUR	15.000,00€
ESTIBADORES FÚTBOL GAÉLICO VIGO / FINAIS CAMPIONATO IBÉRICO	2.000,00€
REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO // 60ª EDICIÓN REGATA RÍAS BAIXAS	15.000,00€

3.- Desestimar as solicitudes de subvención presentadas polas entidades CLUB MINAUTA e VIGORIENTA dado que a valoración final do proxecto de promoción turística presentada non acadada a puntuación mínima de 25 puntos segundo a base 7.3 das bases reguladoras

4.- Excluir do proceso de adxudicación da subvención, á “Asociación Sociocultural Odra Galicia” con Cif G27868934, xa que segundo consta no expediente 22593-333 do Servizo de Deportes, para autorización do desenvolvemento do evento deportivo “ Desafío Boot Camp” a organizadora do evento é “Pepita Tery S.L.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20 (947).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA A REALIZACIÓN DOS TRABALLOS DE CONTROL DE ESPECIES EXÓTICAS INVASORAS EN TERREOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE VIGO (PRTR-NEXT GENERATIONEU) EXPTE.16650/306.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.



Concello de Vigo

Visto o informe de fiscalización do 10/11/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 9/11/2023, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a realización dos traballos de control de especies exóticas invasoras en terreos públicos do Concello de Vigo (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - Next GenerationEU) (16650-306)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a realización dos traballos de control de especies exóticas invasoras en terreos públicos do Concello de Vigo (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - Next GenerationEU) (16650-306)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 21 de xullo de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación para a prestación do servizo de traballos de control de especies exóticas invasoras en terreos públicos do concello de Vigo obxecto da resolución de axuda de 2/12/2022, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural da CMATV da Xunta de Galicia. Financiado polo PRTR-Next GenerationEU”.

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, redactado polo biólogo colexiado 17.124X, Francisco Javier García Quinteiro, da entidade Novocontorno, S.L., CIF B36892842, asinado dixitalmente en data 19/05/2023.

TERCEIRO.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado dixitalmente pola técnica de Administración Xeral e a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 14/07/2023.

CUARTO.- Autorizar o gasto de 90.537,37 € (IVE 21% engadido), sendo a cota correspondente ó IVE de 15.713,10 €, con cargo a partida orzamentaria de gasto 1721.227.99.13 Control especies exóticas invasoras, proxecto: 23172113.

QUINTO.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación polo procedemento aberto e trámite ordinario conforme ao previsto na LCSP.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 20 de outubro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos para a realización dos traballos de control de especies exóticas invasoras en terreos públicos do Concello de Vigo (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - Next GenerationEU) (16650-306) na seguinte orde descendente:

	Licitador
1	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC-.*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.”*

Mencionar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP “Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente.””.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., o día 23 de outubro de 2023, que presenta a documentación requirida o 3 de novembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 9 de novembro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por maioría dos/as membros presentes coa abstención de D. Xabier Pérez Igrexas, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarse aos



Concello de Vigo

licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 18 de setembro de 2023 e 17 de outubro de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a realización dos traballos de control de especies exóticas invasoras en terreos públicos do Concello de Vigo (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - Next GenerationEU) (16650-306) cun prezo total do contrato de 90.537,37 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 15.713,10 euros e coas seguintes condicións:

A.1. Traballos de control de Arundo donax, Cortaderia selloana e Canna indica									
CONCEPTO Estimación de unidades	Medición		Prezo unitario máximo (Euros)		Prezo unitario ofertado (Euros) (Non pode superar os máximos)		Prezo total (Euros) (Medición x prezo unitario ofertado)		
A.1.1.1. Control <i>Arundo donax</i>	4.169,38	m2	2,12	m2	2,12	m2	8839,09	m2	
A.1.1.2. Control <i>Cortaderia selloana</i>	76,00	und	53,92	und	53,92	und	4097,92	und	
A.1.1.3. Control <i>Canna indica</i>	530,69	m2	4,86	m2	4,86	m2	2579,15	m2	
A.1.2. ACTUACIÓNS DE CONTROL DO REBROTE									
A.1.2.1. Control <i>Arundo donax</i>	4.169,38	m2	0,66	m2	0,66	m2	2751,79	m2	

A.1.2.2. Control <i>Cortaderia selloana</i>	76,00	und	20,52	und	20,52	und	1559,52	und
A.1.2.3. Control <i>Canna indica</i>	530,69	m2	3,22	m2	3,22	m2	1708,82	m2
A.1.3. ACTUACIÓNS DE CUBRICIÓN XEOTÉXTIL BIODEGRADABLE								
A.1.3.1. Actuacións de cubrición con xeotéxtil en superficies con presenza de <i>Arundo donax</i> para evitar o rebrote.	3.000,00	m2	3,90	m2	3,90	m2	11700,00	m2
A.1.3.2. Actuacións de cubrición con xeotéxtil en superficies con presenza de <i>Canna indica</i> para evitar o rebrote.	300,00	m2	3,71	m2	3,71	m2	1113,00	m2
A.2. Traballos de control e entresaca de Acacia melanoxylon								
A.2.1 Actuacións sobre acacia no Monte da Guía.	1.500,00	m2	4,12	m2	4,12	m2	6180,00	m2
A.2.2. Extracción, transporte e descarga dende o monte da Guía á bacía do Lagares	25,00	m3	41,03	m3	41,03	m3	1025,75	m3
A.2.3. Actuacións sobre acacia na bacía do Lagares.	200,00	Und	26,20	und	26,20	und	5240,00	und
A.3. Traballos de estabilización da ribeira na bacía do Río Lagares								
A.3.1. Actuacións de estabilización da ribeira Lagares	61,00	ml	156,11	ml	156,11	ml	9522,71	ml
A.4. Traballos de apeo exemplares secos, corte regular de troncos e empillado no Monte da Guía								
A.4.1. Actuacións apeo de troncos secos, corte en seccións e empillado. Ramas trituradas	15,00	und	179,19	und	179,19	und	2687,85	und
A.5. Traballos de control de <i>Tradescantia fluminensis</i> na contorna da Fervenza de Bouza Fría (Bembrive)								
A.5.1. ACTUACIÓN INICIAL DE ELIMINACIÓN DA ESPECIE								
A.5.1.1. Actuacións de control e erradicación de <i>Tradescantia fluminensis</i>	903,57	m2	6,95	m2	6,95	m2	6279,81	m2
A.5.2. ACTUACIÓN CONTROL DO REBROTE								
A.5.2.1. Actuacións de control e erradicación de <i>Tradescantia fluminensis</i>	903,57	m2	2,49	m2	2,49	m2	2249,89	m2
A.6. Traballos de reparación da baixada graduada con pasos de madeira								



Concello de Vigo

CONCEPTO Estimación de unidades	Medición		Prezo unitario máximo (Euros)		Prezo unitario ofertado (Euros) (Non pode superar ós máximos)		Prezo total (Euros) (Medición x prezo unitario ofertado)	
A.6.1. Actuacións de reparación da madeira e adecuación da baixada/subida na contorna da Bouza Fría. Incluindo varanda de madeira con postes cementados con base en dado de formigón de 0,40 x 0,40 x 0,40 cm ou espichados no solo > 50 cm. Con corda de cáñamo unindo os postes da varanda.	15,00	ml	322,83	ml	322,83	ml	4842,45	ml

B. TRABALLOS DE SINALIZACIÓN

B.1 TRABALLOS DE SINALIZACIÓN								
CONCEPTO Estimación de unidades	Medición		Prezo unitario máximo (Euros)		Prezo unitario ofertado (Euros) (Non pode superar ós máximos)		Prezo total (Euros) (Medición x prezo unitario ofertado)	
B.1.1. Poste de madeira de piñeiro tratado de 145 x 70 x 1.500 mm. Colocación incluída, tanto da información coma o poste.	17,00	und	75,81	und	75,81	und	1288,77	und
B.1.2. Poste de madeira de piñeiro tratado de 145 x 70 x 2.200 mm. Colocación incluída. Colocación incluída, tanto da información coma o poste	3,00	und	89,78	und	89,78	und	269,34	und
B.1.3. Cartel en A3 impreso en dibond laminado brillo antigrafito para a divulgación das accións e a súa financiación	3,00	und	52,06	und	52,06	und	156,18	und
B.1.4. Cartel, deseño impresión e colocación de código qr sobre dibond de 125 x 125 mm de impresión directa laminado brillo con protección antigrafito para a divulgación e sensibilización sobre as accións realizadas.	20,00	und	20,16	und	20,16	und	403,20	und

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez